PROXECTO

ORZAMENTOS 2025

INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

XUNTA DE GALICIA

INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Contido

I. MODELO GALICIA FRONTE Á INCERTEZA CONSOLIDADA. 9

I.1. INTRODUCIÓN. 11

I.2. A NOVA REGRA FISCAL: A SENDA DE GASTO NETO E O SEU IMPACTO NA EVOLUCIÓN DO GASTO EN SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS. 33

II. CONTORNA ECONÓMICA 43

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL 45

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA 47

II.3. ECONOMÍA GALEGA 53

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO 56

III. O ESCENARIO FINANCEIRO. 65

III.1. ENTORNO DE MERCADO. 67

III.2. EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS. 68

III.3. EVOLUCIÓN RECENTE DO ENDEBEDAMENTO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS ESPAÑOLAS. 76

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA. 89

IV.1. INTRODUCIÓN 91

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2025 DO PLAN ESTRATÉXICO 93

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG). 95

IV.4. NEXT GENERATION EU. 120

IV.5. REVISIÓN INTERMEDIA DOS PROGRAMAS FEDER E FSE+ DE GALICIA 120

IV.5.1. ASPECTOS PRINCIPAIS DA REVISIÓN INTERMEDIA 120

IV.5.2. PROCESO E CONSECUENCIAS 122

IV.6. A EXECUCIÓN DO PRTR POLA XUNTA DE GALICIA: O PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. 131

IV.6.1. INTRODUCIÓN 131

IV.7. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 137

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2025 143

V.1. EVOLUCIÓN DAS FONTES DE FINANCIAMENTO. 145
V.1.1. EVOLUCIÓN DOS RECURSOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO. 146
V.1.2. EVOLUCIÓN DO RESTO DE INGRESOS TRIBUTARIOS, DOS INGRESOS PATRIMONIAIS E DO ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS. 150
V.1.3. EVOLUCIÓN DOS FONDOS FINALISTAS E EUROPEOS 151
V.1.4. EVOLUCIÓN GLOBAL DOS INGRESOS. 152

V.2. EVOLUCIÓN DOS GASTOS E DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES. 153
V.2.1. EVOLUCIÓN GLOBAL DO GASTO NON FINANCEIRO. 153
V.2.2. EVOLUCIÓN DO GASTO CORRENTE. 154
V.2.3. EVOLUCIÓN DO AFORRO COMO GARANTE DO INVESTIMENTO. 155
V.2.4. EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO. 158
V.2.5. EVOLUCIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO. 160

V.3. PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO NO ORZAMENTO 2025. 161
V.3.1. EVOLUCIÓN DO GASTO SOCIAL. 161
V.3.2. FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, INVESTIMENTO EN I+D+I E FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES. 163

V.4. GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL. 168

V.5. DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS. 170

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA 175

VI.1. AS NOVAS REGRAS FISCAIS: O PLAN FISCAL ESTRUTURAL A MEDIO PRAZO E A NOVA SENDA DE GASTO NETO PLURIANUAL. 177
VI.1.1. REGRAS FISCAIS 2025 178
VI.1.2. A REGRA DE GASTO 2025 178
VI.1.3. O LÍMITE DE DÉBEDA: A SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA. 180
VI.1.4. A SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA NO CORTO E NO MEDIO PRAZO: LIQUIDEZ E SOLVENCIA FINANCEIRA. 187
VI.1.5. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA. 190

VI.2. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN ORZAMENTARIA. 195
VI.2.1. INGRESOS 195
VI.2.2. GASTOS 197

VI.2.3. EVOLUCIÓN DO GASTO REAL 199
VI.3. TRANSPARENCIA 203

MODELO GALICIA FRONTE Á INCERTEZA CONSOLIDADA.

Informe económico e financieiro

I. MODELO GALICIA FRONTE Á INCERTEZA CONSOLIDADA.

I.1. Introdución.

A economía mundial mantén una senda de crecemento na incerteza, malia os crecementos desiguais e os moitos retos que se manteñen. Os gobernos deberían dar prioridade a iniciativas para asentar o crecemento futuro como o fortalecemento das finanzas públicas e a revitalización das perspectivas de crecemento económico.

A economía mundial e a galega seguen a mostrar unha resistencia notable e o crecemento está a manterse firme perante o retorno da inflación á súa meta. A senda da recuperación comezará con atrancos nas cadeas de subministracións pola rápida reapertura das economías máis desenvolvidas trala pandemia, a guerra iniciada por Rusia en Ucraína, que desencadeou unha crise enerxética e alimentaria mundial, e a considerable escalada da inflación, á que seguiu unha contracción monetaria sincronizada tamén a escala mundial.

Porén, pese ás moitas predicións sombrías, o mundo evitou unha recesión, o sistema bancario demostrou consistencia, esta vez si, encaixando o impacto do cambio abrupto de política monetaria, e as principais economías de mercados emerxentes non sufriron paradas bruscas da entrada de capitais.



Crecemento e inflación. Os prognósticos de crecemento do FMI revisáronse á alza, mentres que a inflación revisouse á baixa e continúa a súa tendencia descendente. Fonte FMI, perspectivas de crecemento mundial.

E máis, a escalada da inflación, pese á súa gravidade e a correspondente crise do custe da vida, non desencadeou espirais descontroladas de prezos e salarios como en episodios pasados, malia isto está a costarlle máis volver a niveis de crecemento de prezos obxectivo ás economías con moito peso do sector servizos. Pola contra, a inflación mundial mingua case coa mesma rapidez coa que aumentou. En termos interanuais, o crecemento mundial tocou fondo a finais de 2022, no 2,3%, pouco despois de que a mediana da inflación xeral tocara máximos, no 9,4%.

Ao abeiro das últimas proxeccións do FMI, o crecemento mundial para 2024 e 2025 manterase estable en torno ao 3,2%, mentres que a mediana da inflación xeral diminuirá dende 2,8% a finais de 2024 ata 2,4% a finais de 2025.

Con todas as cautelas, a maior parte dos indicadores apuntan a unha aterraxe suave. Os mercados reaccionaron de xeito positivo ante a perspectiva de que os bancos centrais abandonaran a contracción monetaria. As condicións financeiras se relaxaron, o prezo das accións repuntou, os fluxos de entrada de capital na maioría das economías de mercados emerxentes, sen incluír China, foron dinámicos, e algúns países de ingreso baixo e economías preemerxentes recuperaron o seu acceso aos mercados.

Las secuelas profundas de la crisis

Las estimaciones de las secuelas profundas se han revisado en su mayoría a la baja, con la excepción de los países de ingreso bajo, que continúan gravemente afectados.

Diferencia entre el nivel proyectado del PIB a finales de 2024 y en el informe WEO de enero de 2020



Fuentes: FMI, *Perspectivas de la economía mundial* (informe WEO), y cálculos del personal técnico del FMI.

IMF

Mellor dato é que as estimacións actuais das eivas económicas da pandemia, a caída proxectada do produto respecto das proxeccións anteriores á pandemia, son menores na maioría dos países e rexións, en especial nas economías de mercados emerxentes, grazas

en parte ao sólido crecemento do emprego. O maior impacto atopámolo nos países en desenvolvemento e ingreso baixo, moitos dos cales aínda teñen dificultades para pasar páxina das crisis da pandemia e do custe da vida.

O mantemento da senda de recuperación e crecemento e a aceleración da desinflación poden explicarse pola favorable evolución da oferta, polo miúdo a disipación dos shocks dos prezos da enerxía e o notable repunte da oferta de man de obra, ao que colaboran os importantes fluxos migratorios en moitas economías avanzadas. As decididas medidas de política monetaria, así como a mellora dos correspondentes marcos, en especial nas economías emerxentes, teñen contribuído á fixación das expectativas de inflación.

Malia esta evolución favorable, seguen a existir numerosos retos que fan preciso adoptar medidas decisivas.

- En primeiro lugar, se ben as tendencias da inflación son alentadoras, aínda non chegamos ao obxectivo. Resulta algo preocupante que as cifras máis recentes de inflación mediana e inflación subxacente resistan. Podería ser algo temporal, pero hai razóns para manterse alerta. A maior parte dos avances en materia de inflación proviñeron da caída dos prezos da enerxía e da inflación de produtos por debaixo do seu promedio histórico. Esta última viuse favorecida pola relaxación nas fricciones das cadeas de subministración, así como pola diminución dos prezos de exportación chineses. Pero a inflación dos servizos mantense elevada nalgúns casos, o que podería complicar a traxectoria de desinflación. Reducir a inflación ata a súas meta segue a ser unha prioridade.
- En segundo lugar, a visión xeral pode esconder as salientables diverxencias entre países. Os extraordinarios resultados recentes de Estados Unidos son abraiantes e un importante pulo para o crecemento mundial; porén, tamén evidencian marcados elementos da demanda, como é unha orientación fiscal que non se axusta á sustentabilidade fiscal a longo prazo. Esta situación aumenta os riscos a curto prazo para o proceso de desinflación, así como os riscos para a estabilidade fiscal e financeira a longo prazo da economía mundial, xa que corre o risco de aumentar os custes de financiamento a escala mundial. Algo terá que mudar.
- Na zona euro, o crecemento mellorará este ano, malia que dende niveis moi baixos, se ben os derradeiros, esperamos, efectos da contracción monetaria e dos altos prezos da enerxía, así como a consolidación fiscal prevista, pesarán sobre a actividade. O elevado crecemento continuado dos salarios e a persistencia da inflación dos servizos poderían retrasar a volta da inflación á meta. Porén, ao contrario que nos Estados Unidos, a evidencia de sobrequecemento é escasa e o Banco Central Europeo tamén terá que graduar detidamente o xiro cara a flexibilización da política monetaria para evitar unha desaceleración excesiva do crecemento da inflación, ata caer baixo a súa meta. Malia que os mercados laborais semellan fortes, esa fortaleza podería resultar ilusoria se as empresas europeas contrataron man de obra en previsión dun repunte da actividade que non chega a materializarse.

- A economía Chinesa sofre as consecuencias dunha desaceleración persistente do seu sector inmobiliario. Os ciclos de auxe e colapso do crédito nunca se resolven axiña de seu, e este non é unha excepción. A demanda interna seguirá apagada durante un tempo, a menos que se corrixa a causa subxacente con medidas e reformas sólidas. Tamén preocupa a dinámica da débeda, polo miúdo se a crise inmobiliaria se transforma nunha crisis das finanzas públicas nacionais.. Coa demanda interna deprimida, os superávits externos poderían aumentar. O risco é que esta situación agrave máis as tensións comercias nun contexto xeopolítico moi tenso xa. Ao tempo, moitas outras grandes economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento están a ter bos, e nalgúns casos incluso se ven favorecidas pola reconfiguración das cadeas mundiais de subministración e o aumento das tensións comerciais entre China e os Estados Unidos. A influenza destes países na economía mundial está a aumentar, e o seu no crecemento mundial será cada vez maior nos próximos anos. Un feito preocupante é a crecente diverxencia entre moitos países en desenvolvemento de ingreso baixo e o resto do mundo. Para estas economías, o crecemento vai á baixa, mentres que a inflación se revisa ao alza. O que aínda é peor, a diferencia de moitas outras rexións, as estimacións das secuelas profundas nos países en desenvolvemento de ingreso baixo, incluídos algúns dos grandes, foron revisadas á alza, o que suxire que os países máis pobres aínda non puideron pasar páxina da crisis da pandemia e do custe da vida. Ademais, os conflitos seguen a dar como resultado a perda de vidas humanas e o aumento da incerteza. Para estes países, investir en reformas estruturais para fomentar os investimentos nacionais e estranxeiras directas que promovan o crecemento, así como fortalecer a mobilización de recursos internos, pode axudar a manexar os custos de endebedamento e reducir as necesidades de financiamento mentres se acaden os obxectivos de desenvolvemento. Tamén deben realizarse esforzos para mellorar o capital humano da numerosa poboación nova coa que contan.
- En terceiro lugar, aínda cando a inflación retroceda, as taxas de interese reais teñen aumentado, e a dinámica da débeda soberana é agora menos favorable, polo miúdo, nos mercados emerxentes altamente endebedados. Os países deberían por a súa atención en repoñer as súas reservas fiscais. A credibilidade das consolidacións fiscais axuda a reducir os custes de financiamento e a mellorar a estabilidade financeira. Isto debería ser unha prioridade nun mundo no que os shocks negativos de oferta son máis frecuentes e se precisan máis recursos fiscais para atender ás necesidades de redes de protección social, adaptación ao cambio climático, transformación dixital, seguridade enerxética e defensa. Porén, isto nunca é doado: as consolidacións fiscais teñen máis posibilidades de ter éxito cando son cribles e cando se implementan en intres nos que a economía está a crecer, e non cando os mercados ditan as condicións. En países onde a inflación está baixo control e que realizan un esforzo plurianual crible para repoñer as reservas fiscais, a política monetaria pode axudar a apoiar a actividade.
- En cuarto lugar, as perspectivas de crecemento a medio prazo seguen a ser historicamente baixas. O principal culpable da desaceleración, é o menor crecemento da pro-

dutividade total dos factores. Isto débese en gran medida a un aumento da asignación deficiente do capital e a man de obra entre sectores e países. Facilitar unha asignación de recursos máis rápida e eficiente pode contribuír a impulsar o crecemento. Gran parte das esperanzas centrase nas melloras concretar que poda acadar a intelixencia artificial (IA) no eido da produtividade a mediano prazo. Pode que o consiga, pero a posibilidade de perturbacións graves nos mercados laborais e financeiros é elevada. Aproveitar o potencial da IA para que os seus beneficios acaden a todos requirirá que os países melloren a súa infraestrutura dixital, invistan en capital humano e coordinen as normativas internacionais para seguir avanzando. As perspectivas de crecemento a mediano prazo tamén se ven danadas pola crecente fragmentación xeoeconómica e o aumento das medidas de política industrial e restrición comercial dende 2019. Como resultado, xa están a mudar os vínculos comerciais mundiais, o que conleva perdas potenciais de eficiencia. Malia que o maior dano o sofren a cooperación internacional e o multilateralísimo.

- Por último, se precisan grandes investimentos a nivel mundial para acadar un futuro verde e resiliente ao cambio climático. Recortar as emisións é compatible co crecemento, como se ten visto en décadas recentes nas que o crecemento pasou a ter unha intensidade de emisións moito menor. Porén, as emisións aínda están a aumentar. Debe facerse moito máis, e debe facerse axiña. Nas economías avanzadas e China, os investimentos verdes crecen a bo ritmo. Recortar os subsidios aos combustibles fósiles pode axudar a crear o preciso marxe de manobra fiscal para novas inversións verdes. Onde debe facerse máis esforzo é nas demais economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento que precisan un enorme incremento do crecemento dos investimentos verdes e reducir as súas inversións en combustibles fósiles. Para elo se necesitarán transferencias de tecnoloxía de outras economías avanzadas e de China, así como considerables fontes de financiamento, provenientes en gran medida do sector privado. Ademais, parte destes fondos terán que ser concesionarios.

Europa e España

As proxeccións do Banco Central Europeo deste setembro baixaban lixeiramente, con respecto ás de xuño, a senda de crecemento do PIB durante todo o horizonte de previsión. Porén, se segue a estimar unha recuperación suave da actividade, impulsada polo paulatino fortalecemento da renda real, a resiliencia dos mercados laborais e a disipación gradual do impacto das anteriores subas dos tipos de xuro. Polo miúdo, se espera que o PIB creza un 0,8% no 2024, acelerándose con posterioridade ata acadar taxas do 1,3% e do 1,5% en 2025 e 2026, respectivamente.

Crecemento do PIB da zona euro. Taxas de variación intertrimestral desestacionalizadas. Azul proxeccións setembro 24, amarelo proxeccións xuño 24. Fonte BCE/Eurostat



Estas mesmas proxeccións mantiñan inalterada a senda de inflación prevista en xuño. En concreto, prevese que a inflación xeral europea se sitúe, en promedio anual, no 2,5% en 2024, para moderarse con posterioridade ata o 2,2% no 2025 e o 1,9% no 2026. Esta evolución sería coherente cun lixeiro aumento das taxas de inflación durante o último trimestre deste ano —que repostaría, principalmente, a efectos base— e coa converxencia cara a taxas preto do obxectivo do 2% nos meses finais de 2025.

Inflación medida por IAPC (índice harmonizado de presos ao consumo) da zona Euro. Taxas de variación interanual. Azul proxección setembro 24, amarelo proxección amarelo 24. Fonte BCE



En España, o Banco de España estima que o ritmo de avance do PIB acadará o 2,8% en 2024, tres décimas por encima da expansión do produto observada no 2023. Para o bienio posterior, o crecemento do PIB se desaceleraría de xeito gradual e se establecería

no 2,2% e no 1,9% no 2025 e 2026, respectivamente. A taxa de desemprego, pola súa banda, manterá unha senda descendente nos próximos anos, ata situarse lixeiramente por baixo do 11% no 2026. Pola banda dos prezos, o Banco de España prevé que a inflación xeral —que no promedio de 2023 foi do 3,4%— baixe ao longo do horizonte de proxección e acade o 2,9% no 2024, o 2,1% no 2025 e o 1,8% no 2026. Esta traxectoria descendente se observaría tamén na inflación subxacente (a que non recolle a enerxía e os alimentos sen elaborar), que pasaría do 4,1% no 2023 ao 2,8%, o 2,2% e o 1,9% no 2024, 2025 e 2026, respectivamente.

España, previsións de crecemento do PIB e contribucións dos principais componentes. Fonte.- Banco de España e INE.



Ao abeiro destas proxeccións, ao longo do período 2024-2026 o crecemento económico estará baseado no dinamismo da demanda interna. En particular, neste período, o consumo privado será o compoñente cunha maior achega ao avance do PIB, froito dunha evolución favorable do emprego, os salarios e a inflación, así como do aumento da poboación e da recuperación paseniña da confianza das familias. Pola súa banda, a formación bruta de capital fixo, os investimentos, que é a rúbrica da demanda que mostra unha recuperación máis retrasada con respecto aos niveis previos á pandemia, tamén contribuirá en maior medida ao crecemento do PIB no referido horizonte de proxección.

A contribución da demanda exterior neta ao crecemento do PIB, que no 2024 será positiva e dunha magnitude semellante á rexistrada no 2023, moderarase no 2025-2026. Desde 2022, a achega ao avance do produto das vendas netas de bens e servizos ao exterior ten sido moi notable. Unha parte significativa da devandita contribución positiva estivo asociada ao elevado dinamismo que amosaron os fluxos turísticos internacionais cara o noso pais, que superaron as previsións máis optimistas presentando unha diversificación xeográfica e estacional crecente. A o longo do horizonte de proxección prevese que estes sigan a mostrar un considerable vigor. Porén, en termos de taxas de crecemento, a súa contribución ao avance do PIB reducirase de xeito gradual.

A recuperación que se proxecta para os mercados exteriores da economía española favorecerá que, tras a caída rexistrada no 2023, as exportacións de bens se incrementen

de xeito gradual ao longo do horizonte de proxección. Respecto ás importacións, se espera que, malia a súa debilidade recente, experimenten unha certa aceleración nos próximos trimestres, en sintonía cun patrón de crecemento no adquiren maior relevancia a formación bruta de capital fixo e as exportacións de bens, que son os compoñentes da demanda final que teñen un contido importador máis elevado. En conxunto, a contribución do sector exterior ao crecemento será de oito décimas en 2024 —o mesmo rexistro que no 2023— e de dous e unha décima en 2025 e 2026, respectivamente

Respecto ao mercado laboral, a creación de emprego prolongarase durante todo o horizonte de proxección, aínda que a un ritmo inferior ao dos últimos trimestres. En particular, prevese que, fronte ao incremento do 1,9% rexistrado no 2023, o emprego aumente un 1,8% no 2024, un 1,7% en 2025 e un 1,1% no 2026 (medido en horas traballadas). A taxa de paro continuará a reducirse de xeito gradual nos vindeiros exercicios pero cunha intensidade máis moderada. Como resultado de todo elo, a taxa de paro da economía española permanecerá aínda preto do 11% no 2026.

Evolución prevista da inflación

A inflación xeral está a descender de xeito apreciable nos últimos meses. A taxa de variación interanual do índice harmonizado de prezos de consumo (IAPC) situase en agosto no 2,4%, 1,4 puntos porcentuais baixo o nivel acadado en maio. Este descenso explícase, principalmente, pola desaceleración experimentada polos prezos da enerxía e dos alimentos, superior á contemplada nas proxeccións do Banco de España do mes de xuño, en concreto no caso dos alimentos, malia un lixeiro repunte no verán. Os prezos enerxéticos moderaron o seu crecemento polo abaratamento dos carburantes e polo descenso do prezo da electricidade rexistrado en xullo.

ESPAÑA.Contribución ao crecemento do IAPC por componentes. Fontes.- Banco de España e INE.



A inflación subxacente situase en agosto no 2,8%, 0,2 puntos porcentuais baixo o seu nivel de maio. A traxectoria da inflación subxacente reflicte a evolución da inflación do compoñente de servizos en gran medida.

O Banco de España espera que a inflación xeral se manteña na contorna dos niveis actuais —hoxe lixeiramente por encima destes— no tramo final deste ano e a comezos de 2025 e retomará a súa senda de desaceleración a partires de entón.

A inflación subxacente seguirá a moderarse ao longo deste ano e, en promedio, situarase na contorna do 2% no bienio 2025-2026. Polo miúdo, tras acadar o 4,1% en promedio no 2023, esta reducirase ata o 2,8% no 2024, o 2,2% no 2025 e o 1,9% no 2026.

Galicia

Por fin chegamos á economía galega, que era preciso contextualizar coas economías da nosa contorna, coas que compartimos fortes lazos comerciais, un contexto incerto importantes retos de futuro, e por tanto patróns de evolución semellantes en moitas magnitudes con unhas previsións de crecemento que derivan do encaixe das anteriores circunstancias económicas na nosa estrutura produtiva.

Esta estrutura económica, e a reacción fronte a os efectos da crise, foron as que están a caracterizar a evolución do PIB nos últimos catro anos, fronte á senda de recuperación nacional destaca unha maior resistencia fronte á crise e una saída menos explosiva pero que mantén un crecemento diferencial constante ao longo do tempo.

GALICIA e ESPAÑA. Evolución do PIB desde a pandemia. Indice 2019=100.



Fonte. Consellería de Facenda a partires de datos INE e IGE.

Se botamos una ollada á composición do crecemento do PIB podemos apreciar diferencias nos compoñentes da demanda que caracterizan esa senda de crecemento, en primeiro lugar máis do 57% da recuperación debese á achega do sector exterior polo

tirón das exportacións, mentres que ao PIB nacional esta achega o 30%. En segundo lugar destaca o forte aporte do consumo público pero tamén con moi diferentes intensidades en torno a un 30% en Galicia e dun 80% para España, pola contra destaca a robustez do consumo privado galego que achega un 20% ao crecemento fonte a un 3,3% nacional que se afunde. De elo da boa mostra que o consumo por habitante en Galicia en termos reais e claramente superior ao nivel pre pandemia, mentres que aínda non superou este nivel en España a finais de 2023.

Se ben, a finais do período observado, podemos apreciar como o aumento dos prezos erosiona a capacidade de compra das familias e ralentiza o consumo privado, capacidade que esperamos se recupere cara a finais deste ano 2024, o cal non quere dicir que non haxa que seguir a apoiar unha recuperación inclusiva do proceso de suba dos prezos que tamén estamos a superar, para que a recuperación do poder adquisitivo chegue a todas as familias.

Achegas ao crecemento do PIB. Crecemento acumulado en PIB trimestral en 2019-2023



Fonte. Consellería de Facenda a partires de datos INE e IGE.

Pola contra, os datos confirman a febleza do investimento, con unha achega negativa ao crecemento do PIB de nove puntos que aínda baixa máis en España ata os 13 puntos. É un dato que non encaixa co tirón da demanda, a mellora da competitividade exterior e o recurso extraordinario dos fondos next generation. Ademais, se analizamos os datos desagregados permiten apreciar unha desaceleración tanto do investimento en vivenda como en bens de equipo.

Dada esta evolución trimestral do investimento, e para evitar un risco de cronificación do déficit en investimento produtivo, urxe contar con novos Orzamentos e urxe unha

aposta da política orzamentaria por recuperar o investimento en vivenda e fomentar a aceleración da adaptación do aparato produtivo ante os desafíos globais e medioambientais.

Estas accións da política fiscal xunto con vindeiros recortes adicionais de tipos de xuro deben facer de factor tractor ao investimento privado. Xunto ás políticas de gasto é preciso apostar por medidas que poñan a disposición máis solo construíble e máis simplificación burocrática como tentan facer os Orzamentos que se presentan.

Seguimos coa nosa senda de crecemento, que se modera para 2025 ao igual que o resto das economías da nosa contorna.

Proxección comparadas de crecemento do PIB. Fonte.- Consellería de Facenda, Banco de España e BCE.



Para o ano 2025 agárdase que o consumo privado acade un maior dinamismo a medida que os prezos se moderen, os salarios aumenten e os xuros baixen, aumentando a capacidade adquisitiva das familias.

O gasto en consumo final das administracións públicas moderará o seu crecemento en 2025, do 3,6% ata o 2,1%. A recuperación da formación bruta de capital tras a crise sanitaria vai moi lentamente. A evolución é lixeiramente ascendente partindo de cifras negativas, co que se prognostica un avance positivo o ano que ven apoiado no investimento público.

No que atinxe ao saldo exterior, seguirá a realizar importantes achegas ao crecemento, as exportacións manterán un vigor considerable no 2025 e seguintes. Porén, as taxas reduciranse gradualmente. A evolución da economía española determinará o comercio exterior de Galicia co resto de España. Nos supostos que se inclúen nestas previsións, estímase un incremento da demanda interna española do 2,1% en 2025.

Para as principais economías da nosa contorna prevese un mellor comportamento en 2025, o que favorecerá o noso comercio fora de España.

En relación ao emprego, prevese un incremento en todo o período proxectado, máis intenso no ano 2024.

As últimas proxeccións de poboación apuntan a un progresivo aumento da poboación en España nos próximos anos debido á chegada de inmigrantes. En Galicia, tamén crecería a poboación, pero en menor medida que no conxunto de España. Como consecuencia desta evolución da poboación, prevese un aumento da poboación activa en Galicia nos vindeiros anos, o que reduciría a taxa de paro ata o 9,1% no 2025 e o 8,5% no 2028, cun aumento da ocupación.

GALICIA. Evolución parados e activos en miles de persoas.



Estes avances, menores que os proxectados para a actividade, favorecerán un incremento da produtividade, cuxo dinamismo foi relativamente modesto durante os últimos trimestres, esta mellora da produtividade é precisa para seguir a crear emprego no futuro.

Máis este bo momento conxuntural dos datos macroeconómicos non é abondo para afrontar os principais desequilibrios e retos que ten que afrontar Galicia. O modelo de crecemento debe diversificar as súas fontes, e preciso reactivar o investimento, que debe respostar ao modelo de crecemento que deseña o Plan Estratéxico de Galicia apostando polo coñecemento e a innovación ao que se debe engadir unha resposta áxil ás necesidades de vivenda e de apoio aos sectores produtivos. É preciso seguir a apostar pola innovación e a súa transferencia ao sector produtivo para xerar produtos de maior valor engadido e máis competitivos. Debemos continuar impulsando a transición verde e

a electrificación da economía a unha velocidade que non xere atrancos na produción nin nos prezos da enerxía, colaborando a unha industria máis sostible e competitiva.

No que atinxe ás necesidades de vivenda o compromiso do goberno de duplicar o parque de vivenda pública, ten o seu reflexo no crecemento explosivo do programa 451B, que crece máis dun 432% respecto da situación anterior á pandemia e un 108% respecto ao ano pasado.



A gráfica seguinte mostra o esforzo orzamentario en investimento en I+D dende o ano anterior á pandemia 2019, permite apreciar como neste tempo o esforzo orzamentario case se duplica medrando un 92%. Este orzamento 2025, ve como o programa do plan galego de investigación desenvolvemento e innovación medra un 6,8% respecto ao anterior, mostra do mantemento do pulso investido nesta área clave para o noso modelo de crecemento.



Ademais para reforzar a captación de talento e para superar o rendemento do programa Oportunius apostase por crear unha entidade instrumental que se dedique a captar bos expedientes en materia de investigación, que permitan dar un salto cualitativo no seus resultados, así mesmo o reforzo no Igape deste programa tenta mellorar a transferencia de innovación no mercado produtivo e implicar máis activamente á empresa na xeración de valor a través do coñecemento e as patentes xeradas en Galicia.

Finalmente, reflectimos o pulo ás políticas de apoio á modernización e diversificación do tecido produtivo rural e mellora da calidade da produción agroalimentaria, que triplican o crecemento medio do orzamento, de competitividade e mellora da produción pesqueira e da acuicultura que crece un 7,8%, de apoio á internacionalización e mellora da competitividade empresarial que medra un 7% ata superar os 180 millóns de euros, de potenciación e promoción do turismo que aumenta un 6,8% ata os 146 millóns de euros que financiaran actuacións a prol dun turismo de calidade que poña en valor todos os lugares da comunidade autónoma e fomente a desestacionalización do turismo. Todos eles gastos vencellados ao investimento público dos Orzamentos 2025.



	741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITI...	712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	713C -713 D SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES e MELLORA DA CALIDADE DA PROD	723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO
2024	168	128	27	62	137
2025	180	138	36	67	146

E para rematar, compre seguir a impulsar a execución dos fondos Next Generatión UE, un volume de recursos extraordinarios equivalente aos fondos de cohesión dun período completo de sete anos, que se deben asignar ás prioridades fixadas por cada Ministerio nas respectivas conferencias sectoriais ata o ano 2026.

GALICIA. Execución acumulada MRR. Convocatorias anunciadas, gasto adxudicado e pagos realizados sobre o total dos 1.500 millóns de euros asignados a Galicia nas diferentes conferencias sectoriais dos Ministerios.



GALICIA. Execución e previsións de execución das operaciones financiadas con MRR.



Esta execución decrecente do MRR a medida que se consumen os fondos asignados, ten o seu impacto tamén nos Orzamentos presentados cuxa estrutura muda se non temos en conta os devanditos fondos extraordinarios.

GALICIA Orzamentos por fonte de financiamento.



Por outra banda os Orzamentos deben seguir a mellorar o financiamento dos servicios públicos autonómicos e a súa modernización e mellora.

En sanidade, proseguen os reforzos e a estabilización do persoal que deben redundar nunha mellor calidade do servizo o que leva o seu capitulo I a superar os 2.394 millóns de euros. Ademais proseguen os investimentos en innovación asistencial con novo equipamento e tratamentos como os medicamentos avanzados CAR-T e o centro de protón terapia. Por último proséguese na modernización e ampliación dos grandes centros hospitalarios da Comunidade autónoma e na rede de centros de primaria.

En política social reforzando os servizos de dependencia e poñendo en servizo novas prazas residenciais, tamén se reservan recursos adicionais para financiar o SAF, así como para novas prazas de atención a discapacitados.

E en educación, consolidando o financiamento da gratuidade da educación universitaria na nosa comunidade, aplicando o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, que medra en 24 millóns de euros e cun Plan de mellora das infraestruturas educativas que tenta que as aulas e os centros de FP conten coa mellor tecnoloxía docente para seguir a mellorar a calidade do noso ensino.

Tamén os Orzamentos aumentan o apoio ás corporacións locais aumentando o financiamento incondicionado do FCL en case 10 millóns de euros, un 6,8% respecto ao ano en curso. Adicionalmente se achegarán fondos a SOGAMA para compensar as perdas que xera a non suba do canon que pagan os concellos adheridos polo tratamento dos

residuos, dedicando 10,1 millóns de euros adicionais que non terán que sufragar as arcas municipais.

Evolución asignación Fondo de Cooperación Local 2015-2025. Millóns de Euros



Principais riscos en torno a estas proxeccións

Os riscos en torno ás anteditas proxeccións de crecemento oriéntanse á baixa polo xeral, agás no caso da evolución dos prezos que se considera equilibrado.

A nivel global, as elevadas tensións xeopolíticas actuais continúan a ser a principal fonte de risco. Entre outras, as asociadas aos conflitos bélicos de Ucraína e Oriente medio, as relacionadas cos últimos resultados electorais de Francia e Alemaña —así como coas próximas eleccións presidenciais nos Estados Unidos— e as vencelladas ás crecentes tensións comerciais que se observan a escala mundial. Tanto unha eventual escalada dos conflitos bélicos en curso como unha maior fragmentación comercial implicarían riscos á baixa sobre a actividade e á alza sobre os prezos.

Por outra banda, a maior incerteza sobre as políticas económicas presentes e futuras que podería derivarse dalgúns procesos electorais presionaría á baixa tanto o crecemento económico como a inflación.

Outra fonte importante de incerteza que afecta ás proxeccións ten que ver cos mercados financeiros internacionais. Nun contexto no que se mantén altas valoracións en numerosos segmentos do mercado, persiste o risco de que se produzan correccións bruscas no prezo dos activos financeiros. A realización deste risco, mediante unha revisións abrupta das expectativas sobre as sendas futuras dos tipos de xuro oficiais nos Estados

Unidos ou na área do euro, ou por un deterioro das perspectivas económicas en China— podería ter un efecto negativo sobre a actividade económica global e, por ende, sobre a inflación. Neste sentido, o episodio de inestabilidade de principios de agosto nos mercados financeiros internacionais, vencellado a unha sorpresa negativa nos datos de emprego nos Estados Unidos e a un aumento inesperado dos tipos de xuro oficiais en Xapón, se ben foi transitorio, puxo de manifesto a considerable sensibilidade que os mercados financeiros e o valor de moitos dos activos cotizados presentan na actualidade perante posibles perturbacións ou cambios nas expectativas macrofinanceiras.

Noutra orde de cousas, segue a existir unha notable incerteza en torno á velocidade coa que o proceso desinflacionario podería evolucionar ao longo do horizonte de proxección, nun contexto no que a inflación subxacente, e en especial a dos servizos, veu amosando unha maior persistencia que a inicialmente prevista. De calquera xeito, compre sinalar que a última información a dispor proporciona un certo alivio perante os riscos á suba que, nos últimos trimestres, caracterizaron a senda prevista de inflación, en especial no caso español.

Inflación Galicia. Índice xeral. Taxa de evolución anual e previsións. Fonte INE, IGE panel FUNCAS.



En todo o eido nacional compre salientar a incerteza sobre a evolución futura do consumo dos fogares e do investimento empresarial, toda vez que estes compoñentes da demanda teñen mostrado un comportamento máis feble do esperado nos últimos trimestres e que, cara ao futuro, se anticipa unha redución paulatina da contribución da demanda exterior neta ao crecemento.

A dinámica futura do consumo e do investimento estará moi condicionada, pola evolución que presente a confianza dos axentes económicos e o nivel de incerteza sobre o escenario macrofinanceiro global e nacional e sobre as políticas económicas, así como polo grao de transmisión e os efectos do endurecemento da política monetaria global en 2022-2023 e da relaxación de esta que comeza a producirse.

Inflación Galicia - España. Índice general. Tasa de evolución anual



Outro factor clave na evolución do investimento empresarial está relacionado co ritmo de execución e o impacto dos proxectos asociados ao programa NGEU, en especial aos proxectos financiados con PERTES, aspectos que tamén determinarán o comportamento futuro da produtividade e dos salarios no noso país.

Para rematar, no eido fiscal as estimacións do Banco de España apuntan a que, para cumprir coas novas regras fiscais europeas, sería preciso implementar no noso país, durante os próximos anos, un axuste orzamentario na contorna de 0,5 pp do PIB ao ano, o recen presentado plan de axuste do Reino de España recolle un axuste de 0,4 puntos de PIB, veremos se a Comisión estima que é abondo para acadar os obxectivos de redución de débeda.

Este axuste fiscal non está incorporado nas proxeccións de ningunha entidade pola nula información do goberno central ao respecto. Porén, a eventual implementación dun programa de axuste estrutural de medio prazo da magnitude sinalada suporía, un menor grao de dinamismo da actividade ao longo do horizonte de proxección que o contemplado no exercicio das previsións do Banco de España, por exemplo.

En calquera caso, o deseño e a execución do antedito plan constituirían unha panca fundamental para reforzar a sostibilidade das contas públicas españolas e a confianza dos axentes económicos da nosa economía. Neste senso, na súa última declaración de política monetaria, o pasado mes de setembro, o BCE destacou que «aplicar de forma plena, transparente e sen demora o marco de gobernanza económica revisado da UE debería axudar aos Gobernos a reducir os déficits orzamentarios e as ratios de débeda de xeito sostido. Os Gobernos deberían dar agora pasos decididos nesa dirección nos seus plans fiscais e estruturais a medio prazo».

O pasado 15 de outubro o Reino de España presentou o seu plan de axuste con pouca información sobre as medidas que implica, e menos sobre a súa deriva ás administración subcentrais, haberá que ver se a Comisión Europea da por válida a senda de gasto que proxecta.

O modelo Galicia

As finanzas galegas tentan apoiar un modelo de crecemento sostible a partires do fomento de sectores produtivos chave e da mellora do benestar dos galegos, para elo partimos dun modelo que maximiza o aumento sostible do gasto dentro das regras fiscais pactadas, que mudan, como acabamos de sinalar, para a vindeira década.

Tentamos manter unha senda estable de gasto que garanta o financiamento dos servizos públicos autonómicos e as políticas de investimento, o cadro seguinte permite apreciar a evolución dos fondos ordinarios do orzamento nos últimos catro anos, que confirma este crecemento estable dos recursos, e que supón que o orzamento conte con 2.342 millóns de euros máis de recursos ordinarios que os que contaba no 2022.



Fonte. Consellería de Facenda. 2024 orzamento axustado.

Crecemento que se fai reducindo o déficit ata eliminalo, culminando un proceso de consolidación sen ningún tipo de axuste, o que permite reducir as ratios de endebedamento, mantendo o esforzo investidor. Todo elo grazas a xeración de aforro corrente ao longo do período, que se converte na principal fonte de financiamento dos investimentos pese á evolución dos fondos finalistas europeos e estatais.



Por último esta evolución sostible das finanzas autonómicas basease nun mix de crecemento estable do gasto e de ingreso público. Impulsando beneficios fiscais que beneficien aos cidadáns sempre que se pode, e mantendo os beneficios acordados, co gallo de manter un sistema tributario autonómico competitivo e progresivo especialmente beneficioso coas rendas medias e baixas e que contribúe a dinamizar a actividade económica.

GALICIA. Evolución da ratio débeda-PIB



Fonte.- Consellería de Facenda, Banco de España

GALICIA-CCAA. Evolución do déficit-necesidades de financiamento en % do PIB.



Fonte.- Ministerio de Facenda, Consellería de Facenda, AIReF

Das gráficas anteriores pódese apreciar que Galicia ten unhas contas equilibradas que lle permiten aproveitar todo o potencial dos aumentos de recadación en apoiar as políticas públicas, xa que xa non temos que investir "en reducir o déficit", ademais polo nivel no que se atopa, para Galicia a débeda non é un problema e vexetativamente evolucionaría ata o nivel obxectivo do 13% do PIB a finais dos vindeiros catro anos.

Todo isto nun contexto no que a administración central e as comunidades que nos rodean deben comezar a reconstruír a súa marxe de manobra fiscal, de xeito gradual e realista, e garantir a sustentabilidade a longo prazo da súa débeda.

Será máis doado reconstruír esa marxe mentres as condicións financeiras sexan relativamente acomodaticias e o mercado laboral se manteña forte; xa que é moito máis difícil facelo cando as condicións desfavorables do mercado obrigan a elo.

Unha consolidación fiscal duradeira tamén permitirá que as taxas de política monetaria baixen máis axiña, o que debería reducir calquera efecto adverso sobre a macroeconomía.

Se ben é preciso mandar estas sinais de consolidación fiscal nacional, isto non debe interpretarse como unha "volta á austeridade". Un xiro demasiado brusco podería ser contraproducente e achegar ás economías á recesión e hai que manter o esforzo investidor dimanante da implementación das transicións verde e dixital así como o que garanta o mantemento dunha senda de crecemento inclusivo. O que fai é unha primeira serie de medidas realistas nese sentido, seguidas de pasos graduais posteriores na mesma dirección.

Por último, non se deben pospor as reformas estruturais, xa que ao potenciar o crecemento futuro, son o mellor xeito de axudar a estabilizar a dinámica da débeda.

I.2. A nova Regra fiscal: a senda de gasto neto e o seu impacto na evolución do gasto en servizos públicos fundamentais.

O 30 de abril do ano 2024 entrou en vigor o novo marco de gobernanza fiscal da UE que ten por obxectivo acadar unhas finanzas públicas sostibles nos distintos Estados membros da UE.

A principal novidade deste novo marco a constitúe a necesidade de aprobar un Plan Fiscal Estrutural a 4 anos por parte dos distintos Estados, cuxo elemento central é o compromiso de fixar unha senda de gasto plurianual, limitándose o crecemento do gasto primario financiado a nivel nacional (gasto primario neto) no dito período. A dita senda debe ser aprobada pola Comisión Europea e, salvo en casos moi excepcionais, non se pode cambiar.

Ata o de agora a administración central non informou de ningún xeito ao resto das AAPP, nin de como se van a aplicar as novas regras fiscais, nin cal foi a traxectoria de referencia que comunicou a Comisión Europea en xuño (outros países si que a fixeron pública), nin como se vai a aplicar a dita senda de gasto, é dicir, se a taxa de crecemento do gasto neto que se fixe vai ser para todas as AAPP igual ou si se vai a aplicar unha taxa diferente en función do tipo de Administración ou en función da clasificación funcional

do gasto, non atendendo o disposto no novo Regulamento da UE relativo á coordinación eficaz das políticas económicas e á supervisión orzamentaria multilateral que dispón expresamente que os Estados membros poderán levar a cabo unha consulta pública cos interlocutores sociais, coas organizacións da sociedade civil e coas autoridades rexionais.

Neste sentido, a Autoridade de Responsabilidade Fiscal (AIReF) fixo varios chamamentos ao Estado recomendando que o novo Plan Fiscal deberíase aprobar coa participación das distintas institucións implicadas.

Nembargantes, a administración central elabora e remite o dito Plan de forma unilateral e sen buscar ningún tipo de consenso e sen facer partícipes aos distintos axentes implicados, tendo en conta que o dito Plan compromete ao Reino de España durante os próximos 4 anos e que non se pode modificar, salvo en casos moi excepcionais.

Ademais, o Estado incumpriu o prazo establecido no novo Regulamento de remisión do Plan Fiscal Estrutural fixado a máis tardar o 20 de setembro, o cal engade aínda máis incerteza na elaboración dos Orzamentos do resto de Administracións públicas.

Como xa se comentou, neste novo marco fiscal a variable operativa de referencia, deixa de ser o déficit, tanto o estrutural como o total, e pasa a ser a senda plurianual de gasto de modo que os Estados durante toda a vixencia do Plan non poden superar o límite de gasto establecido, de xeito que si un ano se chegase a superar o dito exceso terase que compensar nos seguintes.

Pois ben, á vista do documento remitido o pasado 15 de outubro semella que a administración central quere aplicar a mesma taxa de crecemento do gasto para as distintas Administracións, polo menos é o que parece desprenderse da pouca información facilitada ata o de agora. No Consejo de Ministros celebrado o 16 de xullo de 2024 o Goberno do Estado fixou o límite de gasto non financeiro do ano 2025 aplicando unha regra de gasto para o dito ano dun 3,2%, e aseverando que a dita regra era acorde e compatible coa taxa de crecemento do gasto primario neto que se incluirá no Plan Fiscal Estrutural.

Desde a Comunidade Autónoma de Galicia non estamos de acordo con este reparto igualitario da evolución do gasto, fundamentalmente porque non todas as necesidades de gasto evolucionan do mesmo xeito, e tamén porque non todos partimos do mesmo nivel de gasto e déficit, e non semella equitativo que se tome a referencia dun ano para establecer o nivel de partida sobre o cal debe evolucionar o gasto de cara o futuro.

Deste xeito estaríase a prexudicar a aquelas Administracións que foron responsables e que trataron de que as súas finanzas públicas evolucionaran dunha forma sostible, sen recorrer a déficits excesivos e sen incrementar a súa débeda pública de maneira desproporcionada.

Ademais, se se analiza a evolución do gasto público nos últimos anos pode comprobarse como o incremento dos recursos non financeiros obtidos polo conxunto do sector público desde o ano 2009 (primeiro ano de vixencia do novo sistema de financiamento autonómico) foron destinados pola administración central (xa que a Constitución establece que o Estado é o encargado de estabilizar a economía a través da política económica xeral) maioritariamente a financiar as necesidades de gasto da Seguridade Social, priorizando as súas necesidades fronte as necesidades doutras Administracións, esquecendo que o Estado do Benestar, a parte de polas pensións, tamén se integra por outras políticas de como a sanidade, a educación e os servizos sociais.

No seguinte gráfico analízase a evolución do gasto das distintas AAPP desde o ano 2009, concretamente a evolución dos empregos non financeiros primarios, é dicir, descontados os gastos en xuros (e descontando tamén as transferencias entre as propias Administracións), de xeito que mentres neste período o gasto da Seguridade Social se incrementou nun 57,3% o gasto das CCAA e das CCLL creceu moito menos, o fixo nun 25% e nun 21,2% respectivamente.

Gráfica I. Evolución dos empregos non financeiros das AAPP 2009-2023 (índice 2009=100)



Fonte: IGAE

Pero é que ademais o gasto das CCAA e das CCLL creceu tamén menos que o crecemento do gasto da Administración Central, xa que o seu incremento neste período foi dun 31,5% (máis ou menos en liña co crecemento do conxunto das AAPP que foi dun 35,6%) o que supón que a administración central non soamente priorizou o gasto da Seguridade Social senón tamén o seu propio gasto a costa do espazo fiscal das Administracións territoriais.

Por exemplo, nos últimos anos o Estado incrementou nuns 25.000 millóns de euros, de forma permanente (e non de xeito puntual, como por exemplo foron os Fondos Covid), a transferencia que realiza todos os anos a Seguridade Social, pasando duns 15.000 millóns a 40.000 millóns de euros a partir do ano 2020.

Gráfica II. Evolución transferencias Estado á Seguridade Social.



Fonte: IGAE.

Polo tanto, nin semella equitativo o punto de partida nin o punto ao que se quere chegar xa que, como xa se comentou anteriormente, non todas as necesidades de gasto evolucionan igual, polo tanto, o reparto da taxa de crecemento da senda de gasto non pode ser homoxéneo para todos os niveis de Administración pública.

Recentemente a AIReF estimaba para as pensións un crecemento anual medio para o período 2028-2041dun 4,1%, pero é que para o gasto en sanidade estimaba un crecemento lixeiramente superior, concretamente dun 4,2%, e para o gasto en dependencia (gasto en coidados de longa duración) estimaba un crecemento moi superior, dun 6,7%.

Gráfica III. Previsión AIREF evolución gasto 2028-2041



Fonte: AIReF

Estas porcentaxes de crecemento son moi superiores as taxas de crecemento do gasto fixadas polo Estado para o trienio 2025-2027: 3,2%, 3,3% e 3,4% respectivamente.

Polo que a non ser que nas vindeiras décadas se queira ir deteriorando o financiamento dos servizos públicos da sanidade e da dependencia limitando a súa evolución en función da senda de gasto fixada para o conxunto do sector público debería aplicarse taxas diferentes en función da evolución esperada para as distintas necesidades de gasto.

É necesario ter en conta que estamos inmersos nun proceso de envellecemento polo que o número de persoas maiores de 65 anos vai aumentar de forma moi considerable, de modo que mentres no ano 2023 había en España un 18% de persoas maiores de 65 anos no ano 2060 estímase que case o 30% da poboación teña máis de 65 anos, polo que ademais de maiores pensións tamén será necesario dotar de máis recursos os servizos públicos de sanidade e de servizos sociais.

Gráfica IV. España proxección evolución peso persoas maiores de 66 anos



Fonte: Proxección AIReF.

Comparativa coa Unión Europea.

Se nos comparamos co resto de países da UE pode observarse como, con datos do ano 2022, España gasta máis en desemprego, en xuros, en pensións e menos en sanidade, educación, en vivenda e no resto de servizos de protección social.

Gráfica V. Gasto por funcións COFOG-2022 España vs UE. Índice UE=100



Fonte: Eurostat

No seguinte gráfico pode verse o gasto en sanidade en relación ao PIB dos distintos países da UE (máis Noruega e Suiza), España gasta 0,7 décimas menos que a media da UE e 1 punto menos que a zona euro.

Gráfica VI. Gasto en sanidade (% PIB)



Fonte: Eurostat

En canto ao gasto en educación, España gasta o 4,4% do seu PIB mentres a media da zona euro e da UE gastan 2 e 3 décimas máis respectivamente.

Gráfica VII. Gasto en educación (% PIB)



Fonte: Eurostat

En relación aos gastos de protección social (agás pensións e desemprego) o gasto de España está moi por baixo da media da UE e da zona euro, de xeito que mentres na media da UE e da zona euro gastan respectivamente o 4,7 e o 4,8% do seu PIB en España soamente gastamos o 3,5%, é dicir, máis dun punto menos.

Gráfica VIII. Gasto no resto de servizos sociais(% PIB)



Fonte: Eurostat

Por último, en canto ao gasto en vivenda tamén está moi por baixo do gasto realizado pola media da UE e da zona euro, pero o cal se debe en gran medida ao gasto extraordinariamente alto realizado por Italia.

Gráfica IX. Gasto en vivendas (% PIB)



Fonte: Eurostat

Da análise dos principais gastos públicos soamente pode concluírse que a administración central esqueceuse do financiamento dos servizos públicos fundamentais que xes-

tionan as CCAA. Neste sentido, a Comunidade Autónoma de Galicia sempre defendeu que todas as CCAA estamos infrafinanciadas, sobre todo as que temos a poboación máis envellecida.

Polo tanto, a Comunidade Autónoma de Galicia non está de acordo cun reparto igualitario da senda plurianual de gasto xa que non todas as necesidades de gasto evolucionan da mesma maneira.

Neste sentido, propoñemos que o reparto se realice en función da evolución esperada de crecemento para as distintas necesidades de gasto, dotando ás CCAA dun financiamento homoxéneo ao que está a recibir nos últimos anos a Seguridade Social, o cal lle permite que as súas necesidades de gasto se traduzan en gasto público.

Por outra banda, resulta preciso que a administración central non lamine os recursos financeiros afectos ao financiamento das CCAA, xa que nos últimos anos:

- Incumpriu reiteradamente o principio de lealdade institucional, non compensando as medidas adoptadas unilateralmente de rebaixa dos tipos impositivos no IVE ou no Imposto especial sobre a electricidade por mor do incremento dos prezos da enerxía ou da alimentación, cun impacto estimado para os anos 2021-2024 de case 10.000 millóns de euros,
- Tampouco lles compensou no ano 2019 o impacto da implementación do SII (suministro inmediato de información) no IVE, tendo que acudir as CCAA ao Tribunais para que lles desen a razón, aboando o Estado 3 anos despois ás CCAA máis de 3.000 millóns de euros, e case 500 millóns de euros máis para as CCLL polo mesmo motivo,
- Ou axustou o Fondo de Suficiencia Global por mor das subidas dos tipos impositivos do IVE e dos Impostos especiais de fabricación, provocando que a súa cesión efectiva no IVE sexa moito menor dos teóricos 50% e do 58% respectivamente, cun impacto estimado para o ano 2022 de 16.459 millóns de euros.

CONTORNA ECONÓMICA

Informe económico e financieiro

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

A economía mundial mostrou unha forte resistencia ante as continuas crises que se produciron nos últimos anos. A guerra de Ucraína, a suba da inflación, os problemas nas cadeas de subministración e as restricións da política monetaria afectaron de forma globalizada. Malia estes shocks, a economía mundial medrou un 3,5% en 2022 e un 3,2% en 2023, segundo os datos do Fondo Monetario Internacional (FMI).

Nos últimos meses obsérvase un ritmo de crecemento sostido da economía mundial, favorecida pola desaceleración da inflación e polas últimas decisións de política monetaria. Esta fortaleza non é xeneralizada para todos os países.

As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea apuntan a un crecemento robusto da economía mundial nos próximos anos, con taxas no entorno do 3,2% nos anos 2024 e 2025. Non obstante, desde unha perspectiva histórica, serían incrementos inferiores á media histórica.

A traxectoria descendente dos prezos está a permitir aos bancos centrais reducir as restricións na política monetaria. Un menor impacto da inflación e a mellora das condicións financeiras favorecerán o impulso económico.

Entre os factores negativos que afectan ao crecemento mundial pódese destacar as tensións xeopolíticas coas guerras de Ucraína e Oriente Próximo, a lenta desaceleración dos prezos, principalmente nos servizos, así como o posible endurecemento da política fiscal que deberán acometer moitos países ante os elevados niveis de débeda acadados pola pandemia. Ademais, o conflito en Oriente Próximo xa está afectando ao prezo do petróleo e do gas, o que podería frear o descenso da inflación.

Cadro 1. Previsións macroeconómicas

	FMI (xullo 2024)		Comisión Europea (maio 2024)		OCDE (setembro 2024)(1)	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025
PIB Mundial	**3,2**	**3,3**	**3,2**	**3,3**	**3,2**	**3,2**
Área Euro	0,9	1,5	0,8	1,4	0,7	1,3
Francia	0,9	1,3	0,7	1,3	1,1	1,2
Alemaña	0,2	1,3	0,1	1,0	0,1	1,0
Italia	0,7	0,9	0,9	1,1	0,8	1,1
Portugal (2)	1,9	2,3	1,7	1,9	2,1	2,7
España	**2,4**	**2,1**	**2,1**	**1,9**	**2,8**	**2,2**
Reino Unido	0,7	1,5	0,5	1,4	1,1	1,2
Estados Unidos	2,6	1,9	2,4	2,1	2,6	1,6
Xapón	0,7	1,0	0,8	0,8	-0,1	1,4
México	2,2	1,6	2,3	1,9	1,4	1,2
Brasil	2,1	2,4	2,0	2,1	2,9	2,6
China	5,0	4,5	4,8	4,6	4,9	4,5
India	7,0	6,5	7,0	6,9	6,7	6,8

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países.
(2) As previsións do FMI actualizaronse en outubro. A OCDE, na actualización de setembro, non difunde as previsións para Portugal, polo que se consideran as previsións de xuño.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influenza na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da OCDE, ao ser a actualización máis recente.

A economía da área do euro está a mostrar debilidade neste ano 2024. A industria manufactureira continúa lastrando o crecemento económico mentres que os servizos rexistraron un bo comportamento na primeira metade do ano, principalmente o sector turístico; segundo os datos máis recentes do índice de directores de compras (PMI) mantense o vigor do sector servizos pero non hai recuperación na industria manufactureira. A previsión da OCDE é que a economía do euro creza un 0,7% en 2024 e un 1,3% no 2025. Este crecemento basearíase no consumo privado, apoiado no incremento da renda dispoñible real dos fogares, a moderación dos prezos e a relaxación da política monetaria.

A industria alemá segue sufrindo os altos custos da enerxía e unha débil demanda, o que impide o avance económico. Para 2024 prevese unha leve recuperación do consumo e un crecemento do 0,1%. A partir de 2025 todos os organismos prognostican unha volta

á senda de expansión da economía alemá. Pola súa parte, Francia crecerá un 1,1% no 2024 e un 1,2% en 2025; Italia pasaría dun crecemento do 0,8% en 2024 ao 1,1% en 2025. A economía española medrará un, 2,8% en 2024 e 2,2% en 2025, segundo a OCDE.

A suba dos prezos tivo un forte impacto nas economías do euro. Os últimos meses caracterízanse pola moderación, principalmente nos prezos dos alimentos, e a persistencia dos prezos dos servizos. As previsións apuntan a unha lixeira subida a finais do ano 2024 motivada pola compoñente enerxética e unha redución gradual no ano 2025, aínda que existen riscos ao alza, principalmente dos prezos enerxéticos. A OCDE prognostica un incremento dos prezos do 2,4% en 2024, tres puntos menos que o ano anterior, e aproximarse ao obxectivo do Banco Central Europeo en 2025, cunha taxa do 2,1%.

Estados Unidos mostra un sólido crecemento aínda que os últimos indicadores apuntan a un enfriamento do mercado laboral que podería ser un signo de desaceleración da economía. A OCDE prevé que esta economía creza un 2,6% en 2024 e un 1,6% en 2025. Respecto á inflación, baixaría do 3,7% en 2023 ata o 2,4% en 2024 e o 1,8% en 2025.

As previsións da OCDE para Reino Unido apuntan un crecemento sostido nos dous anos, 1,1% en 2024 e 1,2% en 2025. Os prezos aumentaron un 7,3% en 2023, máis que na área do euro e Estados Unidos, e a previsión é que o incremento siga sendo superior, un 2,7% en 2024 e un 2,4% en 2025.

Gráfico 1. Evolución Inflación e previsións



Fonte: OCDE

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

A economía española mantivo un crecemento nos dous últimos anos, con taxas do 6,2% en 2022 e 2,7% en 2023.

No ano 2023 a demanda interna achegou 1,7 puntos porcentuais ao crecemento do PIB e a demanda externa un punto.

O consumo privado medrou un 1,8% en 2023, tres puntos menos que o ano precedente. A suba dos prezos e dos tipos de xuro frearon o consumo dos fogares. O bo comportamento do emprego contribuíu a un menor impacto destes factores adversos.

A lentitude na execución do Plan de recuperación da Unión Europea, o endurecemento das condicións financeiras e a inflación provocaron unha caída no investimento no ano 2023. Ademais, a incerteza sobre a situación xeopolítica reduciu a confianza dos investidores.

O sector exterior contribuíu con 1,0 puntos ao crecemento do PIB en 2023. As vendas de servizos ao exterior impulsaron as exportacións mentres que a debilidade das economías do noso entorno limitou o comercio de bens.

Gráfico II. ESPAÑA. Taxa de variación do PIB e achega dos compoñentes pola vía da demanda. Índices de volume. Referencia 2020. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.



Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2024

Desde o punto de vista da oferta, todos os sectores rexistraron taxas positivas no ano; o sector primario e os servizos mostraron as taxas máis elevadas.

Cadro II. ESPAÑA. Compoñentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume. Referencia 2020
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual

			2023				2024	
	2022	2023	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-20,3	6,5	-4,0	6,1	12,5	12,6	10,2	5,1
Industria	2,5	0,7	2,7	-0,6	-0,7	1,3	1,5	3,7
- Industria manufactureira	6,3	2,1	4,4	0,8	1,0	2,2	2,2	5,2
Construción	9,2	2,1	3,7	3,2	0,0	1,8	3,2	2,5
Servizos	8,5	3,3	4,6	3,1	3,0	2,7	3,2	3,7
Impostos netos sobre os produtos	1,2	0,5	2,4	0,4	0,0	-0,8	-2,9	-2,8
Produto interior bruto a prezos de mercado	**6,2**	**2,7**	**3,9**	**2,4**	**2,2**	**2,3**	**2,5**	**3,1**

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2024

Nos dous primeiros trimestres de 2024 mantívose o crecemento da economía española, cunha taxa do 3,1% no segundo trimestre, superior en seis décimas á do trimestre precedente. Desde a óptica da oferta, o VAB da industria e dos servizos medrou máis que no trimestre precedente, mentres que se moderou o incremento do VAB do sector primario e da construción.

Desde a óptica da demanda, o bo desempeño da economía apoiaríase no consumo, tanto público como privado.

O consumo privado mantén crecementos inferiores aos de finais de 2023. As exportacións mostran unha tendencia ascendente, impulsadas tanto polos servizos turísticos como non turísticos.

Entre os indicadores de demanda, o índice de comercio polo miúdo deflactado rexistrou unha taxa do 2,4% en 2023, mais no que vai de ano 2024 mostra un comportamento máis volátil, cun crecemento do 1,6% nos oito primeiros meses do ano.

A matriculación de turismos tivo un impulso no ano 2023, unha vez emendada a redución de oferta polas disrupcións nas cadeas de subministración, cunha taxa media no ano do 13,7%. No que vai de 2024 mostra un crecemento máis modesto, 6,2%.

As pernoitas en establecementos hoteleiros de residentes en España rexistrou un avance do 1,4% no ano 2023; no que vai de ano estanse a reducir, -0,3% ata agosto. A perda de poder adquisitivo dos fogares xunto coa suba dos prezos hoteleiros reduce o gasto turístico.

O investimento é a compoñente de demanda máis débil nos últimos trimestres. Tanto a inversión en construción como en bens de equipo non recuperaron os niveis previos á pandemia.

A compravenda de vivenda diminuíu no ano 2023 un 10,2%, e continúa en taxas negativas no que vai de ano; a escaseza de vivendas está a encarecer o seu prezo e, xunto co endurecemento nos anos anteriores das condicións financeiras, condiciona o mercado inmobiliario.

Os principais organismos nacionais e internacionais elaboradores de previsións revisan ao alza respecto ao comezo do ano as súas estimacións de crecemento para os anos 2024 e 2025. O crecemento da economía española na primeira metade do ano foi superior ao esperado, o que orixinou unha revisión das previsións para o ano 2024 de tres ou máis décimas.

As últimas previsións apuntan a un crecemento no entorno do 2,8% en 2024 e do 2,2% en 2025.

A gradual relaxación da política monetaria xunto coa moderación dos prezos beneficiará tanto aos fogares como ás empresas.

Prevese unha mellora na capacidade de gasto dos fogares, axudada pola evolución dos salarios, a inflación e o emprego. Ademais, a baixada dos tipos de xuro, principalmente do euribor, que no mes de setembro baixou do 3% por primeira vez desde finais de 2022, reduce as cargas financeiras dos fogares.

Unha mellora das condicións financeiras xunto cunha maior execución dos fondos europeos axudará á recuperación do investimento.

A contribución da demanda externa neta ao crecemento económico será positiva en 2024, intensificada tanto polos servizos turísticos como non turísticos. No ano 2025 as exportacións seguirían aumentando pero en menor medida; a recuperación da inversión aumentaría ás importacións co que minoraría o saldo exterior.

Non obstante, todos os organismos subliñan os riscos á baixa nas previsións de actividade pola tensións xeopolíticas e a incerteza sobre a velocidade coa que se moderarán os prezos.

As últimas previsións internacionais son as da OCDE (setembro), que prevén un crecemento do 2,8% en 2024 e do 2,2% en 2025.

O Banco de España, nas súas proxeccións de setembro, estima un crecemento do 2,8% en 2024, do 2,2% en 2025, e do 1,9% en 2026.

O Goberno tamén ven de actualizar o escenario macroeconómico en setembro para o período 2024 - 2026, estimando un crecemento do 2,7% en 2024, 2,4% en 2025 e 2,2% en 2026.

A estimación de consenso dos organismos privados, difundida en setembro por Funcas, prognostica un incremento do 2,6% en 2024 e do 2,1% en 2025.

No seguinte cadro preséntanse as proxeccións do Banco de España e do Goberno, por ser as máis recentes que dispoñen da desagregación dos compoñentes de demanda para o período 2024 - 2026.

Cadro III. ESPAÑA. Previsións Banco de España e Goberno. Compoñentes do PIB pola vía da demanda

	2024		2025		2026	
	Banco de España	Goberno	Banco de España	Goberno	Banco de España	Goberno
Produto interior bruto	**2,8**	**2,7**	**2,2**	**2,4**	**1,9**	**2,2**
Consumo privado	2,2	2,2	2,1	2,1	1,8	2,0
Consumo público	1,8	1,8	2,0	1,6	1,7	1,6
Formación bruta de capital fixo	2,4	3,3	2,6	5,8	2,4	4,9
Demanda interna[1]	2,0	2,0	2,0	2,7	1,8	2,4
Exportacións de bens e servizos	3,5	4,2	2,7	2,4	3,2	2,3
Importacións de bens e servizos	1,4	2,6	2,5	3,6	3,5	3,1
Demanda externa[1]	0,8	0,7	0,2	-0,3	0,1	-0,2
Produto interior bruto nominal	5,9	5,9	4,4	5,1	3,7	4,7
Deflactor do PIB	3,0	3,1	2,2	2,7	1,8	2,4
Taxa de paro[2]	11,5	11,2	11,0	10,3	10,7	9,7

[1] Achega ao crecemento do PIB en puntos porcentuais

[2] % de poboación activa

Para o ano 2024 as previsións apuntan a un crecemento no entorno do 2,8%. Para os anos seguintes continuaría o crecemento pero cunha redución gradual das taxas; o Banco de España prevé unha taxa do 2,2% en 2025 e do 1,9% en 2026, sendo a demanda interna o principal aporte para esta evolución.

O gasto dos fogares, limitado pola perda de poder adquisitivo nos últimos anos, manterá un incremento no entorno do 2% ao longo do período de proxección, axudado pola moderación dos prezos, o incremento do emprego e dos salarios. Estes factores provocarán un aumento da confianza dos consumidores o que lles axudaría a mudar as súas decisións sobre consumo e aforro.

O consumo público medrará un 1,8% no ano 2024 segundo o Banco de España e o Goberno. As previsións do Banco de España é dun maior incremento en 2025, 2,0% e unha posterior moderación en 2026, 1,7%. As previsións do Goberno apuntan a un menor aumento en 2025, 1,6%, que se manterá no ano seguinte.

A inversión verase favorecida polos fondos asociados ao programa Next Generation EU (deberían ter un forte impulso en 2024 e 2025) e a relaxación da política monetaria coa mellora das condicións financeiras. As previsións do Goberno son máis optimistas que as do Banco de España. O Goberno prevé un forte dinamismo no tres anos, con taxas do 3,3% en 2024, 5,8% en 2025 e 4,9% en 2026. O Banco de España apunta a un crecemento sostido pero de menor magnitude, no ano 2025 rexistraríase a taxa máis alta, 2,6%.

A demanda interna achegaría dous puntos porcentuais ao crecemento do PIB no ano 2024 segundo os dous organismos. Esta achega manteríase no ano 2025 segundo o Banco de España mentres que o Goberno estima unha achega de 2,7 puntos porcentuais. En liña coa moderación no crecemento dos compoñentes no ano 2026, a achega da demanda interna sería de 1,8 puntos porcentuais segundo o Banco de España e 2,4 puntos porcentuais segundo o Goberno.

A situación económica mundial, en particular, a dos principais socios comerciais de España, determinará a evolución do comercio exterior. A debilidade das economías do euro, principalmente Alemaña, non favorece o comercio exterior no ano 2024; para o ano 2025 os prognósticos sinalan unha melloría nas economías europeas que beneficiaría á economía española. O gasto dos non residentes está a ter unha contribución positiva ao crecemento do PIB nos últimos anos e a previsión é que se manteña o vigor dos fluxos turísticos mais o impacto económico reducirase gradualmente. A achega da demanda externa será positiva en 2024, entre 0,7 e 0,8 puntos porcentuais, e diminuirá nos anos seguintes. O Banco de España prevé unha achega reducida pero positiva nos anos 2025 e 2026, 0,2 e 0,1 puntos porcentuais respectivamente. O Goberno prognostica unha contribución negativa nos dous anos, -0,3 puntos en 2025 e -0,2 puntos porcentuais en 2026.

As afiliacións á Seguridade Social medraron nos nove primeiros meses do ano un 2,5%, mais obsérvase unha desaceleración no ritmo de crecemento. A taxa de paro situouse no 11,3% no segundo trimestre de 2024.

A previsión para o 2024, segundo o Banco de España, é dunha taxa do 11,5%, sete décimas inferior á do ano 2023. O aumento da poboación activa xunto cunha ralentización na creación de emprego provocarán unha redución de cinco décimas na taxa de paro en 2025, ata o 11,0%, e de tres décimas en 2026, 10,7%.

As previsións do Goberno son máis optimistas, chegando a unha taxa de paro en 2026 do 9,7%, un punto inferior á estimación do Banco de España.

Respecto á inflación, os últimos meses obsérvase unha moderación no crecemento dos prezos, sobre todo dos alimentos e da enerxía. O dato avance de setembro apunta a un incremento del 1,5%, a taxa máis baixa desde comezos de 2021. Desde xuño de 2023 non se rexistraba un crecemento interanual inferior ao 2%. Porén, a redución da inflación

subxacente é máis lenta, os prezos dos servizos seguen crecendo no entorno do 3,5%, principalmente polos produtos relacionados co ocio.

As previsións do Banco de España sinalan unha desaceleración progresiva dos prezos, 2,9% en 2024, 2,1% en 2025 e 1,8% en 2026.

Gráfico III. ESPAÑA. Inflación. Banco de España



Fonte: Banco de España

A actual escalada bélica en Oriente Próximo é un risco ao alza para a inflación; unha subida do prezo do petróleo e do gas frearía a moderación dos prezos.

II.3. ECONOMÍA GALEGA

A economía galega está a mostrar unha forte resiliencia nos últimos anos. No ano 2023 medrou un 1,8% e na primeira metade de 2024 acelerouse o ritmo de expansión da actividade segundo as contas económicas trimestrais do IGE.

Cadro IV. GALICIA. Compoñentes do PIB polo vía da demanda. Índices de volume. Referencia 2015
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual

			2023				2024	
	2022	2023	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,1	1,1	0,2	1,3	1,9	1,1	1,1	0,1
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	4,5	0,5	0,3	0,6	0,7	0,3	0,1	-0,9
-Gasto en consumo final das AAPP	-4,1	3,0	-0,1	3,4	5,1	3,6	4,2	3,0
Formación bruta de capital	0,7	-0,7	0,4	-0,8	-2,2	-0,2	-0,8	-0,2
Demanda interna (en termos nacionais)[1]	1,8	0,8	0,2	0,9	1,1	0,9	0,8	0,1
Exportacións de bens e servizos	0,4	1,5	6,1	1,2	-3,2	2,0	0,5	6,0
Importacións de bens e servizos	-3,8	-0,3	1,1	0,3	-3,0	0,5	-1,7	2,1
Demanda externa (en termos nacionais)[1]	2,3	1,0	2,9	0,6	-0,2	0,9	1,2	2,4
Produto interior bruto a prezos de mercado	**4,1**	**1,8**	**3,2**	**1,5**	**0,9**	**1,8**	**2,0**	**2,5**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019
[1] Achega ao crecemento do PIB

Desde a óptica da demanda, no ano 2023 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 0,8 puntos porcentuais. O sector exterior achegou 1,0 puntos ao crecemento do PIB.

O consumo privado medrou un 0,5% no ano 2023. O elevado nivel dos prezos e a suba dos tipos de xuro afectan a renda dos fogares e provocan un menor incremento do consumo que no ano precedente.

O lento avance na recepción dos fondos, a suba dos custos e as restricións financeiras condicionan as iniciativas empresariais en Galicia. No conxunto do ano 2023 o investimento reduciuse un 0,7%.

Pola súa banda, o sector exterior achegou, no ano 2023, 1,0 puntos porcentuais ao crecemento do PIB.

Nos datos do primeiro semestre de 2024 a fortaleza do consumo público permite unha achega positiva da demanda interna.

O consumo privado vese afectado pola suba dos prezos; a perda de poder adquisitivo, e unha poboación moi envellecida condicionan o avance do gasto dos fogares.

Respecto aos principais indicadores conxunturais de consumo, nos oito primeiros meses do ano o índice de comercio polo miúdo indica que as vendas están a crecer un 3,4% en Galicia. A matriculación de turismos aumenta un 11,4%.

En relación co comercio exterior, as exportacións galegas fóra de España creceron nos sete primeiros meses do ano en termos nominais un 3,9%; pola súa parte, as im-

portacións medraron un 1,0%. O sector do automóbil determina o comportamento do comercio fóra de España.

Cadro V. GALICIA. Compoñentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume. Referencia 2015
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual

			2023				2024	
	2022	2023	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	0,3	-0,9	1,1	2,0	-0,8	-5,8	-4,4	-2,0
Industria	-1,5	2,5	6,9	1,3	-1,8	3,7	3,5	4,1
- Industria manufactureira	-0,2	1,7	2,2	1,3	-0,2	3,3	0,9	-1,3
Construción	-1,0	0,8	2,4	0,8	-0,8	0,8	1,2	3,0
Servizos	6,3	2,3	2,8	1,8	2,0	2,3	2,1	2,4
- Comercio, transporte e hostalería	17,3	4,3	7,0	3,2	3,6	3,4	2,1	3,4
- Información e comunicacións	11,8	-1,0	-4,1	-1,2	-0,8	2,1	9,8	7,9
- Actividades financeiras e de seguros	-0,9	0,5	1,0	1,4	1,4	-1,7	1,9	0,8
- Actividades inmobiliarias	1,0	1,4	1,1	1,3	1,5	1,6	1,2	0,8
- Actividades profesionais	3,0	2,3	1,1	1,9	3,3	3,0	3,1	3,2
- Administración pública, sanidade e educación	0,3	0,7	0,3	0,5	0,8	0,9	2,1	2,3
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,9	4,0	5,5	4,6	0,6	5,3	-0,6	-2,5
Impostos netos sobre os produtos	3,5	-0,5	-0,1	-0,7	-0,6	-0,7	1,0	1,4
Produto interior bruto a prezos de mercado	**4,1**	**1,8**	**3,2**	**1,5**	**0,9**	**1,8**	**2,0**	**2,5**

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Dende a perspectiva da oferta, o comercio, transporte e hostalería e a industria son os sectores que máis contribúen ao crecemento do PIB durante o ano 2023, con crecementos interanuais do 4,3% e 2,5% respectivamente.

En senso contrario, o sector primario e o sector de información e comunicación reduciron a súa actividade en 2023, -0,9% e -1,0% respectivamente.

O principal indicador conxuntural sobre o sector industrial, o Índice de produción industrial (IPI), reflicte un incremento da actividade no ano 2023 do 0,8%. As actividades que máis repercuten neste aumento son a produción de enerxía eléctrica, cunha taxa do 10,5%, e o automóbil, que crece un 11,7%. En senso contrario, a industria da madeira, a fabricación de produtos metálicos e a metalurxia son as actividades con peor comportamento en 2023.

Nos dous primeiros trimestres de 2024 o VEB da industria rexistrou taxas positivas, grazas ao sector enerxético. A industria manufactureira está a ter un comportamento máis heteroxéneo.

O IPI sinala que a produción industrial está a medrar un 1,9% nos oito primeiros meses do ano. A produción de enerxía eléctrica é a rama que máis inflúe neste crecemento. En senso contrario, a fabricación de automóbiles enfronta unha situación complicada ante o lento despegue do coche eléctrico e a competencia do mercado chino, así como a atonía da demanda en países como Francia e Alemaña.

O sector servizos rexistrou crecementos nos dous trimestres do ano. O principal indicador conxuntural, o indicador de actividade do sector servizos (IASS) rexistra (nos sete primeiros meses do ano) un incremento do 2,3% en Galicia. A venda e reparación de vehículos e o comercio polo miúdo son os sectores que máis repercuten neste crecemento.

O dinamismo da actividade tamén se reflicte no emprego. Nos nove primeiros meses do ano as afiliacións crecen un 1,6%. Segundo a EPA, no segundo trimestre a ocupación creceu un 0,3% e a taxa de paro situouse no 9,5%, taxa 1,8 puntos inferior á de España.

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Ley Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF.

Seguindo o consello de boas prácticas realizado pola AIReF no Informe sobre las previsiones macroeconómicas del presupuesto para 2024 de la Comunidad Autónoma de Galicia (Informe 45/23) amplíase o horizonte de previsión a un período de cinco anos, 2024-2028.

O escenario macroeconómico o curto prazo (dous anos) para Galicia elabórase cun modelo de estimación dos agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo (ver Anexo). Parte dunhas hipóteses básicas para as que se tivo en conta o escenario comentado anteriormente para España no apartado de economía española, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo. Na seguinte táboa móstranse os devanditos supostos.

Cadro VI. Hipóteses básicas do escenario
Taxas de variación interanual en % salvo indicación en contrario

	2024	2025	Fonte
Poboación en idade de traballar	0,6	0,6	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	3,6	2,1	Elaboracion propia
Demanda interna España	2,0	2,1	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	0,3	1,1	Elaboracion propia
Demanda interna Alemaña	0,5	1,0	Elaboracion propia
Demanda interna Italia	0,5	0,7	Elaboracion propia
Demanda interna Portugal	2,1	2,5	Elaboracion propia
Demanda interna Bélxica	1,7	1,6	Elaboracion propia
Demanda interna Países Baixos	1,2	1,8	Elaboracion propia
Demanda interna Reino Unido	1,0	1,4	Elaboracion propia
Demanda interna Estados Unidos	3,0	1,8	Elaboracion propia
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	3,2	2,0	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,09	1,11	Banco de España (setembro 2024)
Prezo petróleo "Brent" (nivel)	82,6	74,9	Banco de España (setembro 2024)

Para a previsión a medio prazo séguese a metodoloxía da Comisión Europea para o cálculo do output gap (EUCAM)1. Seguindo a devandita metodoloxía, considéranse as previsións a curto prazo (dous anos) e imponse a condición de que o output gap se peche no horizonte da proxección.

O escenario macroeconómico que acompaña aos Orzamentos de 2025 prevé un crecemento sostido da economía galega nos cinco anos proxectados.

Este escenario, como ven ocorrendo nos últimos anos, está suxeito a incerteza ante a evolución da actividade global, a lenta diminución da inflación e o impacto da desaparición gradual do endurecemento da política monetaria.

O crecemento en 2024 fundaméntase na demanda externa, cunha achega de 1,5 puntos porcentuais, cun maior dinamismo das exportacións e importacións respecto ao ano anterior. A demanda interna achegará 0,8 puntos porcentuais, apoiado no consumo público. Para os anos seguintes, as previsións sinalan un maior impulso da demanda interna.

1 Blondeau, F., Planas, C. and A. Rossi (2021), Output Gap Estimation using the European Union's Commonly Agreed Methodology, ECFIN Discussion Paper 148.

O consumo privado incrementouse un 0,5% no ano 2023, unha taxa modesta inducida pola subida dos prezos. Os fogares tiveron que modificar os seus hábitos de consumo ante o encarecemento dos principais bens. Ademais, a subida dos salarios foi inferior á dos prezos coa consecuente perda de poder adquisitivo. A suba dos tipos de xuro incrementou o gasto dos fogares destinado a pagar os seus préstamos, reducindo a capacidade de gasto. Estas dificultades prexudican o consumo no ano 2024 malia a unha menor inflación, polo que se prognostica una redución do gasto dos fogares neste ano e unha evolución positiva nos anos posteriores, unha vez se recupere poder adquisitivo coa estabilización dos prezos e crecemento dos salarios.

O gasto en consumo final das administracións públicas será un dos principais sustentos do avance do PIB en 2024 e moderará o seu crecemento en 2025, do 3,6% ata o 2,1%.

A recuperación da formación bruta de capital mellorará ao longo deste exercicio, cun avance positivo na segunda metade do ano.

Para os años seguintes, prevese que unha execución máis áxil dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsen o crecemento da inversión en Galicia, principalmente en 2025 e 2026. A mellora das condicións financeiras tamén facilitará o impulso inversor.

Utilizando o modelo QUEST2 da Comisión Europea obtense que estes fondos terán un impacto de 0,5 puntos porcentuais en 2024 e 0,7 puntos porcentuais en 2025 e 2026. O impacto en 2027 sería de 0,6 puntos, e aumentaría a 0,7 puntos no ano seguinte. Estes valores poderían considerarse como un mínimo pois habería que engadir o efecto desbordamento pola implementación do Plan no resto de España e nos demais países europeos.

A achega da demanda externa neta será positiva en todos os anos proxectados. A maior contribución ao crecemento do PIB prevese no ano 2024, 1,5 puntos porcentuais, por un maior crecemento tanto das exportacións (4,9%) como das importacións (2,6%). As exportacións manterán un vigor considerable nos anos seguintes.

A evolución da economía española determinará o comercio exterior de Galicia co resto de España. Nos supostos que se inclúen nestas previsións, estímase un incremento da demanda interna española do 2,0% en 2024 e do 2,1% en 2025.

Para as principais economías do noso entorno prevese un mellor comportamento en 2025, o que favorecerá o noso comercio fóra de España.

2 Ratto M, W. Roeger and J. in 't Veld (2009) , "QUEST III: An Estimated Open-Economy DSGE Model of the Euro Area with Fiscal and Monetary Policy", Economic Modelling, 26 (2009), pp. 222-233.

Cadro VII. GALICIA. Escenario macroeconómico
Variación anual en %

	2023	2024	2025	2026	2027	2028
Gasto en consumo final	1,1	0,9	1,3	1,3	1,2	1,1
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	0,5	-0,1	0,9	1,1	1,0	0,8
- Gasto en consumo final das AAPP	3,0	3,6	2,1	1,8	1,8	1,9
Formación bruta de capital	-0,7	0,7	2,5	2,7	2,1	1,7
Demanda interna[1]	0,8	0,8	1,4	1,4	1,2	1,1
Exportacións de bens e servizos	1,5	4,9	4,3	3,6	3,3	2,9
Importacións de bens e servizos	-0,3	2,6	3,5	3,3	2,9	2,3
Saldo exterior[1]	1,0	1,5	0,7	0,5	0,5	0,6
Produto interior bruto (PIB)	1,8	2,3	2,1	1,9	1,7	1,7
Produto interior bruto nominal	7,2	5,2	4,4	3,9	3,6	3,5
Deflactor do PIB	5,3	2,8	2,2	2,0	1,8	1,8
CT[2]. PTETC[3]	2,0	1,6	0,7	0,6	0,5	0,4
CT[2]. Persoas	2,0	1,3	0,9	0,6	0,5	0,4
Taxa de paro[4]	9,7	9,4	9,1	8,9	8,7	8,5

[1] Achega ao crecemento do PIB en puntos porcentuais

[2] Contas económicas trimestrais

[3] Postos de traballo equivalentes a tempo completo

[4] % de poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 3 outubro 2024

En relación ao emprego, prevese un incremento en todo o período proxectado, máis intenso no ano 2024.

As últimas proxeccións de poboación apuntan a un progresivo aumento da poboación en España nos próximos anos debido á chegada de inmigrantes. En Galicia, tamén crecería a poboación, pero en menor medida que no conxunto de España. Como consecuencia desta evolución da poboación, prevese un aumento da poboación activa en Galicia nos próximos años, o que, cun incremento da ocupación, reduciría a taxa de paro ata o 8,5% en 2028.

A evolución conxunta da actividade e do emprego implicaría un incremento da produtividade laboral en todo o período proxectado. O crecemento da produtividade por hora efectiva acadaría taxas superiores ao 2% ao final do período proxectado.

Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE del Consejo, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

O método utilizado para a elaboración do escenario macroeconómico é un modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo. É un modelo de periodicidade trimestral que pretende simular a evolución dos agregados macroeconómicos nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional e integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflactor del PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; exportacións e importacións.

As exportacións trátanse de forma distinta que as importacións. Nas exportacións distínguese entre as exportacións ao resto de España e as exportacións ao resto do mundo, mentres que as importacións se consideran nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas do escenario realízanse mediante modelos de ecuacións a curto e largo prazo que incorporan relacións de cointegración en modelos de corrección do erro. O principio deste modelo é que existe unha relación de equilibrio a largo prazo entre as variables económicas e que no curto prazo pode haber desequilibrios, que son corrixidos gradualmente a través de axustes parciais polo termo do erro.

Distínguense, polo tanto, dúas ecuacións de comportamento asociadas: unha ecuación a largo prazo, que explica a evolución tendencial da variable e unha ecuación a curto prazo, que explica a dinámica transitoria de tipo estacionario.

Cada ecuación estímase en dúas etapas. Primeiro estímanse os parámetros da ecuación a largo prazo e unha vez obtida a especificación máis adecuada no largo prazo, defínese o mecanismo de corrección do erro como os residuos da ecuación. Na segunda etapa os residuos trátanse como unha variable explicativa mais e procédese á procura de especificación e estimación dos parámetros da ecuación a curto prazo.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflactor de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega obtidos a partir das opera-

cións estatísticas elaboradas polo IGE ou das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Esta información é obxecto de diversas transformacións ata chegar aos datos empregados no modelo. Este tratamento inclúe operacións diversas, como deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, etc.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables esóxenas ao modelo. Estes baséanse nas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais na súas últimas previsións. Para as variables nas que Galicia presenta un comportamento propio, distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos específicos para Galicia.

Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóraos o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países elaboráronse a partir das previsións máis recentes publicadas por cada país.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses elabóraas o IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a largo prazo derívase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

Deflactor do PIB

A ecuación que describe o deflactor do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflactor de exportacións ao resto de España

O deflactor de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflactor do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflactor de exportacións ao resto do mundo

O deflactor de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflactor de importacións

O deflactor de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marxinal do traballo a prezos correntes.

Previsión a medio prazo

Para a previsión a medio prazo séguese a metodoloxía da Comisión Europea para o cálculo do output gap (EUCAM). Considéranse as previsións a curto prazo e imponse a condición de que o output gap se peche no horizonte da proxección, co que se obtén a previsión de crecemento do PIB.

Unha vez dispoñible o PIB, empréganse distintas técnicas econométricas (modelos de vectores autorregresivos, modelos de vectores autorregresivos bayesianos, estimación lineal) para estimar os agregados de demanda. En función dos resultados obtidos, unha vez agregados e conciliados co PIB, selecciónase a previsión que se considere más factible e realista.

O ESCENARIO FINANCEIRO.

III. O ESCENARIO FINANCEIRO.

III.1. ENTORNO DE MERCADO.

Tras un período prolongado de subidas de tipos iniciado en xullo de 2022, nos últimos meses as autoridades monetarias comezaron a axustar as súas políticas cara a unha dirección menos restritiva, nun primeiro momento con pausas nas subidas de tipos de xuro e máis recentemente con algunhas reducións.

No caso do Banco Central Europeo (BCE), este xiro na política monetaria estivo provocado fundamentalmente por dúas razóns:

En primeiro lugar, a inflación, que foi o principal motor das subidas anteriores, comezou a mostrar signos claros de moderación, especialmente nos prezos da enerxía e dos alimentos. Neste sentido, o BCE espera que a inflación se reduza gradualmente ata alcanzar o obxectivo do 2%, cunha proxección para a eurozona do 2,5% en 2024, 2,2% para 2025 e do 1,9% para 2026. En relación coa inflación subxacente, a proxección é do 2,9 % en 2024, 2,3 % en 2025 e o 2,0 % en 2026, tras a recente revisión lixeiramente á alza como consecuencia do dato de inflación dos servizos, que foi máis alto do previsto.

E en segundo lugar, a desaceleración económica na eurozona, con taxas de crecemento máis débiles en países como Alemaña e Francia, aumentou o risco dunha recesión prolongada, o que levou ao BCE a priorizar a estabilidade económica sobre o control agresivo da inflación.

En consecuencia, o BCE reduciu os tipos de xuro oficiais do 4% ao 3,5%, a través de dúas baixadas de 25 puntos básicos aprobadas en xuño e setembro de 2024.

Así mesmo, a Reserva Federal (Fed) de Estados Unidos anunciou en setembro unha baixada de medio punto, situando os tipos nun rango do 4,75 % ao 5 %, en resposta á desaceleración no crecemento do emprego e a moderación da inflación.

En canto á evolución futura dos tipos de xuro, os mercados anticipan que en decembro de 2024 o BCE recorte os tipos en 25 puntos básicos. Aínda que as expectativas actuais apuntan a máis recortes, está previsto que o BCE manteña un enfoque prudente, co que as decisións se adoptarán en cada reunión en función dos datos económicos e financeiros, a dinámica da inflación subxacente e a intensidade da transmisión da política monetaria.

Desta forma, aínda que se espera unha senda baixista de tipos, calquera shock externo, como un incremento da inestabilidade xeopolítica con repercusións nos prezos da enerxía, podería levar ao BCE a axustar novamente a súa política en función das condicións cambiantes.

Cadro I. Principais indicadores financeiros

		30.09.2024	Variación 2024	Variación interanual
Tipos referencia bancos centrais	BCE	3,50%	-50 pb.	-50 pb.
	FED	4,75%	-50 pb.	-50 pb.
Tipos xuro 3 meses	Eurozona	3,28%	-63 pb.	-67 pb.
	EE.UU.	4,63%	-67 pb.	-108 pb.
Tipos xuro 12 meses	Eurozona	2,75%	-76 pb.	-148 pb.
	EE.UU.	4,14%	-110 pb.	-171 pb.
Tipos débeda 10 anos	Alemaña	2,16%	6 pb.	-67 pb.
	EE.UU.	3,81%	-9 pb.	-74 pb.
Índices renda variable	Euro Stoxx 50	5.000,45	10,80%	8,10%
	S&P 500	5.762,48	21,50%	10,61%
Divisas	EUR/USD	1,1196	2,19%	3,65%

III.2. EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS.

En 2024 obsérvase un cambio de ciclo na política monetaria, tras un 2023 caracterizado pola implementación dunha política monetaria restritiva por parte dos principais bancos centrais, con fortes subidas dos tipos oficiais de xuro e medidas destinadas a drenar a liquidez que inxectaran na economía nos últimos anos.

Xa a finais de 2023, algunhas autoridades monetarias, principalmente en economías emerxentes, como por exemplo Brasil, non só pausaron as subas, senón que realizaron movementos de baixada de tipos de xuro ante a moderación inflacionista e os evidentes indicios de desaceleración económica.

Nos últimos meses, as principais economías avanzadas, como Estados Unidos (en setembro), Canadá (en xuño, xullo e setembro), a área do euro (en xuño e setembro) e o Reino Unido (en agosto), levaron a cabo os seus primeiros recortes dos tipos de xuro oficiais desde 2020. Así mesmo, nas economías emerxentes continuou o proceso de relaxación da política monetaria, aínda que a un ritmo menor que en trimestres previos.

Pola contra, en agosto, o Banco de Xapón elevou os tipos de xuro oficiais ata o 0,25% de forma inesperada, o que produciu algunhas tensións nos mercados financeiros internacionais.

Gráfico I. Evolución dos tipos de intervención



Gráfico II. Variación trimestral dos tipos de intervención



Así pois, tras á forte subida de tipos rexistrada en 2022, en 2023 os tipos de mercado tenderon á moderación anticipando un posible final no ciclo de subas.

Deste xeito, en 2024 a relaxación da política monetaria afectou sensiblemente aos tipos de xuro dos mercados, tanto aos tipos monetarios como ás rendibilidades da débeda soberana e corporativa, que levan meses experimentando caídas.

No mercado estadounidense, desde principios do ano, o tipo de xuro a 3 e 12 meses reduciuse en 67 e 126 puntos básicos, respectivamente, cando ao longo do ano 2023 o tipo de xuro a 3 meses incrementarase en 66 e o tipo de xuro a 12 meses xa rexistraba unha caída de 21 puntos básicos.

Gráfico III. Evolución interbancario USD 12 meses



Gráfico IV. Evolución tipos de xuro mercado interbancario USD



No caso da zona do euro, neste mesmo período, o Euribor a 3 meses reduciuse en 63 puntos básicos e o Euribor a 12 meses, que é o utilizado usualmente para a fixación

das cotas dos créditos hipotecarios, en 77 puntos básicos, en tanto que no ano 2023 o incremento fora de 178 e 22 puntos básicos respectivamente.

Gráfico V. Evolución euríbor 12 meses



Gráfico VI. Tipos de xuro mercado interbancario: euribor



De xeito similar, a relaxación das condicións monetarias tivo un impacto significativo nos mercados de débeda. Así, tralo forte repunte no custe da débeda no ano 2022 e a tendencia moderadamente alcista dos primeiros tres trimestres de 2023, no cuarto trimestre de 2023 produciuse unha forte caída, tanto na Eurozona como nos EEUU, que

acadou os 100 puntos básicos aproximadamente. Ao longo dos meses transcorridos de 2024 á débeda mantivo unha tendencia lixeiramente baixista.

Nos países considerados "core", o bono americano a 10 anos pechou o mes de setembro no entorno do 3,8%, e Alemaña cotizando a mesmo prazo no 2,1%.

Gráfico VII. Curva de tipos débeda EEUU



Gráfico VIII. Curva de tipos débeda Alemaña



En España a rendibilidade do seu bono a 10 anos pechou setembro no entorno do 2,9%, isto é, 5 puntos básicos por debaixo do seu nivel de final de ano e 100 puntos básicos menos que fai un ano.

Gráfico IX. Curva de tipos débeda España



Polo que se refire a prima de risco, a relaxación da política monetaria permitiu unha caída da prima de 15 puntos básicos en 2024 e de 32 puntos básicos nos últimos doce meses. A débeda española mantivo estabilizado o seu diferencial con respecto á Alemaña por debaixo dos 100 puntos básicos, acadando a 30 de setembro un diferencial de 78 pb.

Por outra banda, resulta destacable a evolución da prima de risco francesa, que sufriu unha deterioración derivada pola incerteza política desde as eleccións anticipadas de xuño, o que se uniu á empeoramento das perspectivas orzamentarias. Este axuste permitiu que a prima de risco española iguálese coa francesa por primeira vez desde 2007.

Gráfico X. Prima de risco 10 anos



En 2024, a evolución dos principais índices bolsistas estivo marcada por unha combinación de optimismo ao redor das políticas monetarias máis flexibles e a cautela ante os desafíos macroeconómicos globais.

O S&P 500 e o Nasdaq en EE. UU. mostraron un crecemento impulsado polas expectativas de futuras baixadas de tipos de xuro e o desempeño robusto das grandes empresas tecnolóxicas. En Europa, o Euro Stoxx 50 tamén reflectiu ganancias, aínda que máis contidas, debido ás preocupacións sobre o crecemento económico na zona euro e a inflación persistente. En Asia, o Nikkei 225 de Xapón experimentou subidas sostidas, apoiado polas políticas expansivas do Banco de Xapón e unha reactivación no sector exportador. Con todo, a volatilidade foi constante ao longo do ano, especialmente en sectores sensibles ás taxas de interese e ás tensións xeopolíticas, como a enerxía e os bens industriais.

Cadro II. Variacións índices bursátiles

	Valor índice 30.09.24	Variación 2024	Variación interanual
S&P 500	5.762,48	21%	34%
Euro Stoxx 50	5.000,45	11%	20%
IBEX 35	11.877,3	17%	26%
PSI 20	6.792,41	5%	12%

Finalmente, polo que se refire ao mercado de divisas, o euro mostrou unha evolución relativamente estable fronte ao dólar, comezando cerca dos 1,09 dólares e acadando un máximo en agosto de 1,12. Esta subida foi motivada polas expectativas de axuste na política monetaria do BCE e unha lixeira desaceleración na economía estadounidense. Nembargante, ao longo do ano, o euro tivo que enfrentarse a presións como a persistente inflación na zona euro e o crecemento económico máis robusto en Estados Unidos, o que reforzou o atractivo do dólar como activo refuxio en momentos de incerteza, particularmente tendo en conta a inestabilidade xeopolítica.

Gráfico XI. Tipo de cambio EUR/USD



Cadro III. Variación tipos de cambio

	Cambio divisas fronte ao Euro			
	USD/EUR	JPY/EUR	CHF/EUR	GBP/EUR
30.09.2024	1,11	159,91	0,94	0,83
Variación 2024	0,81%	2,78%	1,33%	-4,06%
Variación interanual	5,34%	1,30%	-2,65%	-3,94%

En resumo, as recentes baixadas de tipos de xuro por parte dos principais bancos centrais, como a Reserva Federal de EE. UU. e o Banco Central Europeo, tiveron un impacto significativo nos mercados financeiros. Estas reducións xeraron un alivio para os mercados de renda variable, xa que os menores custos de financiamento permiten impulsar o consumo e o investimento. Os investidores, anticipando estas baixadas, reaccionaron con optimismo, o que impulsou subidas nos índices bolsistas, a medida que as empresas se benefician dunha contorna de crédito máis barato. Con todo, a desaceleración económica global, combinada coas tensións xeopolíticas, xerou volatilidade en certos sectores, especialmente naqueles vinculados á enerxía e os servizos.

Doutra banda, as expectativas dos mercados en relación con futuras baixadas de tipos xogarán un papel crucial na evolución dos activos financeiros. Aínda que moitos investidores esperan que os bancos centrais continúen relaxando as súas políticas monetarias, existe incerteza sobre a duración e magnitude destas reducións, especialmente se a inflación non cae tan rápido como se prevé. Con todo, calquera sinal de que os bancos centrais poidan pausar ou reverter estas baixadas podería xerar unha corrección rápida nos mercados.

III.3. EVOLUCIÓN RECENTE DO ENDEBEDAMENTO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS ESPAÑOLAS.

Como se comentou nos apartados precedentes, o escenario de cambio radical na orientación da política do Banco Central Europeo acometida en 2022 e 2023, coa retirada de estímulos monetarios e a suba de tipos de xuro, traduciuse nun encarecemento das operacións de endebedamento e, conseguintemente, en maiores custes de financiamento. Tendo en conta ademais o elevado nivel de débeda que presentan as administracións públicas en España, a suba dos tipos de xuro provocou un significativo incremento da carga financeira en comparación coa devindicada nos últimos anos.

Tras un período prolongado de redución dá carga financeira que finalizou en 2020, alcanzando o importe máis baixo desde 2010, en 2021 iníciase unha senda ascendente motivada polo cambio na política monetaria.

En 2023 o gasto por xuros do total das administracións públicas en España incrementouse aproximadamente en 4.000 millóns de euros, ata un total de 35.707 millóns de euros.

Gráfico XI. Gasto financeiro total AAPP



A pesar do cambio de rumbo na política monetaria iniciado en 2024, con baixadas de tipos, está previsto que en 2024 se incremente o gasto por xuros do total das administracións públicas en España, aínda que dunha forma menos intensa que nos anos anteriores.

A partir do ano 2008, as administracións públicas españolas, coa excepción da administración local, se viron na necesidade de incrementar exponencialmente o seu endebedamento como resposta á dobre recesión económica que viviu España no período que vai do 2008 ao 2012 e que impacto de forma abrupta sobre os ingresos públicos. Máis recentemente, coa crise sanitaria motivada pola Covid-19, volveuse a requirir dun enorme esforzo público, que se traduciu nun novo incremento das ratios de endebedamento.

Gráfico XII. Evolución débeda pública España

Tras este forte incremento motivado pola pandemia, a ratio de débeda pública en España mostra unha senda descendente que se debe en gran parte ao crecemento nominal da actividade económica como consecuencia da elevada inflación.

As previsións macro-fiscais da AIReF proxectan que a ratio débeda/PIB situarase no 105,3% a finais do ano 2024.

Esta previsión é lixeiramente inferior á presentada polo Gobemo e a Comisión na súa última actualización (105,5%), e algo máis optimista respecto á última proxección do FMI (106,3).

A redución da ratio segue sustentada no crecemento nominal do PIB, onde o deflactor segue tendo unha contribución notable.

Segundo as estimacións da AIREF, a ratio de débeda se situará no 106,3% do PIB a finais deste ano 2024.

Gráfico XIII. Ratio débeda-PIB



Porén, España, na actualidade segue sendo un dos países do area do euro que presenta maiores niveis de débeda pública, por detrás de Grecia, Italia e Francia e cun nivel similar a Bélxica e Portugal.

Gráfico XIV. Ratio débeda PIB (zona euro 2023)



Nos últimos catro anos as Administracións Públicas no seu conxunto incrementaron o seu endebedamento en 351.010 millóns de euros, isto supón un 29% máis con respecto ao peche do ano 2019.

A maior parte do incremento da débeda no período ven motivado pola Administración Central do Estado: 260.438 millóns euros, isto é, un incremento dun 30%. Se ben, en termos relativos, é a Seguridade Social a que presenta un incremento máis pronunciado, o 116%, máis que duplicando o importe da súa débeda.

Cadro IV. Débeda pública por subsectores

	AAPP. Débeda consolidada	Admón. Central	Admón. Seg.Soc.	CCAA	CCLL
2019	1.224.364	854.052	52.007	295.074	23.231
2023	1.575.374	1.114.490	112.458	325.148	23.278
variación	351.010	260.438	60.451	30.074	47
%	29%	30%	116%	10%	0%

En termos de ratio débeda/PIB, o ratio de débeda pública de España situouse no segundo trimestre de 2024 no 105,3%, e se ben presenta unha tendencia decrecente, aínda é superior en case 8 puntos porcentuais ao nivel pre-pandemia.

Gráfico XV. Ratio débeda-PIB España



Por sub-sectores, tanto as CCAA como as CCLL presentan una ratio inferior ao nivel pre-pandemia, porén a Administración Central do Estado e a Seguridade Social aínda presentan uns niveis de débeda 7,4 puntos e 3,4 puntos superiores ao do ano 2019.

Cadro V. Ratio débeda-PIB por subsectores

	AAPP. Débeda consolidada	Admón. Central	Admón. Seg.Soc.	CCAA	CCLL
2019	97,7	68,1	4,1	23,5	1,9
2023	105,1	74,4	7,5	21,7	1,6
variación	7,4	6,3	3,4	-1,8	-0,3

Fonte Banco de España. Débeda PDE

No ámbito concreto das Comunidades Autónomas, á súa débeda conxunta acadou en 2023 os 325.148 millóns de euros, o que supón un incremento de máis de 30.000 millóns de euros respecto a 2019 (10%).

Descendendo ao detalle por comunidade, a maior parte do endebedamento corresponde ás comunidades de Cataluña, C. Valenciana, Andalucía e Madrid, que concentran o 67,2% do endebedamento autonómico. A débeda pública de Galicia tan só representa o 3,7% do total das Comunidades Autónomas, unha cota moi inferior ao seu peso poboacional.

Gráfico XVI. Débeda pública CCAA (M€)



Fonte Banco de España

En termos de ratio débeda/PIB as Comunidades Autónomas, en xeral, están a reducir os seus índices de endebedamento, ata situarse nun nivel conxunto do 21,9%, cunha redución dun 1,6% respecto ao nivel que presentaban antes da pandemia.

Cadro VI. Ratio débeda-PIB CCAA

Ratio débeda/ PIB CCAA			
	2019	2023	Variación
Andalucía	21,3	19,3	-2,0
Aragón	21,7	19,8	-1,9
Asturias	18,3	14,8	-3,5
Baleares	25,9	21,7	-4,2
Canarias	13,9	11,9	-2,0
Cantabria	22,3	19,4	-2,9
Castilla-La Mancha	35	31,1	-3,9
Castilla y León	20,7	19,4	-1,3
Cataluña	33	30,3	-2,7
Extremadura	22,9	21,2	-1,7
Galicia	17,5	15,7	-1,8
La Rioja	18,1	15,4	-2,7
Madrid	13,7	12,3	-1,4
Murcia	29,4	30,5	1,1
Navarra	15,7	11,7	-4,0
País Vasco	12,6	12,1	-0,5
C. Valenciana	41,6	41,2	-0,4
Deuda PDE. Total	23,5	21,7	-1,8

Fonte: Banco de España

Neste contexto de endebedamento no sector público, a Xunta de Galicia levou a cabo unha responsable e prudente xestión na súa política de endebedamento, como recurso necesario para o financiamento dos servizos públicos esenciais, pero salvagardando en todo momento a solvencia financeira da Comunidade.

Trala crise económico e financeira 2008-2012, Galicia iniciara unha senda de redución das súas ratios de endebedamento que se veu interrompida pola irrupción da Covid e a necesidade de financiar as medidas extraordinarias para facer fronte á pandemia.

Superada a emerxencia sanitaria, a C.A de Galicia leva tres anos consecutivos de redución do endebedamento, que sitúa a súa ratio de débeda non so por debaixo do nivel pre-covid, senón que acada o nivel máis baixo dende 2012.

Gráfico XVII. Débeda pública Galicia vs CCAA (% PIB)



Fonte Banco de España

Este comportamento responsable na xestión do endebedamento situou a Galicia como a comunidade autónoma que, en termos porcentuais, tivo un menor incremento da débeda no período 2008-2023, evitando na última década a emisión de máis de 4.500 millóns de euros de débeda publica.

Gráfico XVIII. Variación % Débeda pública CCAA 2008-2023.



Fonte Banco de España

Obviamente, este menor endebedamento incide directamente nun menor pago de xuros. Tan so nos últimos catro anos a Xunta de Galicia obtivo uns aforros de máis de 490 millóns de euros no pagamento de xuros de débeda en comparación cos xuros pagados pola media das comunidades autónomas.

A estratexia desenvolvida e as boas condicións de financiamento permitiron que nos últimos anos se reducira progresivamente o custe da carteira da débeda, ata acadar en 2022 o tipo xuro medio historicamente máis baixo da débeda da Comunidade.

Gráfico XIX. Tipo de xuro medio Estado vs Galicia



Por outra parte, o crecemento do tipo de xuro en 2023 e 2024 foi moderado, como consecuencia dunha estrutura da débeda na que predominan os tipos fixos.

Gráfico XX. Estrutura carteira débeda.



Fonte: Consellería de Facenda e A.P.

O diferencial entre a débeda per cápita galega e a do conxunto de comunidades autónomas foise ampliando sistematicamente nos últimos 15 anos. Deste xeito, en 2023 a débeda per cápita de Galicia é 2.215 euros menor que a do conxunto de comunidades autónomas.

Gráfico XXI. Débeda per cápita Galicia vs CCAA.



Outro indicador da débeda habitualmente utilizado polos investidores e as axencias de rating para avaliar a situación financeira dun emisor é a ratio débeda sobre ingresos correntes. Esta ratio reflexa, como en todos os indicadores relativos á débeda analizados, que Galicia mostra unha posición substancialmente mellor que a do conxunto de comunidades autónomas.

Gráfico XXII. Débeda ingresos correntes Galicia vs CCAA



Certamente, a política monetaria do BCE foi decisiva neste anos, permitindo financiar ou refinanciar importantes volumes de débeda a tipos historicamente baixos, incluso negativos, de feito Galicia formalizou nos anos 2020 e 2021 varias operacións con tipo de xuro negativo.

Porén, os resultados acadados non son só consecuencia da política monetaria, senón que tamén é preciso contar coa confianza dos mercados, ofrecendo un marco institucional, económico e xurídico estable, que aporte certeza, seguridade e credibilidade aos investidores.

Neste sentido, Galicia ofrece este marco de estabilidade, e conta coa confianza dos investidores e a mellor das cualificacións crediticias outorgadas polas axencias de rating entre as comunidades autónomas de réxime común, o que lle permite ter un bo acceso aos mercados de capitais e cubrir ás súas necesidades de financiamento en mellores condicións que outras administracións, tal e como queda reflectido nos seus indicadores de carga financeira en comparación con outras CCAA, de feito Galicia é a cuarta comunidade que menos porcentaxe do seu orzamento destina ao pago de débeda.

Cadro VII. Gasto financeiro vs GNF (%).

Porcentaxe de orzamento dedicado ao pago de xuros (% sobre GNF)	
Orzamentos 2024	
Canarias	0,83%
Navarra	0,84%
A Rioxa	0,95%
Galicia	1,34%
Asturias	1,51%
País Vasco	1,61%
Estremadura	1,63%
Cantabria	1,73%
Cataluña	1,82%
Andalucía	1,90%
Baleares	2,13%
Castela León	2,21%
Total CCAA	2,22%
Castela a Mancha	2,48%
Murcia	2,85%
Aragón	2,87%
Madrid	3,55%
Valencia	3,70%

O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

Informe económico e financieiro

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV.1. INTRODUCIÓN

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) é a principal ferramenta de planificación do goberno galego onde se deseñan as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada.

Neste apartado o que se busca é analizar os orzamentos do ano 2025 dende a perspectiva do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, para observar como estes contribúen á consecución das prioridades de actuación e obxectivos do goberno galego no curto e medio prazo.

O Plan Estratéxico de Galicia 22-30 está formado por **5 eixes**, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos:

Táboa 1. Estrutura Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

	Prioridades de actuación
Eixe 1	1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2	2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable 2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia frente aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3	3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento 3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4	4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante 4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5	5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san 5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.

Este plan estratéxico pode consultarse na páxina web: *www.planestratexico2030.gal*

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2025 DO PLAN ESTRATÉXICO

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2025 rexeuse principalmente atendendo ás necesidades de reactivar a economía e atender ás necesidades das familias e empresas, no contexto actual no que aínda se están a superar as consecuencias derivadas da Covid-19 e os novos retos da situación enerxética actual.

Como cada anualidade, faise unha labor de vinculación da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar os investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, se ten en conta a programación dos fondos europeos do período 2021-2027 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e converxencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica.

O importe asignado nos **Orzamentos xerais para o ano 2025** ascende a **13.954 millóns de euros**, importe referido ao orzamento consolidado e no que non se contemplan os capítulo VIII de activos financeiros e IX pasivos financeiros.

Na seguinte táboa se recolle a distribución do orzamento por eixes e prioridades de actuación:

Cadro 1: PEG 2022-2030 no Orzamento 2025

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	445.831.386	3,2	6,9
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	285.396.854	2,0	4,4
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	222.483.303	1,6	3,5
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.494.436.288	39,4	85,2
Total	**6.448.147.831**	**46,2**	**100,0**

E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	120.278.313	0,9	19,5
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	96.187.668	0,7	15,6
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	261.738.076	1,9	42,4
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	139.051.455	1,0	22,5
Total	**617.255.512**	**4,4**	**100,0**

E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	284.777.441	2,0	15,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	191.263.676	1,4	10,5
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	280.674.785	2,0	15,4
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	259.797.228	1,9	14,3
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	663.617.840	4,8	36,5
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	137.835.824	1,0	7,6
Total	**1.817.966.794**	**13,0**	**100,0**

E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.933.956.528	21,0	69,4
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	1.098.370.543	7,9	26,0
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	124.669.462	0,9	2,9
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única	70.666.225	0,5	1,7
Total	**4.227.662.758**	**30,3**	**100,0**

E5. Gobernanza	Importe	% total	% eixe
PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	334.408.842	2,4	39,7
PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	293.101.972	2,1	34,8
PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	215.357.198	1,5	25,6
Total	**842.868.012**	**6,0**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á "***Memoria de Obxectivos e Programas***" contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores de produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia (en adiante PEG) para o ano 2025 ascende a 13.954 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados dos capítulo VIII e IX de activos e pasivos financeiros.

A distribución por eixes manifesta que son os gastos destinados ao **Reto demográfico (eixe 1) e á Cohesión social e territorial (eixe 4)** , os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, a educación e promoción do emprego, pero tamén en materias coma a inclusión social e o acceso á vivenda. A suma destes eixes supón case as tres cuartas partes do orzamento total.

O *eixe 1 "Reto demográfico"*, ascende a máis de 6.400 millóns de euros, representando o 46,2% do total dos orzamentos. Neste eixe se recolle o relativo á promoción do emprego, o benestar das familias e a conciliación, o acceso á vivenda e a sanidade.

Por outra banda, o *eixe 4 de Cohesión social e territorial* recolle a educación, o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, a promoción da igualdade de oportunidades e a inclusión social dos máis desfavorecidos, a promoción da cultura e lingua galega, e a cohesión territorial. Este eixe ascende **a máis de 4.225 millóns de euros, e representa o 30% do total do PEG**.

En terceiro lugar por contía orzamentaria, está a aposta pola **competitividade e co crecemento**, o *eixe 3,* cun orzamento total de máis de **1.800 millóns de euros, o 13% sobre o total**. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitirán manter a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento, así coma as vinculadas ás novas tecnoloxías da información (TICs). Ademais, destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización

das empresas e autónomos, Neste eixe tamén se recolle o fomento do sector primario e o turismo así coma a garantía dunhas adecuadas infraestruturas produtivas e de rede.

O *eixe 2 Galicia vede e sostible*, destinado a impulsar un **crecemento sustentable e resiliente, baseado nunha economía baixa en carbono, presenta un orzamento de máis de 615 millóns de euros, o 4% do total**. Neste eixe se recollen as medidas orientadas á eficiencia enerxética e o fomento das enerxías renovables, así coma unha mobilidade sostible que permita reducir as emisións contaminantes á atmosfera. Tamén se establece o reto de impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural. Ademais, tamén se recollen medidas encamiñadas a garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais

O *eixe 5 de Gobernanza* supera os **840 millóns de euros e o 6% do orzamento**. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas, así coma garantir unhas finanzas sustentables para un crecemento san e o reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.

Cadro 2.Distribución por eixes do PEG 22-30 no orzamento 2025

Eixes	Importe	% total
E1. Reto demográfico	6.448.147.831	46,2
E2. Galicia verde e sostible	617.255.512	4,4
E3. Competitividade e crecemento	1.817.966.794	13,0
E4. Cohesión social e territorial	4.227.662.758	30,3
E5. Gobernanza	842.868.012	6,0
Total	**13.953.900.907**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 1. Distribución por eixes do PEG no orzamento 2025



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 3. Distribución do orzamento 2025 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	11.790.942.600	84,5%
Orzamentos Xerais do Estado	870.040.497	6,2%
Marco de Recuperación e resiliencia	488.443.230	3,5%
FEADER	232.099.866	1,7%
FEDER	226.209.884	1,6%
FEP	103.839.267	0,7%
FSE	103.746.590	0,7%
Fondos de Cohesión	54.703.623	0,4%
FCI	38.580.160	0,3%
PGCL	21.063.392	0,2%
FEAGA	15.294.706	0,1%
INTERREG	4.794.785	0,0%
Transferencias finalistas	3.135.000	0,0%
Outros Fondos europeos	1.007.307	0,0%
Total general	**13.953.900.907**	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 1: RETO DEMOGRÁFICO

Este eixe ten por obxectivo incidir naqueles factores que son fundamentais para tratar de modificar a dinámica demográfica actual, caracterizada fundamentalmente por un excesivo avellentamento da poboación, con amplas repercusións na sociedade e o seu crecemento.

Para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, é preciso acadar e manter niveis de emprego elevado e de calidade, desenvolver políticas de conciliación da vida persoal e familiar, garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias, mellorar o acceso e as condicións de habitabilidade da vivenda, ademais de fortalecer unha asistencia sanitaria accesible, de carácter preventivo e curativo, e de boa calidade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2025 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

  - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. Garantir un proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida laboral. Establecer condicións favorables no mercado laboral para fixar talento. Desenvolver o marco galego de competencias dixitais.
  - Aumentar as competencias emprendedoras e impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables.
  - Mellorar a situación das persoas empregadas aumentando a calidade do emprego mediante un emprego estable e a tempo completo e promover a progresión profesional. .
  - Impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade e eliminando os estereotipos de xénero. Fomentar medidas de conciliación.

- **PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Garantir o acceso gratuíto á educación preescolar.
- Completar unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia. Facilitar o aumento de servizos extraescolares a os menores en idade escolar co gallo de facilitar a conciliación dos pais e nais traballadoras.
- Definir un modelo sustentable de protección social no ámbito do benestar.
- Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na sociedade.
- Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.
- Visibilizar e apoiar o papel das persoas maiores na súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento e participación social.

- **PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Dar cobertura a un arrendamento accesible como primeiro paso para a independencia das persoas novas, priorizando ás familias con fillos.
  - Fomentar a accesibilidade de vivenda para as persoas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ás zonas rurais. Axilizar o proceso de accesibilidade.
  - Reducir a carga que supón o custe da vivenda para os inquilinos.
  - Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas.
  - Promover os alugueiros sociais, que permitan ás persoas en situación de vulnerabilidade destinar como máximo un 30% dos seus ingresos ao pago da vivenda.
  - Erradicar a infravivenda e mobilizar a vivenda baleira.
  - Potenciar novos sistemas construtivos máis eficientes tanto dende o punto de vista económico, como do medio ambiente e a enerxía.
  - Promover a accesibilidade e a adaptación das vivendas ás necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida.

- **PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Impulsar un modelo de atención sanitaria moderno e de calidade
  - Acadar un sistema sanitario que mellore a saúde da poboación, a calidade, experiencia e formación do paciente, a satisfacción dos profesionais e incremente a eficiencia.
  - proporcionar servizos e prestacións máis próximos á cidadanía ("sanidade no fogar").
  - Promover a telemonitorización da asistencia nas patoloxías crónicas de maior impacto en saúde e poñer a disposición da cidadanía ferramentas para o seu autocoidado.
  - Aumentar a carteira de servizos dos hospitais comarcais e reforzar a atención primaria.
  - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades.
  - Afondar na transformación dixital do sistema sanitario.
  - Mellorar a rede de vixilancia epidemiolóxica, en base en novos sistemas de información, como factor determinante para a alerta e promoción da saúde e control de enfermidades.
  - Mellorar a satisfacción dos profesionais sanitarios
  - Promover infraestruturas sanitarias máis eficientes que melloren a calidade asistencial e sexan respectuosas co medio ambiente.
  - Modernizar e adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.
  - Continuar promovendo a innovación sanitaria, de xeito que Galicia sexa pioneira en materia de I+D+i en materia sanitaria.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 4. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 1

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	445.831.386	3,2	6,9
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	285.396.854	2,0	4,4
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	222.483.303	1,6	3,5
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.494.436.288	39,4	85,2
Total	**6.448.147.831**	**46,2**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 2. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 1



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 2: GALICIA VERDE E SOSTIBLE

Para deixar ás vindeiras xeracións unha Galicia sustentable e con futuro é preciso abordar unha estratexia nunha tripla vertente: mitigar a contaminación que estamos a producir como consecuencia de todo tipo de actividades, tanto económicas coma de ámbito persoal; afondar no estudio dos efectos do cambio climático na nosa Comunidade co fin de mellorar a resiliencia ao mesmo e reducir a vulnerabilidade ante posibles eventos adversos; e unha xestión máis sostible do noso patrimonio natural xunto co compromiso da sociedade e da Administración para afrontar o reto de ser menos contaminantes e respectuosos cos nosos recursos.

Polo tanto, este segundo eixe do plan estratéxico está centrado en:

- O fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente.
- O reforzo do control e da observación ambiental e aumento da resiliencia ao cambio climático.
- A mobilidade sostible, fomentando un transporte menos contaminante e impulsando a intermodalidade.

- A xestión sostible do patrimonio natural, do ciclo da auga e dos residuos, fomentando a sensibilización da sociedade e un maior compromiso das administracións.

Cómpre mencionar que neste eixe tamén se recollen as actuacións necesarias para garantir unha **resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático**. Ademais, neste contexto, e como xa se mencionou anteriormente, un dos principais obxectivos deste eixe é aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2025 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Mellorar a eficiencia enerxética primaria e final, de xeito que se consiga un aforro enerxético significativo e se reduza a dependencia enerxética do exterior.
  - Aumentar a transparencia e a seguridade xurídica no sector enerxético para incentivar os investimentos.
  - Fomento da I+D+i tecnolóxica no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética e das enerxías renovables. Promover o uso de solucións dixitais.
  - Consolidación das boas prácticas en materia de consumo enerxético.
  - Diversificar as fontes renovables. Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica, enerxía eólica e o autoconsumo eléctrico. Impulsar proxectos de enerxías renovables como os gases renovables e as fontes de enerxía mariña entre outras.
  - Desenvolvemento de proxectos impulsados por comunidades de enerxías renovables .
  - Avanzar en sistemas de almacenaxe deste tipo de enerxía renovable que sexan respectuosos co medio ambiente e a integración paisaxística.

- **PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

  - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa.

- Garantir unha transición xusta, tendo en conta as implicacións que pode ter o fomento do transporte colectivo no sector da automoción.
- Impulsar a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte.
- Superar as barreiras que supón a dispersión xeográfica tanto da poboación coma das empresas.
- Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros coma de mercadorías, mellorando as vías e as conexións comerciais existentes.
- Eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. Reducir ao mínimo posible as conxestións nos núcleos urbanos.
- Mellorar a regulación no emprego tanto do transporte público como privado.
- Mellora e renovación do parque de vehículos a favor de tecnoloxías máis limpas e eficientes (fundamentalmente, a electricidade de orixe renovable).

- **PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Consolidar o control e a observación medioambiental. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático.
  - Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da poboación, territorio e actividades económicas en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
  - Prever e minimizar os danos provocados polos incendios forestais, fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos e outras catástrofes medioambientais, mellorando a prevención e defensa contra os mesmos.
  - Reducir a vulnerabilidade da poboación e das infraestruturas e instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

- **PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertedoiro e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico.
- Fomentar e favorecer unha produción máis limpa e modelos de negocio sostibles. Incorporación ao tecido produtivo de procesos de economía circular e potenciar a sensibilización e a información da poboación para mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.
- Fomento da innovación nos procesos de fabricación (especialmente, emprego da biotecnoloxía no sector alimentario); incorporación da I+D+i no desenvolvemento de eco-produtos; innovación organizativa nas empresas, sendo fundamental a proximidade xeográfica e a capacidade para traballar de forma interconectada.
- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.
- Promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 5. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 2

E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	120.278.313	0,9	19,5
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	96.187.668	0,7	15,6
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	261.738.076	1,9	42,4
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	139.051.455	1,0	22,5
Total	**617.255.512**	**4,4**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 3. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 2



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 3: COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO.

Para posibilitar a mellora da competitividade e a mellora do día a día da poboación galega é preciso consolidar e impulsar o investimento en investigación e innovación, apoiar

a transformación dixital da economía e a sociedade e facer chegar aos cidadáns e empresas os seus beneficios. Tamén é preciso mellorar os investimentos materiais –infraestruturas- e os inmateriais –procesos, calidade, deseño- e proporcionar ás empresas distintas formas de apoio, especialmente ás pequenas e medianas para xerar un ecosistema consolidado de empresas de tamaño mediano, innovadoras, exportadoras e xeradoras de emprego de calidade.

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial da industria da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario e o turismo como pancas de crecemento, baseado no emprego da investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2025 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención).
  - Apoiar os proxectos innovadores nas fases iniciais de lanzamento e a formación empresarial dos innovadores, fomentar a cooperación de liñas innovadoras e de investigación entre PEMES .
  - Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.
  - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora, os resultados e o traballo por proxectos da investigación universitaria galega, desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado polo tecido produtivo.
  - Promover o liderado dixital fomentando o uso de novas tecnoloxías. Reforzar as capacidades do sistema dixital galego promovendo colaboracións público - privadas para dar resposta aos retos que xorden derivados do desenvolvemento da transformación dixital.

- **PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
  - Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos. Aproveitar os avances el intelixencia artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos.
  - Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.
  - Deseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.
  - Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á Comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
  - Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climáticamente neutra.
  - Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da Comunidade.

- **PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Adoptar medidas para desenvolver, atraer e reter traballo cualificado.
  - Impulsar a creación de novas empresas favorecendo ecosistemas empresariais innovadores. Promover o crecemento das empresas e fomentar un entorno empresarial favorable impulsando o desenvolvemento de redes e clústeres.
  - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, o auxe de sectores de alta complexidade industrial, a transformación dixital da industria e a circulariza-

ción dos procesos de negocio, apostando pola diferenciación en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño.

- Fomentar polos de desenvolvemento baseados nas tecnoloxías facilitadoras chave e nas tendencias de transformación dos modelos de negocio na industria.
- Impulsar a formación específica e a recualificación dando resposta ao desenvolvemento das competencias necesarias para afrontar a transformación industrial.
- Garantir as mellores condicións para atraer investimento produtivo e fomentar o aumento da base exportadora das empresas galegas, en especial as PEMES.
- Fomentar a competencia, facilitar o acceso aos mercados e limitar o efecto das normativas que dependan do tamaño das empresas en termos de emprego e volume de negocio para fomentar o crecemento das mesmas.

- **PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión cos principais eixes exteriores.
  - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.
  - Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.
  - Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia e construción de novas infraestruturas.
  - Modernización e adecuación das instalacións portuarias existentes, tanto para as actividades pesqueiras como para a actividade náutica recreativa. Mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores e demais persoal do sector.
  - Garantir os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena máis adecuado ás necesidades das actividades con maior demanda e máis eficiente enerxéticamente e respectuoso co medio mariño.

- **PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras para aumentar a súa competitividade. Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector.
- Avanzar na cadea de valor do sector agrogandeiro e fomentar a diferenciación do produto. Impulsar a Marca Galicia e velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade.
- Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio.
- Minorar o impacto da agricultura e a gandaría no medio ambiente.
- Garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal e da cadea alimentaria e dos vexetais.
- Abordar a planificación de ordenación dos recursos forestais de cara a integrala no marco da ordenación do territorio.
- Completar un Mapa de solos de Galicia que permita mellorar o coñecemento das tipoloxías de solos, superficies, especies e permita coñecer a súa sensibilidade e resistencia fronte aos distintos axentes degradativos.
- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ecosistémicos relacionados co cambio climático e as enerxías renovables. Potenciar actuacións de forestación e silvicultura que, ademais de valorizar os produtos do monte, supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais. Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madereiros como depósitos de carbono.
- Modernización das actividades e das instalacións empregadas para levar a cabo as actividades de pesca e acuicultura, especialmente a través do desenvolvemento tecnolóxico (industria 4.0), a innovación e a transferencia de coñecemento. Incremento da tecnificación das tarefas.
- Garantir un emprego eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do medio mariño e a súa valorización e explotación sostible.
- Fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións.
- Fomentar a investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Seguir a controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar. Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.

- Mellora da eficiencia enerxética nos medios e instalacións empregados para as actividades e redución do impacto das mesmas no medio mariño.
- Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación.
- Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sustentable.
- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de PEMES , fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural
- Contribuír á construción dun territorio rural intelixente no marco da acción da UE a favor dos pobos intelixentes. Elaborar e xestionar propostas de proxecto europeos neste eido e no do desenvolvemento rural.

- **PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro.
- Diversificar na promoción do Camiño de Santiago, mediante o reforzo da visibilidade das rutas oficiais menos transitadas.
- Fomentar a actividade turística sostible co medio ambiente, tratando de minimizar a pegada que as actividades turísticas teñen no medio natural. Deseño dunha estratexia en liña cos obxectivos da Axenda 2030.
- Favorecer a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID-19.
- Apoio ao tecido asociativo de xeito que permita fomentar o traballo cooperativo e o establecemento de sinerxías.
- Impulsar dunha oferta de calidade.
- Potenciar a especialización das empresas do sector nas posibles actuacións de lecer e culturais que poden facer os viaxeiros na contorna, co fin de mellorar e enriquecer a experiencia dos clientes.
- Fomentar procesos de formación e emprendemento no sector a través de iniciativas de aceleración turística empresarial que contribúan ao desenvolvemento dun sector turístico moderno e rendible, con respostas para as novas necesidades da realidade derivada da pandemia.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 6. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 3

E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	284.777.441	2,0	15,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	191.263.676	1,4	10,5
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	280.674.785	2,0	15,4
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	259.797.228	1,9	14,3
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	663.617.840	4,8	36,5
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	137.835.824	1,0	7,6
Total	**1.817.966.794**	**13,0**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 4. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 3



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Unha Galicia máis cohesionada esixe promover unha educación de calidade e inclusiva, a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade, risco de pobreza ou exclusión social, loitar contra calquera tipo de discriminación e asegurar a igualdade de oportunidades e a igualdade entre homes e mulleres. Ademais, é preciso apostar pola dinamización da vida nas zonas rurais e costeiras non urbanas, buscando unha modernización e diversificación da estrutura económica que garanta o equilibrio territorial e a sustentabilidade poboacional, social, económica e ambiental. Todo isto, coa consolidación da cultura e a lingua galega como valores esenciais e imprescindibles para o desenvolvemento integral da sociedade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2025 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Acadar un rendemento escolar por enriba da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado.
  - Promover unha educación igualitaria, equitativa, accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.
  - Reforzar o sistema educativo mediante a súa adaptación aos novos retos, a modernización, incluídas as infraestruturas, e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital e as vocacións científicas, perfeccionando o sistema plurilingüe.
  - Elevar a cualificación do alumnado na FP de grao medio e superior, mellorando a súa calidade. Aumentar a participación en formación profesional dual e aprendizaxe práctica, establecendo unha relación directa coas empresas e axustando as competencias impartidas á estrutura produtiva de Galicia.
  - Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades, a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus. Aumentar a transparencia e a rendición de contas das Universidades galegas.

- Adaptar a rede escolar á menor demanda. Mellorar a eficiencia dos recursos escolares e reforzar as redes escolares no rural. Utilizar ferramentas dixitais para mellorar a prestación do transporte escolar e pechar fendas nas competencias dixitais

- **PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Consolidar un sistema de garantía de ingresos para que as persoas con carencia de recursos económicos en situación ou risco de exclusión social poidan acceder aos recursos básicos.
  - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante. Mellorar os itinerarios personalizados e avaliar os seus resultados, vencellar os servizos sociais e de emprego en torno a os itinerarios.
  - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma.
  - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia.
  - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións.
  - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada.
  - Garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado laboral e aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.
  - Mellorar a cobertura socioasistencial á emigración galega e á poboación retornada e inmigrante.
  - Facilitar o retorno orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.

- Vender un modo de vida galego, para posicionar Galicia como lugar atraínte para residir e traballar.

- **PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.
  - Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.
  - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.
  - Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo, accesible e interesante para os nosos cidadáns e visitantes.
  - Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego. Desenvolver políticas lingüísticas eficaces destinadas a conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos.

- **PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única**

  Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

  - Implementar modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos.
  - Favorecer a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible. Posta en marcha da plataforma Galicia territorio intelixente, que consolide en base cartográfica

única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos,

- Ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Mellorar a información cartográfica e desenvolver as directrices de ordenación do territorio
- Impulsar a planificación integrada das políticas e servizos territoriais e de xeito coordinado entre as diferentes competencias e administracións.
- Fomentar solo empresarial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda en cada territorio, así como a creación de reservas de solo estratéxicas con destino á implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Mellora da gobernanza municipal e da cooperación intermunicipal de cara á maior eficiencia na prestación dos servizos públicos básicos.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 7. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 4

E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.933.956.528	21,0	69,4
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	1.098.370.543	7,9	26,0
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	124.669.462	0,9	2,9
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única	70.666.225	0,5	1,7
Total	**4.227.662.758**	**30,3**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 5. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 4



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 5 GOBERNANZA

Unha administración pública orientada a resultados e aliñada cos obxectivos do plan é fundamental para o seu desenvolvemento con éxito. A mellora da xestión remata coa rendición de contas, a transparencia e a avaliación de políticas públicas.

Para iso, resulta necesario avanzar no proceso de modernización da función pública, que tamén se verá afectada pola situación demográfica, polo que debe adaptarse ás novas necesidades e dispoñibilidades dun persoal que estará mellor formado, debendo aproveitar as oportunidades que ofrece a dixitalización. É preciso, así mesmo, seguir a garantir a sustentabilidade das finanzas autonómicas a medio prazo nun contexto extraordinariamente condicionado polas consecuencias da crise sanitaria, que permitan achegar os recursos precisos para financiar os servicios públicos de calidade e as políticas de apoio competencia das administracións.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2025 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planifi-**

cación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Avanzar cara unha administración que aposte por unha revisión da súa función pública, baseada na estratexia, na planificación e na profesionalidade.
- Basear a cobertura de necesidades de recursos humanos na administración na procura do suficiente equilibrio entre a captación de talento novo e externo e o impulso da carreira profesional.
- Determinar as necesidades de selección e renovación do persoal na cobertura de vacantes e especialmente en elementos cualitativos, como as cargas de traballo, as necesidades funcionais e os novos perfís profesionais.
- Adaptar a actual estrutura da función pública aos retos dunha administración máis dixitalizada e baseada na análise, que afronte o cambio da automatización de procesos para afondar na procura e avaliación de novas necesidades públicas.
- Circunscribir a feitos excepcionais os contratos de duración determinada derivados de circunstancias previsibles ou imprevisibles, fornecendo un sistema de cobertura máis áxil e unha adaptación flexible das estruturas organizativas ás necesidades do servizo público.
- Implantar e consolidar un sistema que valore o traballo por obxectivos e por proxectos, que permita medir o traballo realizado e analizar, a partir da métrica, o cumprimento dos obxectivos das políticas públicas, que facilite a avaliación das mesmas e a rendición de contas.
- Acadar unha maior profesionalización do persoal ao servizo das Administracións públicas, impartindo unha formación de calidade e promovendo a formación continuada ao longo da vida profesional dos empregados públicos. Fomentar a formación e a práctica nas competencias e habilidades transversais, en especial as directivas e as especializadas.

- **PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Impulsar a racionalización e eficiencia no gasto público, seguir a xestionar os recursos públicos con criterios de eficacia e economía, aplicando políticas de revisión do gasto para garantir a sustentabilidade do mesmo.

- Continuar o desenvolvemento dos procesos de dixitalización xa iniciados, que permitan detectar brechas de ineficiencia con máis criterio e celeridade.
- Revisión da aliñación dos programas orzamentarios cos obxectivos estratéxicos e indicadores do PEG, o que servirá de apoio a un sistema de xestión orientado a resultados.
- Renovar e mellorar as infraestruturas públicas con criterios de eficiencia enerxética, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos reducindo o custe de funcionamento.
- Administrar os recursos públicos de forma eficaz e eficiente, mediante unhas finanzas sostibles que se manteñan nuns niveis de débeda nos mellores dentro das CCAA, e financiados cun sistema tributario estable, competitivo e que reverte á cidadanía a boa xestión en forma de rebaixas tributarias, en función das posibilidades de cada conxuntura.
- O sistema de financiamento debe ser o elemento de peche que garanta a suficiencia financeira para impulsar as políticas de gasto que posibiliten a consecución dos obxectivos estratéxicos e, por tanto, o exercicio do autogobierno.
- Fomentar a concienciación e sensibilización para lograr que se asimile a responsabilidade fiscal como un valor de conciencia social e de respecto polos servizos públicos.
- Promover o cumprimento adecuado das obrigacións tributarias, achegar seguridade xurídica e económica ás operacións, e reducir a litixiosidade.
- Avanzar na colaboración con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, e, especificamente, co obxecto de facilitar o desenvolvemento do seu labor para potenciar o cumprimento cooperativo das obrigacións tributarias, cos colexios e asociacións de profesionais da asesoría fiscal.

- **PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Mellorar e consolidar a integración de recursos gobernamentais de información e procesos, e por tanto a interoperación de sistemas de información interdependentes.
- Estruturar e mellorar os servizos públicos con rutas interinstitucionais apoiadas en tecnoloxías dixitais, a partir da reutilización de datos.

- Impulsar unha gobernanza do dato transversal, para xestionar de forma eficiente e efectiva a información, logrando con iso realizar unha mellor toma de decisións.
- Dispoñer dunha visión integral e integrada naquelas actuacións dirixidas a determinados segmentos de poboación considerados como prioritarios polo conxunto das administracións públicas.
- Impulsar unha maior horizontalidade entre as administración públicas que permita a transferencia do coñecemento e a aprendizaxe mutua.
- Impulsar a coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia e as relacións institucionais coa administración xeral do Estado e a cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas.
- Reforzar a coordinación das actuacións dos distintos departamentos da Xunta.
- Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.
- Mellorar a coordinación e colaboración das diferentes administracións, impulsando a xestión de proxectos compartidos e o despregamento de infraestruturas de servizos de usos múltiples que revertan o despoboamento rural.

Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 8. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 5

E5. Gobernanza	Importe	% total	% eixe
PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	334.408.842	2,4	39,7
PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	293.101.972	2,1	34,8
PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	215.357.198	1,5	25,6
Total	**842.868.012**	**6,0**	**100,0**

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 6. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 5



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4. NEXT GENERATION EU.

IV.5. Revisión intermedia dos programas FEDER e FSE+ de Galicia

A revisión intermedia dos programas dos Fondos Europeos no período 2021-2027 está regulada principalmente polo Artigo 18 do Regulamento (UE) 2021/1060. Este artigo establece o marco para axustar os programas de acordo cos resultados obtidos ata 2024 e adaptar os fondos aos novos desafíos identificados a través das recomendacións específicas para cada país. A continuación, detállanse os aspectos clave desta revisión intermedia.

IV.5.1. Aspectos principais da revisión intermedia

- Obxectivo e alcance: A revisión intermedia ten como obxectivo avaliar o progreso na implementación dos programas financiados polo FEDER e o FSE+. Esta revisión permitirá axustar os programas en función do seu rendemento e dos novos retos

xurdidos, tales como os derivados das recomendacións específicas por país adoptadas en 2024.

- Elementos avaliados: Deberanse considerar varios elementos clave durante a revisión de cada programa:
    - Novos desafíos derivados das recomendacións específicas por país adoptadas en 2024.
    - Progresos na execución do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima.
    - Avances na aplicación dos principios do Piar Europeo de Dereitos Sociais.
    - Situación socioeconómica do Estado ou a rexión, destacando calquera novidade negativa importante de carácter financeiro, económico ou social.
    - Resultados das avaliacións pertinentes e progresos na consecución dos fitos establecidos
- En canto aos novos retos identificados, as Recomendacións Específicas por País de 2024 para España, publicadas pola Comisión Europea, suxiren manter o enfoque nas prioridades xa acordadas, sen solicitar modificacións nas estratexias dos programas. Con todo, introdúcese a iniciativa STEP, que aínda que non é obrigatoria para España, debe ser valorada no contexto de novas prioridades, sendo un aspecto clave na competitividade do país. As recomendacións tamén subliñan a necesidade de reforzar a capacidade administrativa para xestionar os fondos europeos e acelerar a implementación dos investimentos e das reformas.
- No que respecta ao Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), cuxo avance é vital para a transición enerxética, Galicia preséntase como un actor clave na implementación do plan, destacándose en áreas como a enerxía eólica, tanto terrestre como mariña, o autoconsumo e o desenvolvemento de enerxías mariñas emerxentes, como a enerxía undimotriz e mareomotriz. Ademais, Galicia traballa activamente na descarbonización do seu sector industrial e na promoción da mobilidade sostible, contribuíndo significativamente aos obxectivos nacionais e europeos de redución de emisións e mellora da eficiencia enerxética.
- Por último, os principios do Piar Europeo de Dereitos Sociais tamén forman parte desta avaliación. Débese analizar como se están aplicando estes principios, facendo especial fincapé en aspectos como a igualdade de oportunidades, as condicións laborais xustas e a protección social e inclusión. Galicia avanzou nestes aspectos, pero enfronta desafíos relacionados co envellecemento poboacional, o desemprego xuvenil e as desigualdades territoriais.
- Proposta de asignación do importe de flexibilidade: Para o 31 de marzo de 2025, os Estados membros deberán presentar á Comisión unha avaliación detallada sobre o resultado da revisión intermedia. Esta incluirá unha proposta de asignación definitiva do "importe de flexibilidade" reservado previamente para o período 2026-2027. Este importe utilizarase para axustar o financiamento ás necesidades actuais dos programas.

- Modificacións nos programas: En función dos resultados da revisión, os Estados membros poderán propoñer modificacións aos programas, o que implicará a revisión das asignacións financeiras por prioridade, a introdución de novos obxectivos ou a adaptación dos existentes. Nos casos en que os programas non necesiten modificacións, a Comisión deberá confirmar a asignación definitiva do importe de flexibilidade dentro dun período de tres meses.
- Reporte e prazos: A Comisión presentará un informe ao Parlamento Europeo e ao Consello antes de que finalice 2026, detallando os resultados da revisión intermedia, incluída a súa avaliación da xestión financeira e as comisións de xestión nos programas.

IV.5.2. Proceso e consecuencias

Se durante a revisión se identificasen desafíos adicionais ou novos riscos económicos, os Estados membros deberán adaptar os seus programas para abordalos, modificando os obxectivos e retribuíndo os recursos financeiros. A flexibilidade na asignación de fondos permite axustar as estratexias ás realidades emerxentes e mellorar o impacto das intervencións.

En conclusión, a revisión intermedia dos fondos europeos 2021-2027 constitúe un proceso clave para asegurar que os programas se axusten ás condicións cambiantes e que os recursos se utilicen de maneira eficiente para responder aos desafíos sociais, económicos e climáticos identificados.

Por outra parte, e dado que, como se explica anteriormente, a iniciativa STEP debe ser valorada no contexto de novas prioridades de cara á revisión intermedia e que pode ser un aspecto clave na nosa competitividade; nas seguintes páxinas explícase en que consiste esta iniciativa resumindo o seu regulamento.

O 1 de marzo de 2024 entrou en vigor o Regulamento (UE) 2024/795 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de febreiro de 2024, polo que se crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP) «o Regulamento STEP».

O obxectivo de STEP é apoiar o desenvolvemento e a fabricación de tecnoloxías fundamentais en tres sectores: a innovación tecnolóxica dixital e profunda; as tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos; e as biotecnoloxías, relevantes para as transicións verde e dixital. STEP tamén apoiará os investimentos destinados a reforzar o desenvolvemento industrial e as cadeas de valor, reducindo así as dependencias estratéxicas da Unión, reforzando a soberanía e a seguridade económica da Unión e abordando a escaseza de man de obra e de capacidades neses sectores estratéxicos. Isto mellorará a competitividade a longo prazo da Unión e reforzará a súa resiliencia. STEP tamén fomenta a cooperación transfronteiriza e a inclusión social e territorial.

Os sectores aos que fai referencia o regulamento son os seguintes:

Tecnoloxías dixitais

O Programa Estratéxico da Década Dixital para 2030 establece metas e obxectivos dixitais nos ámbitos das capacidades dixitais, a infraestrutura dixital e a dixitalización das empresas e os servizos públicos. O Programa menciona varias tecnoloxías dixitais que contribúen ás metas e obxectivos, entre elas, a intelixencia artificial, a 5G, a 6G, a cadea de bloques, a informática de alto rendemento, a computación na nube e no bordo, e o Internet das cousas.

O seguinte cadro mostra unha lista de carácter indicativo e non exhaustivo das tecnoloxías dixitais que se consideran pertinentes para STEP.

Ámbitos da tecnoloxía dixital	Tecnoloxías (indicativas, non exhaustivas)
Tecnoloxías avanzadas de semi-condutores	Microelectrónica, incluídos os procesadores; tecnoloxías fotónicas, incluído o láser de alta enerxía; chips de alta frecuencia; equipos de fabricación de semiconductores con tamaños de nodo moi avanzados; tecnoloxías de semiconductores cualificadas para usoespacial
Tecnoloxías de intelixencia artificial	Algoritmos de IA; informática de alto rendemento; computación na nube e no bordo; tecnoloxías de análises de datos; visión computerizada, procesamento da linguaxe, recoñecemento de obxectos; tecnoloxías de protección da privacidade (por exemplo, aprendizaxe federada)
Tecnoloxías cuánticas	Computación cuántica; criptografía cuántica; comunicacións cuánticas; distribuciónde claves cuánticas (QKD); detección cuántica, incluída a gravimetría cuántica; radar cuántico; simulación cuántica; formación de imaxes cuánticas; reloxos cuánticos; metroloxía; tecnoloxías cuánticas aptas para o espazo
Tecnoloxías avanzadas de conectividade, de navegación e dixitais	Comunicacións dixitais seguras e conectividade, como a rede e acceso radioeléctrico RAN (rede de acceso radioeléctrico) aberta (rede de acceso radioeléctrico) e a 5G e a 6G;tecnoloxías de ciberseguridade, incluída a ciber vixilancia, os sistemas de seguridade e de intrusión, a criminalística dixital; internet das cousas e realidade virtual; tecnoloxías de rexistros distribuídos e de identidade dixital; tecnoloxías de orientación, navegación e control, incluídas a aviónica e o posicionamento marítimo, e os sistemas de PNT espaciais; conectividade segura por satélite.
Tecnoloxías avanzadas de detección	Detección electroóptica, mediante radar, química, biolóxica, radiolóxica e distribuída;magnetómetros, gradiómetros magnéticos; sensores de campos eléctricos subacuáticos; gravímetros e gradiómetros de gravidade;.
Robótica e sistemas autónomos	Vehículos autónomos habitados e non habitados (espazo, aire, terra, superficie e subacuático), incluída a natación; robots e sistemas de precisión controlados por robots; exoesqueletos; sistemas baseados na IA

Tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos

As tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos inclúen as tecnoloxías de cero emisións netas, tal como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas. O cadro que figura a continuación enumera as tecnoloxías contempladas no artigo 4 da Lei sobre a industria de cero emisións netas e no seu anexo.

Ámbitos tecnolóxicos limpos e eficientes no uso dos recursos, tal como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas	Tecnoloxías limpas e eficientes no uso dos recursos, tal como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas
Tecnoloxías solares	Tecnoloxías solares fotovoltaicas; tecnoloxías solares térmicas eléctricas; tecnoloxías solares térmicas; outras tecnoloxías solares
Tecnoloxías de enerxía eólica terrestre ede enerxías renovables mariñas	Tecnoloxías eólicas terrestres; tecnoloxías para enerxía renovable mariña
Tecnoloxías de baterías e de almacenamento de enerxía	Tecnoloxías de baterías; tecnoloxías de almacenamento de enerxía.
Bombas de calor e tecnoloxías de enerxía xeotérmica	Tecnoloxías de bombas de calor; tecnoloxías de enerxía xeotérmica
Tecnoloxía a base de hidróxeno	Electrolizadores; pilas de hidróxeno; outras tecnoloxías de hidróxeno.
Tecnoloxías de biogás e biometano sostibles	Tecnoloxías de biogás sostibles; tecnoloxías de biometano sostibles
Tecnoloxías de captura e almacenamento de carbono	Tecnoloxías de captura de carbono; tecnoloxías de almacenamento de enerxía.
Tecnoloxías de rede eléctrica	Tecnoloxías de rede eléctrica; tecnoloxías de carga eléctrica para o transporte;tecnoloxías para dixitalizar a rede; outras tecnoloxías de rede eléctrica
Tecnoloxías de fisión nuclear	Tecnoloxías de enerxía de fisión nuclear; tecnoloxías do ciclo do combustiblenuclear
Tecnoloxías de combustibles alternativossostibles	Tecnoloxías de combustibles alternativos sostibles
Tecnoloxías hidroeléctricas	Tecnoloxías hidroeléctricas
Outras tecnoloxías de enerxías renovables	Tecnoloxías de enerxía osmótica; tecnoloxías de enerxía ambiente, distintas das bombas de calor ; tecnoloxías de biomasa ; tecnoloxías de gases de entulleira ; tecnoloxías de gases para depuradoras de augas residuais; outras tecnoloxías de enerxías renovables
Tecnoloxías de eficiencia enerxética relacionadas co sistema enerxético	Tecnoloxías de eficiencia enerxética relacionadas co sistema enerxético; tecnoloxías da rede de calor; outras tecnoloxías de eficiencia enerxética relacionadasco sistema enerxético
Tecnoloxías de combustibles renovablesde orixe non biolóxica	Tecnoloxías de combustibles renovables de orixe non biolóxica

Biotecnoloxías

As biotecnoloxías deben entenderse como a aplicación da ciencia e a tecnoloxía aos organismos vivos, así como ás súas partes, produtos e modelos, co fin de alterar materiais vivos ou non vivos para a produción de coñecementos, bens e servizos. Esta definición é deliberadamente ampla para abarcar as actividades biotecnolóxicas actuais e futuras e está en consonancia coa definición estatística única de biotecnoloxía desenvolta pola OCDE. En xeral, a biotecnoloxía tamén pode definirse como toda aplicación tecnolóxica que utilice sistemas biolóxicos e organismos vivos, ou os seus derivados, para a creación ou modificación de produtos ou procesos para usos específicos.

Os sectores de aplicación das biotecnoloxías inclúen os sectores industriais de base biolóxica (por exemplo, materiais de envasado, téxtiles, materiais compostos, materiais de illamento e construción, biocombustibles, pinturas, adhesivos e disolventes); servizos ambientais (por exemplo, biosensores, descontaminación do chan, a auga e o aire); sector agroalimentario (por exemplo, biofertilizantes) ou produtos farmacéuticos e médicos (por exemplo, vacinas, organoides, xenes e terapia celular).

O cadro que figura a continuación presenta unha lista indicativa e non exhaustiva de biotecnoloxías pertinentes para STEP, baseada nas definicións estatísticas baseadas en listas da OCDE.

Ámbitos biotecnolóxicos	Biotecnoloxías (indicativo, non exhaustivo)
ADN/ARN	Xenómica; farmacogenómica; sondas xénicas; enxeñería xenética; secuenciación/síntese/amplificación do ADN/ARN; elaboración de perfís de expresión xénica; síntese de ADN a gran escala; novas técnicas xenómicas; xenética dirixida.
Proteínas e outras moléculas	Secuenciación/síntese/enxeñería/fabricación de proteínas e péptidos (incluídas as hormonas moléculas grandes); mellora dos métodos de administración de medicamentos de moléculas grandes; proteómica; illamento e purificación de proteínas; sinalización; identificación dos receptores celulares; desenvolvemento de produtos policlonales
Cultivo e enxeñería celular e tisular	Cultivo celular/tisular; enxeñería tisular (incluídos as estadas tisulares e a enxeñería biomédica); fusión celular; tecnoloxías de cría asistida por marcadores; enxeñería metabólica; terapias celulares; bioimpresión de células/órganos de substitución.
Técnicas de biotecnoloxía de procesos	Fermentación mediante bioreactores; biorefinado; bioprocesamiento; biolixiviación; biopasta; bioblixión; biodesulfuración; biorehabilitación; biodetección; biofiltración e fitorehabilitación; acuicultura molecular; protección e descontaminación, incluídos os axentes descontaminantes humanos; biocatálisis, novas técnicas de ensaio adecuadas para o cribado de alto rendemento; mellora de procesos e optimización do subministro de biofarmacéuticos e medicamentos de terapia avanzada
Vectores xénicos e ARN	Terapia xénica; vectores virais
Bioinformática	Construción de bases de datos sobre xenomas; secuencias proteicas; modelización de procesos biolóxicos complexos; incluída a bioloxía de sistemas; desenvolvemento da xenómica personalizada
Nanobiotecnoloxía	Aplicación das ferramentas e procesos de nano/ microfabricación para construír dispositivos para o estudo de biosistemas e aplicacións na administración, o diagnóstico e a fabricación de medicamentos..

Dous son os obxectivos do regulamento STEP:

a) Apoiar o desenvolvemento ou a fabricación de tecnoloxías fundamentais en toda a Unión, ou protexer e reforzar as correspondentes cadeas de subministración e

b) Facer fronte á escaseza de man de obra e capacidades

Apoiar o desenvolvemento ou a fabricación de tecnoloxías fundamentais en toda a Unión.

No contexto do Regulamento STEP, o desenvolvemento e a fabricación refírense ao avance das tecnoloxías desde a fase na que se demostrou a viabilidade ata a produción comercial. Isto inclúe o perfeccionamento de prototipos, e/ou garantir que as tecnoloxías cumpran rigorosas normas de rendemento e escalabilidade. O desenvolvemento abarca actividades destinadas a lograr avances tecnolóxicos, perfeccionar a tecnoloxía para satisfacer as necesidades do mercado, incluída a mellora da súa eficiencia e fiabilidade, así como o desenvolvemento das normas regulamentarias.

O desenvolvemento tecnolóxico abarca tamén a creación de normas regulamentarias que garantan o cumprimento de estándares de calidade e seguridade. Para ser competitivas, as tecnoloxías deben estar aliñadas con normas europeas ou internacionais avanzadas, o que asegura que os produtos sexan interoperables, fiables e de alta calidade, e poidan competir no mercado global.

As normas non só aseguran a calidade dos produtos tecnolóxicos, senón que tamén son un indicador clave da súa madurez e preparación para o mercado. O cumprimento destes estándares ten un impacto directo na capacidade de atraer investimentos, xa que aumenta a confianza na fiabilidade e o potencial de crecemento da tecnoloxía. Este aspecto é crucial para garantir que as tecnoloxías non só se desenvolvan con éxito, senón que poidan escalarse e despregarse de maneira efectiva en toda a Unión Europea.

A fase de fabricación, pola súa banda, céntrase na creación de infraestruturas e procesos que permitan a produción a escala destas tecnoloxías. Isto inclúe a construción de liñas de produción ou instalacións pioneiras, a ampliación ou reorientación de instalacións xa existentes e a implementación de mecanismos de control de calidade para asegurar que os produtos sexan consistentes e manteñan altos estándares de calidade. A fabricación baixo STEP busca non só a viabilidade tecnolóxica, senón tamén a viabilidade económica, asegurando que os produtos sexan rendibles e poidan ser adoptados amplamente no mercado europeo.

Un aspecto fundamental do proceso de fabricación é a adaptación á demanda do mercado, o que implica a ampliación dos procesos produtivos cando sexa necesario e a optimización dos mecanismos de control de calidade. Este enfoque garante que as tecnoloxías non só sexan innovadoras e avanzadas desde o punto de vista técnico, senón que tamén estean listas para a súa adopción a gran escala no mercado interior da Unión Europea, contribuíndo ao crecemento económico e á redución de dependencias tecnolóxicas doutros países ou rexións.

Aínda que STEP non inclúe a instalación e o despregamento final dos produtos no mercado, si cubre unha serie de servizos asociados que son cruciais para o desenvolve-

mento e a fabricación destas tecnoloxías. Estes servizos inclúen apoio no perfeccionamento da tecnoloxía, a implementación de sistemas de control de calidade, a creación de infraestruturas de produción e a validación de que os produtos cumpran coas normativas vixentes na Unión Europea. Ao facilitar estes servizos, STEP contribúe a garantir que as tecnoloxías desenvoltas non só estean listas para a produción, senón que tamén cumpran cos requisitos de calidade e seguridade necesarios para a súa implementación no mercado europeo.

Para que as tecnoloxías sexan consideradas "fundamentais" no marco do Regulamento STEP, deben introducir elementos innovadores, emerxentes e de vangarda no mercado interior da Unión Europea. Isto significa que as tecnoloxías deben ter un alto potencial económico, xa sexa a través da creación de novos mercados ou da expansión dos existentes. Ademais, as tecnoloxías fundamentais deben contribuír a reducir as dependencias estratéxicas da Unión, particularmente en sectores críticos onde a dependencia de provedores externos poida poñer en risco a autonomía tecnolóxica e económica de Europa.

Salvagardar e reforzar as cadeas de valor

O Regulamento STEP destaca a importancia de reforzar a cadea de valor no desenvolvemento e fabricación de tecnoloxías fundamentais para reducir as dependencias estratéxicas da Unión Europea e protexer o mercado interior. A "cadea de valor" abarca produtos finais, compoñentes específicos, maquinaria, materias primas esenciais e servizos relacionados necesarios para a produción destas tecnoloxías, así como aquelas incluídas na Lei de Industria de Cero Emisións Netas.

Os compoñentes e maquinaria específicos son cruciais para a produción de tecnoloxías fundamentais, pois melloran a innovación e a eficiencia en sectores clave como a tecnoloxía dixital, a biotecnoloxía e as tecnoloxías limpas. Por exemplo, no ámbito da tecnoloxía dixital, os procesadores cuánticos son vitais e requiren equipos altamente especializados. Estes compoñentes representan elos esenciais na cadea de subministración tecnolóxica e o seu desenvolvemento é clave para manter a competitividade europea.

En canto ás materias primas fundamentais, a súa dispoñibilidade é vital para a produción de tecnoloxías estratéxicas. O silicio, por exemplo, é esencial para a produción de semiconductores, mentres que terras raras, como o litio, o cobalto e o níquel, son indispensables para a fabricación de baterías e tecnoloxías verdes. Outros exemplos inclúen o platino para electrolizadores e o cobre para redes eléctricas. Garantir unha subministración estable destas materias primas é crucial para evitar vulnerabilidades que poderían frear a transición cara a unha economía ecolóxica e afectar á competitividade industrial da Unión.

Os servizos conexos tamén xogan un papel clave na cadea de valor. Estes servizos especializados son fundamentais para o desenvolvemento e a fabricación de tecnoloxías,

mellorando a súa eficiencia e contido tecnolóxico. Algúns exemplos inclúen os servizos de sala branca para a fabricación de semiconductores, servizos de computación na nube ou no bordo, ciberseguridade, e xestión especializada de ensaios clínicos en biotecnoloxía. Estes servizos poden recibir financiamento a través de STEP como proxectos independentes, xa que son esenciais para o éxito das tecnoloxías desenvoltas.

Doutra banda, os servizos auxiliares, como actividades informáticas, asesoramento ou servizos xurídicos, só poden ser apoiados por STEP se forman parte dos custos inherentes dun proxecto. Estes servizos non poden constituír proxectos STEP por si sos, pero poden ser parte do conxunto de accións necesarias para o éxito da tecnoloxía.

En resumo, o Regulamento STEP subliña a necesidade de fortalecer cada elo da cadea de valor para garantir o desenvolvemento de tecnoloxías clave. A través da produción de compoñentes, o acceso a materias primas e a prestación de servizos especializados, a Unión Europea busca reducir as súas dependencias estratéxicas e promover a súa autonomía tecnolóxica, á vez que impulsa a súa competitividade global en sectores innovadores e sostibles.

Facer fronte á escaseza de man de obra e capacidades

Esta escaseza é especialmente crítica en áreas vitais para a transición ecolóxica e dixital, e verase agravada polos cambios demográficos. Para superar este reto, STEP promove investimentos en formación específica, aprendizaxe permanente e educación, asegurando que os traballadores adquiran as competencias necesarias para impulsar a innovación en tecnoloxías dixitais, limpas e biotecnoloxía.

O enfoque de STEP tamén busca crear oportunidades para mozas e persoas desfavorecidas que actualmente están fóra do emprego ou a formación, garantindo unha transición xusta e inclusiva cara a unha economía máis sostible. Ademais, STEP complementa a Axenda de Capacidades Europea e outras iniciativas sectoriais, enfocándose en reducir a brecha de capacidades en sectores críticos.

Os proxectos STEP están incentivados a basearse en iniciativas previas, como o Pacto Europeo polas Capacidades, co obxectivo de fortalecer a formación en áreas como ciberseguridade, análise de datos, enerxías renovables e mantemento de sistemas tecnolóxicos avanzados.

IV.6. A execución do PRTR pola Xunta de Galicia: O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

IV.6.1. Introdución

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) é un instrumento temporal que constitúe o elemento principal de NextGenerationEU, o plan da Unión Europea para saír máis fortes e resilientes da crise derivada da pandemia COVID-19.

Gráfico 1. Cifras do instrumento NextGenerationEU para Europa e España. Prezos correntes en millóns de euros



Fonte. Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea.

A través do Mecanismo, a Comisión Europea recada fondos mediante préstamos nos mercados de capitais, grazas á emisión de bonos en nome da UE. A continuación, póñense ao dispor dos Estados membros para que leven a cabo reformas e investimentos de gran alcance ata finais de 2026, que deben estar recollidos nos Plans Nacionais de Recuperación e Resiliencia (PRTR), co fin de:

- facer que as súas economías e sociedades sexan máis sostibles e resilientes e estean mellor preparadas para as transicións ecolóxica e dixital, en sintonía coas prioridades da UE;
- facer fronte aos retos que se sinalaron nas recomendacións específicas por país, no marco de coordinación da política económica e social do Semestre Europeo.

O Mecanismo establécese no Regulamento (UE) 2021/241 e o seu obxectivo xeral é lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE, contribuíndo á aplicación do Piar Europeo de Dereitos Sociais e contribuíndo á autonomía estratéxica da Unión xunto cunha economía aberta e xerando valor engadido europeo.

O ámbito de aplicación do Mecanismo inclúe prioridades da UE estruturadas en seis piares:

- Transición ecolóxica: centrarse nas tecnoloxías e capacidades ecolóxicas: mobilidade sostible, eficiencia enerxética e enerxías renovables, adaptación ao cambio climático, economía circular e biodiversidade.
- Transición dixital: promover o despregamento de redes de moi alta capacidade, a dixitalización dos servizos públicos, os procesos gobernamentais e as empresas, en particular as pemes; desenvolver competencias dixitais básicas e avanzadas e apoiar a I+D relacionada coa dixitalización.
- Crecemento intelixente, sustentable e integrador: promover o espírito empresarial, a competitividade e a industrialización; mellorar a contorna empresarial; fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación, apoiar ás pemes.
- Cohesión social e territorial: mellorar as infraestruturas e os servizos sociais e territoriais, incluídos os sistemas de protección e benestar sociais e a inclusión dos grupos desfavorecidos; apoiar o emprego e o desenvolvemento de capacidades; crear postos de traballo estables e de calidade.
- Saúde e resiliencia económica, social e institucional: mellorar a resiliencia, a accesibilidade e a calidade da asistencia sanitaria e dos coidados de longa duración, incluídas medidas para avanzar na súa dixitalización; aumentar a eficacia dos sistemas de administración pública.
- Políticas para a próxima xeración: mellorar o acceso e a calidade do ensino xeral, profesional e superior; centrarse na educación dixital, a educación e os coidados da primeira infancia; apoiar o emprego xuvenil.

As cifras do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR).

A primeira fase do Plan foi aprobado pola Comisión Europea o 13 de xullo de 2021. Recolle 69.528 millóns de euros en transferencias, vencellados ao cumprimento de 110 investimentos e 102 reformas.

O Plan de Recuperación está deseñado desde unha perspectiva nacional, sen ter en conta ás CC.AA. e polo tanto sen atender ás particularidades e a realidade socioeconómica de cada Comunidade Autónoma.

A primeira fase do PRTR estaba composta por 4 Eixes, 10 Pancas e 30 Compoñentes:



En 2021 publícanse as cifras actualizadas de PIB de 2020 e 2021, cos que a CE aproba a asignación definitiva dos EE.MM. Así, España percibe 7.706 M€ adicionais de transferencias.

Por outro lado, o MRR tamén é esencial para a aplicación do plan REPowerEU, a resposta da Comisión aos problemas socioeconómicos e as perturbacións do mercado mundial da enerxía que provocou a invasión rusa de Ucraína. España recibe 2.586 millóns de euros deste instrumento, que representa o 12,9% do total. Xunto con 58 do Fondo de Axuste do Brexit, reforzan o PERTE de Enerxías Renovables, Hidróxeno e Almacenamento (ERHA).

En xuño de 2023, o Goberno central presenta a Addenda ao Plan que recolle a mobilización do total de transferencias e préstamos asignados a España ata 2026, concentrando os investimentos e reformas adicionais no reforzo da autonomía estratéxica de España e Europa. O Consello Europeo de Economía e Finanzas aprobou a Addenda o 17 de outubro de 2023.

O Plan pon unha forte énfase na transición verde, destinando o 39,8% dos fondos dispoñibles a medidas que apoien os obxectivos climáticos, así como o 25,9% da súa asignación total para impulsar a transición dixital. Ademais, inclúe unha significativa dimensión social, con iniciativas de protección social, especialmente dirixidas á capacitación e á reconversión dos traballadores.

O Plan conta cun total de 12 Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE), cunha asignación superior aos 41.000 millóns de euros en transferencias non reembolsables e préstamos:

Táboa 1. Dotación financeira dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE)

PERTE	TRANSFERENCIAS 1ª fase Plan	ADDENDA				TOTAL (Fase 1ª + addenda)
		TRANSFERENCIAS ADICIONAIS	PRÉSTAMOS	REPowerEU	TOTAL ADDENDA	
Microelectrónica e Semiconductores (Chip)	275	1.225	10.750		11.975	12.250
Enerxías Renovables, Hidróxeno Renovable e Almacenamento (ERHA)	6.600	1.557	---	2.644	4.201	10.801
Vehículo Eléctrico e Conectado (VEC)	2.870	250	1.000		1.250	4.120
Dixitalización do Ciclo da Agua	430	1.250	1.805		3.055	3.485
Descarbonización Industrial	450	1.020	1.700		2.720	3.170
Economía dos Coidados	766	1.000			1.000	1.766
Saúde de Vanguardia	810	500	330		830	1.640
Industria agroalimentaria	747	150	460		610	1.357
Aeroespacial	591	100	240		340	931
Economía Circular	192	600	---		600	792
Nova Economía da Lingua	324	---	401		401	725
Naval	150	---	---		---	150
TOTAL	14.205	7.652	16.686	2.644	26.982	41.187

Fonte. Addenda do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ata finais de setembro, o importe de convocatorias publicadas asociadas aos PERTE ascende a 24.600 M€, o 59,7% do asignado aos mesmos. A contía das resolucións ascende a 14.038 M€, o 57,1% do publicado, destinándose tan só un 5,5% a proxectos en Galicia.

No que se refire aos préstamos, o importe máximo do préstamo para cada Estado membro non debe exceder do 6,8 % da súa renda nacional bruta (RNB) en 2019. Varios países non solicitaron a axuda en forma de préstamos, como por exemplo Alemaña, Francia ou Países Baixos. Outros Estados como España, Italia, Gracia ou Portugal solicitaron o tramo de préstamos en porcentaxes diferentes da RNB, no marco das modificacións dos Plans de Recuperación e Resiliencia.

España incorporou na addenda ao Plan 83.160 millóns de euros en préstamos, case o máximo permitido. Para o reforzo dos PERTE (ver táboa anterior) destínanse 16.686 millóns de euros e a mobilización dos outros 66.474 millóns de euros está prevista a través da utilización de doce fondos, que permitirán ir xestionando a débeda correspondente.

Dentro destes instrumentos, o Fondo de Resiliencia Autonómico mobilizará ata 20.000 millóns de euros e ten por obxectivo facilitar o acceso ao financiamento nas Comunidades Autónomas para desenvolver proxectos en 8 áreas prioritarias: vivenda social e alcanzable, rexeneración urbana, transporte e turismo sostible, transición enerxética, xestión de augas e residuos, economía dos coidados, investigación, desenvolvemento e innovación, e competitividade industrial e das pequenas e medianas empresas.

Está xestionado polo Grupo Banco Europeo de Inversións que se encargará da identificación, avaliación e seguimento dos proxectos financiados.

A primeira fase conta cunha dotación de 3.400 millóns de euros. Inclúe un mecanismo directo, para cofinanciar operacións apoiadas polo BEI en sectores como as enerxías renovables, o transporte limpo ou as infraestruturas sostibles e un mecanismo intermediado, xestionado por intermediarios financeiros seleccionados polo BEI, para apoiar proxectos de desenvolvemento urbano e turismo sostible. Ademais, hai dous instrumentos intermediados polo Fondo Europeo de Investimentos que facilitarán o financiamento das pemes en materia de innovación, sustentabilidade e competitividade.

Para cada instrumento financeiro créase un órgano colexiado que actuará como Consello de Inversións que será o encargado de aprobar, monitorizar e/ou supervisar a implementación do Instrumento de acordo coa súa estratexia de inversión.

Asignacións e execución do PRTR pola Xunta de Galicia

O importe total do tramo de transferencias do PRTR ascende a 79.878 millóns de euros. Para acadar os fitos e obxectivos establecidos no Plan, os departamentos ministeriais transfiren unha parte dos fondos ás Comunidades Autónomas e entidades locais, a través de conferencias sectoriais, reais decretos e convenios. Así, as Comunidades Autónomas só xestionan o 33% das transferencias, é dicir, 26.595 millóns de euros.

Os proxectos que xestionan as CC.AA. veñen definidos polos ministerios, sen ningunha flexibilidade para reorientalos tendo en conta as distintas necesidades de cada territorio.

A asignación actual á Comunidade Autónoma de Galicia ascende a 1.545 millóns de euros, o 5,8% do distribuído ás CC.AA.

Máis do 50% dos recursos asignados a Galicia concéntranse en 10 proxectos: investimento en equipos de alta tecnoloxía sanitaria; plan de dixitalización da educación; convenios de sustentabilidade turística; ampliación de prazas de Formación Profesional e creación de centros bilingües; proxectos para os coidados de longa duración e melloras das infraestruturas residenciais; programas de apoio ao emprego; actuacións de rehabilitación a nivel de edificio; construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes; axudas ao autoconsumo eléctrico; e os programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III).

Ata o 31 de agosto de 2024, o importe transferido á Comunidade Autónoma do MRR representa o 94,6% do importe asignado, é dicir, 1.460 millóns de euros, para financiar os diferentes proxectos que se desenvolverán ata agosto de 2026.

A Xunta xa ten publicadas convocatorias e licitacións por importe de 1.273 millóns de euros, o que representa o 87% do ingresado no Tesouro da Comunidade Autónoma. As adxudicacións ascenden a 1.055 millóns de euros, o 83% do publicado e o 72% do ingresado.

Hai que ter en conta que a execución financeira está ligada á consecución temporal dos fitos e obxectivos asociados aos proxectos que xestiona á Xunta.

Gráfico 2. Porcentaxe acumulada da execución financeira asociada ao cumprimento dos fitos e obxectivos do PRTR



Fonte 3. Elaboración propia.

Deste xeito, a finais de 2024 o cumprimento dos fitos e obxectivos implica a execución do 22,3% do importe asignado. Esta porcentaxe acumulada ascende ao 48,9% a finais de 2025, tendo que executarse durante 2026 o 51,1% restante.

Calendario de desembolsos

A 31 de agosto de 2024, desembolsáronse a España 48.300 millóns de euros no marco do MRR, que inclúen 47.960 millóns de euros en subvencións e 340 millóns de euros en préstamos.

España aínda ten 114.700 millóns de euros dispoñibles en subvencións e préstamos do MRR. Este importe desembolsarase tras a avaliación do futuro cumprimento dos 414 fitos e obxectivos restantes incluídos na Decisión de Execución do Consello (CID), antes do prazo de 2026 establecido para o Mecanismo.

A Comisión valorou positivamente as primeiras, segundas e terceiras solicitudes de pagamento de España, tendo en conta o ditame do Comité Económico e Financeiro. Isto provocou que se desembolsasen 10.000 millóns de euros en apoio financeiro o 27 de decembro de 2021, 12.000 millóns de euros o 29 de xullo de 2022 e 6.000 millóns de euros o 31 de marzo de 2023. Os 121 fitos e obxectivos relacionados abranguían reformas e investimentos, como reformas de medidas fiscais que contribúen á transición, e outros nos ámbitos da dixitalización, a saúde, a educación, a fiscalidade, o mercado laboral e a sustentabilidade.

A solicitude de pago máis recente, que a Comisión avaliou positivamente o 19 de xullo de 2024, provocou o desembolso de 9.900 millóns de euros o 26 de xullo de 2024. O desembolso reflectiu a valoración positiva de 60 de 61 fitos e obxectivos que abranguen reformas en ámbitos como o transición verde e dixital, crecemento intelixente, sostible e integrador e resiliencia económica, institucional e social e cohesión territorial, como a reforma das pensións e o apoio ao desemprego; e investimentos en áreas como a transición dixital e verde, a investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como a educación e a formación profesional. O obxectivo pendente de dixitalización empresarial non se cumpriu satisfactoriamente. Polo tanto, a Comisión activou o procedemento de «suspensión do pagamento», tal e como se contempla no artigo 24, apartado 6, do Regulamento MRR. Unha vez que se acheguen as probas no prazo estipulado no Regulamento, a Comisión valorará o cumprimento satisfactorio do obxectivo e, se é o caso, levantará a suspensión do pagamento asociado ao mesmo, que está próximo a 158 millóns de euros.

A 31 de agosto de 2024, España estaba traballando na súa quinta solicitude de pago.

IV.7. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

No exercicio 2021 presentouse por primeira vez a vinculación dos Orzamentos da Comunidade Autónoma aos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030. Continuando coa a labor iniciada no 2021, incorpórase de novo aos orzamentos do ano 2025 un informe de aliñamento, que permite valorar como contribuirán as partidas orzamentarias á consecución dos obxectivos marcados polas Nacións Unidas.

Ilustración 1. Obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos por Nacións Unidas

Fonte: Nacións Unidas

O principal obxectivo do informe é reflectir a relación entre os 17 ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025.

O Informe circunscríbese ás entidades con orzamento limitativo e refírese aos estados de gastos dos Orzamentos consolidados. Ademais, realízase en termos de políticas e programas de gasto.

Para determinar o grao de contribución de cada política de gasto no logro dos ODS, identificáronse en primeiro lugar os ODS que teñen unha relación directa coas actuacións contempladas dentro de cada unha das políticas. Para a citada análise identificamos as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030; e o nivel de análise levouse a cabo ao detalle de proxecto, observando a conexión das actuacións de cada un deles coas metas específicas recollidas en cada ODS. En concreto, levouse a cabo o aliñamento de máis de *2.110 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto*, clasificados á súa vez nas *21 prioridades de actuación* do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Para facilitar o análise, os resultados amósanse tendo en conta os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable, que son: o crecemento económico inclusivo, o benestar e xustiza social e a protección do medio ambiente. Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

Cada unha das dimensións concentra por tanto varios ODS dos 17 previstos da Axenda 2030.

Ilustración 2. Dimensións diferenciadas dentro do conxunto dos ODS



Fonte: Nacións Unidas

Unha vez diferenciadas as catro dimensións fundamentais nas que se basea o desenvolvemento sustentable, lévase a cabo unha análise de cada unha delas, amosando as prioridades de actuación e os programas de gasto vinculados a cada unha, cos seus importes correspondentes.

No informe completo de aliñamento, dentro da análise de cada dimensión, realízase unha avaliación máis detallada de cada un dos ODS, tendo en conta as principais metas que establecen as Nacións Unidas para a consecución dos obxectivos, así coma un pequeno diagnóstico da situación actual de Galicia en cada ámbito de actuación.

No que se refire aos principais resultados, o ***92% do orzamento está aliñado cos ODS,*** un 70% na dimensión social, un 12% na económica, o 8% na medioambiental e un 2% na institucional.

Cadro 9: Aliñamento dos orzamentos 2025 coas dimensións da Axenda 2030

	2025	% sobre o total
Dimensión Social	9.716.224.086	70%
Dimensión económica	1.706.617.446	12%
Dimensión medioambiental	1.179.189.181	8%
Dimensión institucional	274.063.586	2%
Non aliñado	1.077.806.609	8%
	13.953.900.907	



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Se temos en conta cada un dos ODS, o reparto do orzamento quedaría da seguinte maneira:

Cadro 10: Reparto do orzamento de 2025 entre os 17 ODS

Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Orzamento 2024	% sobre o total
1. Fin da pobreza	56.666.543	0,4%
2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	144.484.284	1,0%
3. Vida saudable e benestar	5.481.282.771	39,3%
4. Educación de calidade	2.946.836.960	21,1%
5. Igualdade de xénero	97.114.452	0,7%
6. Auga limpa e saneamento	50.953.516	0,4%
7. Enerxía asequible e sustentable	112.266.469	0,8%
8. Traballo decente e crecemento económico	977.152.771	7,0%
9. Industria, innovación e infraestruturas	729.464.675	5,2%
10. Redución das desigualdades	989.839.076	7,1%
11. Cidades e comunidades sustentables	495.563.091	3,6%
12. Produción e consumo responsables	47.840.933	0,3%
13. Acción polo clima	218.454.835	1,6%
14. Vida submarina	98.944.000	0,7%
15.Vida dos ecosistemas terrestres	155.166.337	1,1%
16. Paz, xustiza e institucións sólidas	248.803.821	1,8%
17. Alianzas para cumprir os obxectivos	25.259.765	0,2%
Non aliñado	1.077.806.609	7,7%
Total	**13.953.900.907**	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O ODS 3, relacionado coa vida saudable e o benestar, é o ODS que concentra a maior contía respecto do total (máis dun 39%), seguido polo ODS 4 relacionado coa educación e a formación (máis dun 21%), ambos ODS pertencentes á dimensión social.

A información máis detallada pode consultarse no Informe completo de "Aliñamento dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa Axenda 2030".

Proxecto orz4mentos 2025

ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2025

Informe económico e financieiro

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2025

V.1. Evolución das fontes de financiamento.

O Orzamento do ano 2025 ven condicionado fortemente pola entrada en vigor o pasado 30 de abril de 2024 das novas regras fiscais aprobadas na Unión Europea. De modo que no novo marco fiscal a variable operativa de referencia é a senda de gasto neto, comprometéndose os Estados membros a manter a evolución do gasto por debaixo das taxas de crecemento que fixen na dita senda.

Dentro deste novo marco fiscal é necesario ter en conta que nas etapas expansivas do ciclo económico, e coa finalidade de evitar que o sector público implemente políticas fiscais procíclicas, a regra fiscal do obxectivo de estabilidade orzamentario perde moita relevancia. Neste sentido, no informe de estratexia financeiro fiscal, elaborado en xullo deste ano e que acompañaba ao acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aprobaba o límite de gasto non financeiro para o ano 2025, xa se comentaba o seguinte:

"...Os límites establecidos como regras fiscais e a taxa de referencia de crecemento determinan que Galicia non poda recorrer ao endebedamento sen incumprir a regra de gasto. No caso de empregar endebedamento a variación do gasto primario neto incrementaríase ata o 4,1% incumprindo o limite do 3,2% fixado".

Cadro I. Restrición Regra de gasto 2025

	Limite 2024 definitivo	Límite de Gasto 2025	Variación	
			Absoluta	%
Recursos autonómicos	**11.060**	**11.419**	**358**	**3,2%**
Recursos autonómicos con déficit	**11.060**	**11.508**	**448**	**4,1%**

Polo tanto, na elaboración do Orzamento do ano 2025 a regra fiscal máis restritiva é a regra de gasto, xa que se prevé que os recursos autonómicos crezan nun 3,2%, de modo que os maiores recursos que se poderían obter de recorrer ao endebedamento non se poderían utilizar xa que se incumpriría o límite do 3,2% fixado para a regra de gasto.

Polo que por segundo ano consecutivo a Xunta de Galicia elabora os seus Orzamentos cunha previsión de equilibrio orzamentario e sen ter que recorrer ao endebedamento (agás no importe correspondente ao reintegro das liquidacións negativas do anos 2008 e 2009).

Ademais hai que ter en conta que o Consejo de Ministros aprobou varios acordos intentando establecer novas sendas de obxectivos de estabilidade orzamentaria para os anos 2025-2027 pero ata o de agora todas foron rexeitadas polas Cortes Generales.

V.1.1. Evolución dos recursos do sistema de financiamento autonómico.

En canto aos recursos do sistema de financiamento é necesario ter en conta que os importes que se incluíron no Orzamento do ano 2024 foron estimados polos servizos competentes da Consellería de Facenda ante a falta de comunicación en prazo dos mesmos por parte do Ministerio de Hacienda.

Con posterioridade, e xa durante as últimas fases de aprobación do Orzamento da Comunidade Autónoma, o Ministerio convocou o 11 de decembro de 2023 o Consejo de Política Fiscal y Financiera dentro do fallido marco de elaboración dos PGE para o ano 2024, nesa reunión se comunica ás CCAA as entregas a conta para o ano 2024 e a previsión de liquidación para o ano 2022. Cos datos comunicados constátase que as estimacións realizadas foran prudentes situándose tan so un 3,8% por debaixo das finalmente comunicadas.

Ante a falla de PGE para o ano 2024, as entregas a conta do dito ano foron actualizadas a través do Real Decreto Lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (BOE 27 de xuño de 2024).

No seguinte cadro compáranse os recursos do sistema de financiamento do ano 2024, tanto o importe que se incorporou no Orzamento inicial como os importes definitivos, e as previsións comunicadas polo Ministerio de Hacienda o 29 de xullo do 2024 para o exercicio 2025:

Cadro II. Recursos SFA 2024 vs 2025

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento inicial 2024	Rendementos definitivos 2024	Orzamento inicial 2025	Variación	
				Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	**10.205**	**10.559**	**10.857**	**299**	**2,8%**
- Entregas a conta	9.123	9.374	10.262	888	9,5%
- Liquidación ano n-2	1.167	1.270	680	-589	-46,4%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	-85	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dada a magnitude do incremento dos recursos do sistema de financiamento autonómico realizado no ano 2024 os importes do Orzamento inicial do ano 2025 compáranse en todo o informe cos rendementos definitivos do ano 2024, que se denomina orzamento 2024 axustado.

No conxunto, os ingresos procedentes do sistema de financiamento medran un 2,8% respecto do ano anterior, porén se ben as entregas a conta medran un 9,5%, a previsión

de liquidación de exercicios anteriores, que é a correspondente aos ingresos tributarios do ano 2023 diminúe nun 46,4%.

Esta diminución débese a que a liquidación do ano 2022 do conxunto das CCAA de réxime común foi extraordinariamente positiva (20.745,77 millóns de euros: a máis alta desde a aprobación do modelo no ano 2009, e 9.053,7 millóns de euros superior a liquidación prevista para o ano 2023, que se estima será a segunda liquidación máis alta de todo a serie).

No seguinte gráfico inclúense as liquidacións recibidas por Galicia desde o ano 2012, no que pode verse como desde a pandemia o importe recibido en concepto de liquidación medrou moitísimo como consecuencia tanto do incremento tan importante experimentado pola recadación tributaria desde entón como pola evolución en menor medida da estimación das correspondentes entregas a conta.

Gráfica I. Liquidacións sistema de financiamento autonómico (n-2) (inicial)



Na gráfica seguinte recóllese a evolución dos ingresos do sistema de financiamento desde o ano 2011, unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir, nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2 (e desde o ano 2011 se está a reintegrar o importe das liquidacións negativas xeradas nos exercicios 2008 e 2009).

Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

Gráfico II. Galicia - Ingresos do sistema de financiamento (inicial) vs PIB.



Neste sentido, a pesar dos fortes incrementos do PIB nominal nos anos 2021 e 2022, como corrección ante a forte caída provocada pola pandemia, os ingresos derivados do sistema de financiamento nos ditos anos non evolucionaron do mesmo xeito, incluso diminuíron, sobre todo no ano 2022, como consecuencia da forte liquidación negativa que se recibiu no dito ano, e que no caso de Galicia finalmente foi de -392,2 millóns de euros. A dita liquidación negativa xa se anticipaba ante a intensa caída do PIB no ano 2020 e ante o mantemento dos ingresos do sistema nese ano. No ano 2025 espérase que tanto a variación dos recursos do sistema de financiamento como a variación do PIB nominal evolucionen de maneira homoxénea, de modo que o menor crecemento do PIB provoque un menor aumento dos recursos do sistema de financiamento.

Gráfico III. Galicia - Evolución entregas a conta (inicial) vs PIB nominal.



O cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación coa evolución da economía. No que atinxe ás liquidacións, estas amosan unha evolución discordante co PIB do exercicio corrente, que mellora cando se comparan co PIB do exercicio n-2 ao que fan referencia, que é o que se recolle na seguinte gráfica. A forte baixa do exercicio 2019 mostra a sensible merma da liquidación do ano 2017 pola non compensación da implantación do SII no IVE.

Gráfica IV. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento (inicial)



Aínda así, as disparidades que xorden entre as liquidacións e o PIB do exercicio n-2 derivan do acerto na estimación dos ingresos a conta e do funcionamento dos fondos de

nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB. Agás, a anomalía de 2019, as restantes liquidacións so se separan da evolución do PIB n-2 pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que sobre todo durante os anos 2014 a 2018 renderon menos ao ter que repartirse entre máis beneficiarios, efecto que xa non se produce ao reducirse desde ese ano o número de beneficiarios do segundo subfondo de forma paulatina, de modo que na liquidación do ano 2022 houbo 5 CCAA beneficiarias, unha máis que no ano que se aprobou o vixente modelo e tendo en conta que chegaron a ser 10.

V.1.2. Evolución do resto de ingresos tributarios, dos ingresos patrimoniais e do alleamento de investimentos reais.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os cedidos non xestionados, os tributos propios, os prezos públicos e privados, os ingresos patrimoniais e do alleamento de investimentos reais experimentan un forte crecemento, dun 9,3% concretamente, motivado fundamentalmente pola aumento esperado da recadación dos tributos cedidos xestionados pola Xunta, nun 9%, tendo en conta que os ingresos que xestiona a ATRIGA supoñen case o 70% deste grupo de ingresos non financeiros.

A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD), o Imposto sobre sucesións e doazóns e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida.

A comparativa do ITP-AXD co respecto ao orzamento 2024 é positiva, cun incremento dun 8,6%, que obedece a unha esperada evolución positiva do mercado inmobiliario e dos prezos e a unha diminución da litixiosidade pola consolidación dos valores de referenza.

En canto o Imposto sobre Sucesións e Doazóns a cifra recadatoria prevista para o ano 2025 é de 181,3 millóns de euros, incrementando o seu importe un 2% respecto ao ano 2024, que responde sobre todo á actualización do valor das masas patrimoniais.

E todo isto, aínda que veñen impactadas as medidas fiscais implantadas dende o 2016 nas reducións de parentesco, as dirixidas ao mantemento do patrimonio familiar e a capacidade económica da familia, así como a regulación prevista no texto articulado da lei de medidas do ano 2025, que eleva e unifica a redución de parentesco para o grupo III, quedando determinada en 25.000 euros.

En canto ao Imposto sobre o Patrimonio para o ano 2025 prevese un importe de dereitos recoñecidos de 62,8 millóns de euros, o que supón un incremento dun 54,4% con respecto a cifra inicialmente orzada no ano 2024.

Esta cifra responde á previsión de ingresos pola campaña para o ano 2024, ao aumento do tipo aplicable no último tramo da tarifa do imposto e á redución da bonificación do 50%, ou no seu caso, das outras deducións autonómicas, no importe a pagar que derive da aplicación da normativa do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas.

Total ingresos tributarios

En total os ingresos dos capítulos I, II e III aumentan nun 5,8% respecto ao orzamento do ano anterior. No seguinte gráfico pode verse a evolución dos ditos ingresos desde o ano 2018, que mostra unha senda ascendente debido ao importante incremento da recadación tributaria nos últimos anos.

Gráfica V. Ingresos Tributarios



*2024 axustado

V.1.3. Evolución dos fondos finalistas e europeos

Por outra parte, o importe das transferencias finalistas doutras administracións diminúen levemente respecto ao ano anterior nun 1,7% ata os 2.162,65 millóns de euros. Estas proceden basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos.

No que atinxe aos fondos europeos, nos orzamentos para o ano 2025 estímase un importe de 1.230,1 millóns de euros, un 4,5% menos que no ano anterior. E en canto ao financiamento finalista do Estado, este increméntanse nun 2,3% respecto ao exercicio anterior, achegando 932,5 millóns de euros,

V.1.4. Evolución global dos ingresos.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2025 ascenden a 15.740,5 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 14.024,6 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.715,8 millóns, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro III. Cadro de ingresos do orzamento consolidado. miles de euros

Orzamento consolidado de Ingresos

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Impostos directos	3.621.911	4.072.768	450.857	12,4	23,9	25,9
II	Impostos indirectos	3.959.235	3.931.866	-27.369	-0,7	26,1	25,0
III	Taxas, prezos e outros ingresos	176.403	190.031	13.628	7,7	1,2	1,2
IV	Transferencias correntes	4.565.152	4.511.795	-53.357	-1,2	30,1	28,7
V	Ingresos patrimoniais	26.895	36.167	9.272	34,5	0,2	0,2
OPERACIÓNS CORRENTES		**12.349.596**	**12.742.627**	**393.032**	**3,2**	**81,4**	**81,0**
VI	Alleamento de investimentos reais	9.056	7.306	-1.750	-19,3	0,1	0,0
VII	Transferencias de capital	1.319.961	1.274.724	-45.237	-3,4	8,7	8,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.329.017**	**1.282.030**	**-46.987**	**-3,5**	**8,8**	**8,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.678.613**	**14.024.657**	**346.045**	**2,5**	**90,2**	**89,1**
VIII	Activos financeiros	100.442	100.547	105	0,1	0,7	0,6
IX	Pasivos financeiros	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3	9,2	10,3
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.489.591**	**1.715.883**	**226.292**	**15,2**	**9,8**	**10,9**
	Total	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

O total de ingresos non financeiros crece respecto ao orzamento axustado do ano anterior en 346 millóns de euros, un 2,5% máis. Este incremento débese ao incremento que experimentan os ingresos correntes, un 3,2% máis que no ano 2024, xa que os ingresos de capital diminúen nun -3,5%.

O incremento dos ingresos correntes explícase fundamentalmente polo incremento experimentado dos recursos do sistema de financiamento autonómico, nun 2,8%, debido

ao forte incremento das entregas a conta nun 9,5% que compensa a forte diminución da liquidación de exercicios anteriores, que cae un 46,4% .

En canto aos ingresos de operacións de capital se produce unha diminución de 46,9 millóns de euros, un 3,5% menos que no ano 2024. Como consecuencia de que, por un lado, os ingresos por alleamentos de investimentos reais redúcense en 1,7 millóns, un 19,3% menos respecto ao ano anterior e, por outro lado, as transferencias de capital diminúen nun 3,4% ata os 1.274,7 millóns de euros.

En canto aos ingresos financeiros crecen nun 15,2%, este incremento débese principalmente polo aumento necesario para amortizar débeda xa que esta aumenta nun 17% respecto ao ano anterior.

V.2. Evolución dos gastos e das principais magnitudes.

V.2.1. Evolución global do gasto non financeiro.

O gasto consolidado para o ano 2025 acada a suma de 15.740,5 millóns de euros, dos que 13.953,9 millóns corresponden a gasto non financeiro e 1.786,6 millóns a gasto financeiro, co detalle que mostra a seguinte táboa:

Cadro V. Cadro de gasto do orzamento consolidado. miles de euros

Orzamento consolidado de gastos

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	4.898.865	5.147.121	248.256	5,1	32,3	32,7
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.243.532	2.321.087	77.555	3,5	14,8	14,7
III	Gastos financeiros	199.822	214.277	14.455	7,2	1,3	1,4
IV	Transferencias correntes	3.101.668	3.276.964	175.296	5,7	20,4	20,8
OPERACIÓNS CORRENTES		**10.443.887**	**10.959.448**	**515.562**	**4,9**	**68,9**	**69,6**
V	Fondo de continxencia	312.912	16.839	-296.073	-94,6	2,1	0,1
VI	Investimentos reais	1.601.935	1.684.114	82.178	5,1	10,6	10,7
VII	Transferencias de capital	1.241.080	1.293.500	52.420	4,2	8,2	8,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**2.843.016**	**2.977.613**	**134.598**	**4,7**	**18,7**	**18,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.599.815**	**13.953.901**	**354.086**	**2,6**	**89,7**	**88,6**
VIII	Activos financeiros	239.667	231.988	-7.679	-3,2	1,6	1,5
IX	Pasivos financeiros	1.328.723	1.554.652	225.929	17,0	8,8	9,9
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.568.390**	**1.786.640**	**218.250**	**13,9**	**10,3**	**11,4**
	Total	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

O gasto non financeiro aumenta en 354 millóns de euros, o que supón unha variación dun 2,6%, os cales se destinan principalmente a reforzar os servizos públicos fundamentais.

Os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 10.959,4 millóns de euros o que implica un incremento do 4,9%, respecto ao ano 2024.

Por outro lado os créditos destinados a operacións de capital ascenden a 2.977,6 millóns de euros, o que supón un aumento do 4,7% respecto do ano anterior.

V.2.2. Evolución do gasto corrente.

Un dos principios esenciais para garantir a solvencia das administracións é controlar o crecemento do gasto corrente. Nas contas do 2025 ponse de manifesto o esforzo da administración por controlar a evolución das partidas de gasto asociadas a funcionamento operativo dos servizos, moi afectado pola elevada inflación durante os anos pasados, de xeito que ralentízase o seu crecemento, xa que mentres no ano 2023 aumentou nun 8,6%, no 2024 un 6,5%, para o 2025 estímase un incremento dun 4,9%.

Gráfica V. Gasto corrente



*2024 homoxeneizado e axustado

O gasto de persoal medra na mesma liña, un 5,1%, que por primeira vez superará os 5.000 millóns de euros, principalmente polo incremento das retribucións previstas para o vindeiro ano.

A evolución do gasto corrente en bens e servizos tamén presenta unha tendencia descendente, de xeito que mentres no ano 2023 se incrementaron nun 8%, no 2024 aumentaron nun 4,7% o incremento previsto para o ano 2025 é aínda menor dun 3,5%.

Por último, en canto ao gasto en xuros da débeda pública tamén amosa unha tendencia de incremento descendente. Xa que nos 2 anos anteriores o gasto medrou moito como consecuencia do forte incremento dos tipos de xuro, como consecuencia da resposta da política monetaria para conter as elevadas presións inflacionistas, concretamente no ano 2023 aumentou nun 49% e no 2024 un 80%, en cambio para o ano 2025 xa se esperan taxas de incremento moito menores, dun 7,2%.

V.2.3. Evolución do Aforro como garante do investimento.

Nestes orzamentos o aforro bruto acada os 1.783 millóns de euros, o que supón unha redución de 122,5 millóns respecto ao orzamento axustado do ano anterior, un 6,5% menos. Isto se debe a que o orzamento do ano pasado axustouse con motivo dos maiores recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, de modo que os ingresos correntes se incrementaron en 353 millóns de euros mentres o aumento nos gastos produciuse principalmente no fondo de continxencia, o cal provoca que o aforro bruto do orzamento axustado do ano 2024 medre en 311,8 millóns de euros. De non realizar o dito axuste o aforro bruto aumentaría en 188,2 millóns de euros.

Cadro VI. Aforro Bruto por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Ingresos	12.349.596	12.742.627	393.032	3,2
Impostos directos	3.621.911	4.072.768	450.857	12,4
Impostos indirectos	3.959.235	3.931.866	-27.369	-0,7
Taxas, prezos e outros ingresos	176.403	190.031	13.628	7,7
Transferencias correntes	4.565.152	4.511.795	-53.357	-1,2
Ingresos patrimoniais	26.895	36.167	9.272	34,5
Gastos	10.443.887	10.959.448	515.562	4,9
Gastos de persoal	4.898.865	5.147.121	248.256	5,1
Gastos en bens correntes e servizos	2.243.532	2.321.087	77.555	3,5
Gastos financeiros	199.822	214.277	14.455	7,2
Transferencias correntes	3.101.668	3.276.964	175.296	5,7
Aforro bruto	**1.905.709**	**1.783.179**	**-122.530**	**-6,4**

*2024 homoxeneizado e axustado

Os efectos positivos dos investimentos públicos sobre o benestar dos cidadáns esixe adoptar medidas co fin de garantir a súa continuidade a longo dos anos. Por iso é preciso contar con ferramentas financeiras que permitan garantir a súa sustentabilidade. Neste sentido unha variable que debe monitorizarse é o aforro bruto. Variable esencial para garantir unha política de investimentos estable, xa que manifesta a diferenza entre ingresos ordinarios e gastos ordinarios, representando por tanto a marxe de autofinanciamento e a solvencia da facenda.

Por outra é un indicador de relevancia, tanto pola información que subministra como polas implicacións legais que poida ter cara á obtención de préstamos a longo prazo. En efecto, non pode esquecerse que o artigo 14.2 da Lei Orgánica de Financiación das CCAA (LOFCA) establece que "Así mesmo, as Comunidades Autónomas poderán concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano, calquera que sexa a forma como se documenten, sempre que cumpran os seguintes requisitos: a) Que o importe total do crédito sexa destinado exclusivamente á realización de gastos de inversión."

Polo tanto, na medida en que exista aforro negativo, incumpriríase o mandato da LOFCA de que o endebedamento a longo prazo debe destinarse exclusivamente a financiar gastos de investimentos, xa que este exceso de gasto corrente tería que financiarse con endebedamento. Neste sentido, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 establece no apartado Tres da súa Disposición adicional septuaxésima quinta, adicada ao Réxime excepcional en materia de endebedamento autonómico en 2023 (prorrogada para o ano 2024 en virtude do disposto na disposición adicional 8.1 do Real Decreto Lei 8/2023, do 27 de decembro), que "Excepcionalmente en 2023, se como consecuencia das circunstancias económicas durante este exercicio resultara necesario, poderán concer-

tarse operacións de crédito por prazo superior a un ano, sen que resulten de aplicación as restricións previstas no apartado dos do artigo 14 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas", permitindo en definitiva financiar con débeda a longo prazo gasto corrente.

Polo que atinxe ao comportamento desta magnitude, as contas da Comunidade Autónoma de Galicia, amosan aforros positivos, acadando neste exercicio a cifra de 1.783 millóns de euros como resultado das políticas de control de gasto e que permiten autofinanciar os investimentos, e que cumpre co mandato da LOFCA de non financiar con débeda gasto corrente, senón políticas de investimento tan importantes para dinamizar a actividade economía mellorando o nivel de actividade, emprego e benestar dos cidadáns.

Nos últimos 3 anos o aforro bruto da Xunta de Galicia superou os 5.000 millóns de euros.

Gráfica VI. Aforro bruto 2014-2025

*2024 homoxeneizado e axustado

No seguinte gráfico pódese ver como non se recorre á débeda pública para financiar os gastos de capital, de modo que a meirande parte (un 56,9%) dos gastos de capital finánciánse con aforro bruto e o resto finánciase con ingresos de capital.

Gráfica VII. Fontes financiamento gastos de capital



*2024 homoxeneizado e axustado

V.2.4. Evolución do investimento.

A formación de capital no 2025 incrementase nun 12% respecto ao ano 2024 ascendendo ata 1.695,5 millóns de euros. Isto débese a que os gastos de capital medran nun 4,7%, ata chegar ata os 2.977,6 millóns e a que os ingresos de capital diminúen nun -3,5%.

A totalidade dos mesmos finánciansе cos ingresos de capital, por importe de 1.282 millóns de euros, e o resto financiase con aforro bruto. No ano 2025, por segundo ano consecutivo, non será necesario acudir a necesidade de financiamento para financiar os gastos de investimento.

Cadro VII. Formación de capital

Operacións de Capital	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Ingresos	1.329.017	1.282.030	-46.987	-3,5
Alleamento de investimentos reais	9.056	7.306	-1.750	-19,3
Transferencias de capital	1.319.961	1.274.724	-45.237	-3,4
Gastos	2.843.016	2.977.613	134.598	4,7
Investimentos reais	1.601.935	1.684.114	82.178	5,1
Transferencias de capital	1.241.080	1.293.500	52.420	4,2
Formación de Capital	**1.513.999**	**1.695.583**	**181.585**	**12,0**
Fondo de continxencia	312.912	16.839	-296.073	-94,6
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	**78.798**	**70.757**	**-8.042**	**-10,2**

*2024 homoxeneizado e axustado

Os gastos de capital acadarán o vindeiro ano os 2.977,6 millóns de euros, manténdose por quinto ano consecutivo nuns niveis moi elevados, de modo que nestes últimos anos o esforzo inversor ascenderá ata os 13.649 millóns de euros.

Gráfica VIII. Gasto de capital



*2024 homoxeneizado e axustado

Neste sentido é importante que se emprendan accións para garantir que os investimentos se orienten a mellorar as condicións de empregabilidade e crecemento económico como motor dun desenvolvemento sustentable.

No seguinte gráfico pode observarse o impulso inversor feito nos últimos anos, de modo que o peso dos investimentos no total do gasto non financeiro aumentou o seu peso en case 6 puntos respecto ao ano 2020.

Gráfica IX. Evolución do peso dos gastos capital vs gasto non financeiro.



*2024 homoxeneizado e axustado

V.2.5. Evolución da capacidade/necesidade de financiamento.

E en canto ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, como xa se comentou anteriormente, a fixación da regra de gasto no 3,2% para determinar o límite de gasto non financeiro impide poder recorrer ao endebedamento para poder financiar políticas de gasto, de xeito que os maiores recursos derivados do déficit non se poderían gastar sen incumprir a dita regra.

Ademais hai que ter en conta que o Consejo de Ministros aprobou varios acordos intentando establecer novas sendas de obxectivos de estabilidade orzamentaria para os anos 2025-2027 pero ata o de agora todas foron rexeitadas polas Cortes Generales.

Os orzamentos do ano 2025 amosan unha capacidade de financiamento de 70,7 millóns de euros, 8 millóns menos que o ano anterior que foi de 78,8 millóns de euros. Esta capacidade de financiamento resulta dunha situación de equilibrio en termos de contabilidade nacional e duns axustes negativos por importe de 70,7 millóns de euros, de modo que se temos en conta estes axuste de contabilidade nacional a capacidade/necesidade de financiamento é 0.

Os axustes de contabilidade nacional redúcense nun importe duns 8 millóns de euros como consecuencia da redución da achega a outras unidades consideradas AAPP e permanecendo constantes as estimacións dos restantes axustes.

Como, por exemplo, o axuste positivo polos reintegros das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009, xa que foron menores ingresos, en termos de contabilidade nacional, nos anos 2010 e 2011 e agora hai que reintegrar aquelas liquidacións negativas ata o ano 2031.

Cadro VIII. Capacidade/ Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Ingresos Correntes	12.350	12.743	393	3,2
Gastos Correntes	10.444	10.959	516	4,9
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	1.906	1.783	-123	-6,4
Fondo de continxencia	313	17	-296	-94,6
Ingresos de Capital	1.329	1.282	-47	-3,5
Gastos de Capital	2.843	2.978	135	4,7
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.514	-1.696	-182	12,0
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	**79**	**71**	**-8**	**-10,2**
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-125	-117	8	-6,4
Recadación incerta	-48	-48	0	0,0
Intereses devindicados				
Outros axustes	9	9	0	0,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-79	-71	8	-10,1
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	**0**	**0**	**0**	**0,0**

*** (Orzamento Homoxeneizado e Axustado) (Miles de Euros)**

V.3. Principais Políticas de Gasto no Orzamento 2025.

V.3.1. Evolución do Gasto social.

As políticas de gasto social que polo xeral garanten a seguridade sanitaria e a asistencia son, como é lóxico, as que mais recursos concentran debido ao alto custo dos servicios sociais que se prestan e a súa vocación universal. Estas políticas abranguen a Sanidade, a Educación, a Política Social e o Emprego.

No orzamento do ano 2025 está previsto que o gasto social medre nun 5%, moi por riba do incremento do total gasto non financeiro, que o fai nun 2,6%, e superando por primeira vez os 10.000 millóns de euros.

Gráfica X. Evolución Gasto de social



*2024 homoxeneizado e axustado

Estes servicios, que se blindaron durante a crise gañando peso na estrutura de gasto, mantéñense na actualidade debido a súa importancia para paliar os efectos da mesma, ou da pandemia, nas persoas, nas familias e nos traballadores. Deste xeito a suma do gasto en sanidade, educación, política social e emprego mantense no 73,6% sobre o total de gasto non financeiro. O gasto social, que tamén acada o maior volume da serie histórica: 10.266,7 millóns de euros para gasto social e emprego, 490 millóns de euros máis que no orzamento homoxéneo do ano 2024. O gasto na función sanidade supera por segundo ano consecutivo os 5.000 millóns de euros.

A composición das dotacións orzamentarias das políticas de gasto de sanidade, educación e política social obsérvase nos seguintes gráficos, onde destaca o forte incremento do gasto en política social, dun 10% máis que no ano anterior.

Gráfico XI. Incremento Gasto social. Funcións



*2024 homoxeneizado e axustado

V.3.2. Financiamento autonómico da Administración Local, investimento en I+D+i e financiamento das universidades.

Fondo Cooperación Local

A dotación do fondo de cooperación local acada no ano 2025 os 168,1 millóns de euros o que supón un incremento dun 6,3% respecto ao ano anterior. Este ano como novidade increméntase o importe do Fondo Base para os concellos de menos de 15.000 habitantes en 5,4 millóns de euros, de xeito que as entregas a conta destes concellos me-

drarán nun 8,2%. O total do Fondo Base aumenta nun 4,8%, o Fondo Adicional crece nun 2% e, por último, a liquidación o fai nun 64%.

Dende o ano 2010 a Xunta de Galicia repartiu aos concellos a través do FCL case 2.000 millóns de euros. A continuación pode verse a evolución do FCL nos últimos 11 anos:

Gráfico XII. Evolución Fondo Cooperación Local 2015-2025



En canto ao reparto do fondo adicional, na subcomisión permanente do réxime económico e financeiro da comisión de cooperación local acordouse xunto coa FEGAMP repartir o fondo adicional en función dos seguintes items de gasto compartido: os gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, os gastos de funcionamento dos servizos de emerxencia supramunicipais, os gastos de limpeza das faixas de biomasa para a prevención de lumes, os gastos de funcionamento dos conservatorios de grao medio de titularidade municipal, aos concellos que teñan institucións penitenciarias no seu termo municipal, os gastos derivados da participación do plan de extinción de niños de velutina, o mantemento do estímulo financeiro aos concellos que se fusionaron, actuacións de eficiencia enerxética en edificios de titularidade municipal, investimentos en infraestruturas municipais que supoñan un desenvolvemento estratéxico desde o punto de vista económico, social ou territorial, e por último, dótase un importe para compensar aos concellos polos custos derivados da xestión de residuos urbáns.

Investigación, Desenvolvemento e Innovación

En 2025, a Xunta de Galicia realizará un investimento histórico en Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i), destinando un total de 372 millóns de euros, o que supón un incremento moi significativo respecto ao ano anterior.

Gráfica XIII. Evolución do gasto I+D+i 2016-2025



*2024 homoxeneizado e axustado

Este investimento amosa o compromiso da Xunta de Galicia co fomento da innovación e a investigación, fortalecendo o investimento en I+D+i por habitante ata situalo por encima da media das comunidades autónomas. Este esforzo é fundamental para impulsar a competitividade das empresas galegas, atraer talento e fomentar un ecosistema innovador que contribúa ao desenvolvemento económico da nosa comunidade. Ao superar a media nacional, Galicia reafirma a súa posición na promoción da modernización e a transformación dixital, apostando por un futuro máis próspero e sostible para todos os galegos e galegas.

A importancia deste incremento vai moito máis alá dos números. A aposta decidida pola I+D+i sitúa a Galicia na senda dun crecemento sostible, baseado no coñecemento e nas capacidades tecnolóxicas. Esta estratexia permite fortalecer a competitividade das empresas galegas, facilitándolles o acceso a tecnoloxías avanzadas, o desenvolvemento de novos produtos e procesos, e a mellora da eficiencia produtiva, todo isto nun contexto global altamente competitivo. Ademais, favorece a súa proxección internacional, ampliando mercados e contribuíndo á súa resiliencia fronte a crises económicas e cambios tecnolóxicos acelerados.

Este investimento en innovación tamén xoga un papel crucial no fomento do emprego cualificado. Ao impulsar proxectos de investigación e desenvolvemento en sectores estratéxicos como a automoción, as enerxías renovables, a biotecnoloxía ou a intelixencia artificial, Galicia está xerando oportunidades para a atracción e retención de talento, espe-

cialmente entre a mocidade e os perfís máis formados. Isto, á súa vez, contribúe a frear o éxodo de talento cara a outras rexións ou países, garantindo que o capital humano máis valioso teña oportunidades para desenvolverse profesionalmente sen saír da comunidade.

Por outra banda, o incremento no orzamento de I+D+i axuda a fortalecer as relacións entre o sector privado, as universidades e os centros de investigación, creando un ecosistema de colaboración que favorece a transferencia de coñecemento e tecnoloxía. Desta maneira, non só se mellora a produtividade das empresas, senón que tamén se fomentan solucións innovadoras para os grandes retos da sociedade actual, como a transición ecolóxica, a dixitalización da economía ou a mellora da calidade de vida da poboación.

O camiño marcado por este investimento sitúa a Galicia nunha posición privilexiada para afrontar os retos globais que marcarán o século XXI. O respaldo á innovación non só é unha ferramenta clave para mellorar a competitividade económica, senón tamén para afrontar a loita contra o cambio climático, promover un uso máis eficiente dos recursos naturais e impulsar unha economía máis verde e sostible. Ademais, este esforzo en innovación reforza o papel de Galicia como un actor relevante dentro do marco europeo, facendo da comunidade un referente no desenvolvemento tecnolóxico e científico.

En definitiva, os 372 millóns que se investirán en I+D+i no 2025 son moito máis que unha cifra económica: representan un compromiso co futuro de Galicia, unha aposta pola creación de oportunidades e un xeito de asegurar que a comunidade se converta nun dos principais polos de innovación no ámbito estatal e internacional.

Financiamento das Universidades.

Por último, e relacionado con dita investigación universitaria, polo que respecta ao financiamento das universidades no ano 2022 entrou en vigor o novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026, no cal partindo do Plan anterior, realizáronse unha serie de axustes para perfeccionar o seu funcionamento.

Neste sentido incorporouse un subfondo non condicionado de gasto de funcionamento, tanto de gasto corrente como de gasto de capital, co fin de financiar os gastos estruturais das Universidades, de modo que reciban un financiamento estable que lles permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

E tamén se incluíu neste Plan un novo subfondo, dentro do financiamento non condicionado, denominado de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro.

No cadro seguinte amósanse as distintas masas e subfondos do novo Plan de Financiamento universitario e o criterio de evolución de cada un dos subfondos:

Cadro IX. Evolución masas e subfondos PGFU

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO INCONDICIONADO	1. ESTÁNDAR	Masa salarial
	2.1 SERGAS 2.2 INEF personal	Masa salarial
	3. INEF funcionamiento	Deflactor PIB
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	5. SUBFONDO GASTO DE CAPITAL INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	6. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	Complementos vixentes
	7. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	Constante agás o ACSUG (masa salarial)
	8. TOTAL PANEL DE INDICADORES	PIB real
	9. SUBFONDO DE MELLORA	5% de 1, 4 y 5
TOTAL		
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	10. FOMENTO I+D+i E TRANSFERENCIA	Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB
	11. FONDOS EUROPEOS	PO FEDER/FSE
	12. I+D+I (Cap II)	Constante
TOTAL		
FINANCIAMENTO TOTAL SUG		

Na gráfica seguinte compárase o financiamento recibido polas Universidades durante o anterior Plan de Financiamento, o vixente durante os anos 2016-2020 e que se prorrogou durante o ano 2021 por mor da pandemia, e o recibido durante os anos 2022-2025 co novo Plan de Financiamento 2022-2026, de modo que no ano 2025 as Universidades van recibir 24 millóns de euros máis que no ano 2024, un 13,4% máis.

Gráfica XIV. Plan de Financiamento Universitario 2016-2025



Parte do dito incremento destínase a financiar unha nova medida aprobada para o curso 2024-2025 pola Xunta de Galicia que permite seguir fomentando a igualdade de oportunidades, establecendo para o alumnado de grao unha bonificación do 99% do importe das matrículas universitarias. O obxectivo é seguir facilitando o acceso aos estudos universitarios e evitar exclusións debidas a razóns económicas.

O fomento do acceso aos estudios superiores sempre foi unha prioridade para a Xunta de Galicia xa que leva desde o curso 2011-2012 conxelando os importes das matrículas universitarias.

Outra prioridade que se persegue con esta medida é fomentar o rendemento económico xa que para manter o dereito a percepción da dita bonificación é necesario aprobar un número mínimo de crédito en cada curso que varía en función do tipo de rama universitaria.

Ademais, co establecemento da gratuidade nos estudios universitarios a Xunta de Galicia permite que todo o alumnado poida educarse en Galicia, desde a escola infantil e ata universidade, sen ter que pagar ningún importe.

O importe da dita bonificación estímase en 9,3 millóns de euros.

V.4. Gasto con perspectiva territorial.

O orzamento 2025 conta tamén cunha perspectiva territorial, que atinxe a todas as partidas de gasto agás as financeiras (capítulos de gasto 3, 8 e 9).

Así, unha vez deducido o gasto financeiro, o correspondente aos servizos centrais, é dicir, aqueles gastos asociados aos servizos prestados desde as sedes administrativas da

Xunta situadas no Concello de Santiago, e o gasto cun ámbito superior ao provincial, a distribución provincial do gasto explica o 92,6% do gasto non financeiro.

A distribución dese gasto por habitante e provincias é a seguinte: A Coruña 4.450 euros por habitante, Lugo 5.840 euros por habitante, Ourense 5.742 euros por habitante e Pontevedra 4.317 euros por habitante.

Gráfico XV.. Evolución do gasto non financeiro por habitante



Gráfica XVI . Distribución territorial do gasto





2024 Homoxeneizado e axustado

V.5. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios.

O cadro recollido de seguido mostra as variacións do orzamento consolidado da administración xeral, no que se refire ao gasto non financeiro. En termos absolutos, as consellerías de máis peso seguen a ser as que desenvolven as grandes políticas de gasto correspondentes a prestación de servicios públicos básicos como sanidade, educación e política social. A tendencia é que estas consellerías sigan gañando peso, dado o seu carácter básico.

Con todo, neste exercicio a consellería que mais medra respecto ao orzamento consolidado é a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cun 10,1%. As seguintes que mais medran son a Consellería de Política Social e Igualdade cun 8,5% e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas cun 8%.

As consellerías mais grandes crecen en xeral en torno a media: o 4,8%. Así a Consellería de Sanidade medra un 4,9% e a de Educación, Ciencia, Universidade e FP un 4,1%. Por enriba sitúase a Consellería de Política Social e Igualdade que medra un 8,5% como xa se comentou anteriormente. Con todo, as diferencias en termos absolutos mais grandes concéntranse nestas consellerías, Sanidade medra en 254,9 millóns de euros, Educación 120,6 millóns e Política Social 104,1 millóns.

En canto aos entes instrumentais a Axencia de Galega de Emerxencias medra nun 19,5%, o Instituto Galego de Promoción Económica un 19,3% e a Axencia Galega de Innovación un 15,3%.

Gráfico XV. Distribución por consellerías



Cadro X. Reparto do orzamento por consellerías

	2024	2025	DIFERENCIA	TV 24/25
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	21.208	21.752	544	2,6%
306.04 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	137.072	146.349	9.277	6,8%
TOTAL PRESIDENCIA	**158.280**	**168.100**	**9.821**	**6,2%**
05 - CONSELLERIA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES	564.949	575.501	10.552	1,9%
105.05- ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.631	3.668	37	1,0%
402.05 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.669	10.363	1.694	19,5%
TOTAL CONSELLERIA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES	**577.248**	**589.532**	**12.284**	**2,1%**
06 - CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	163.441	179.967	16.526	10,1%
111.06 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	5.677	6.262	585	10,3%
TOTAL CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	**169.118**	**186.229**	**17.112**	**10,1%**
07 - CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CIENCIA UNIVERSIDADES E F.P.	2.820.965	2.926.398	105.433	3,7%
304.07 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	99.594	114.789	15.195	15,3%
TOTAL CONSELLERIA EDUCACIÓN CIENCIA UNIVERSIDADES E F.P.	**2.920.559**	**3.041.187**	**120.629**	**4,1%**
08 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	1.204.364	1.307.104	102.740	8,5%
307.08 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	15.020	16.477	1.457	9,7%
TOTAL POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	**1.219.384**	**1.323.580**	**104.196**	**8,5%**
09 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	98.399	88.192	-10.207	-10,4%
310.09 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	17.523	20.021	2.498	14,3%
405.09 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	152.256	181.569	29.314	19,3%
407.09 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	79.696	84.620	4.924	6,2%
TOTAL ECONOMÍA E INDUSTRIA	**347.874**	**374.402**	**26.528**	**7,6%**
10 - CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	31.638	34.049	2.411	7,6%
101.10 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.945	5.068	123	2,5%
102.10 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	5.345	5.474	129	2,4%
303.10 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	191.621	190.901	-720	-0,4%
305.10 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	19.031	20.407	1.376	7,2%
404.10 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.127	1.153	26	2,3%
TOTAL FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	**253.706**	**257.052**	**3.346**	**1,3%**
11 - CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	25.657	27.346	1.689	6,6%
201.11 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	166.075	220.661	54.586	32,9%
302.11 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	283.620	265.136	-18.484	-6,5%
TOTAL VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	**475.352**	**513.143**	**37.791**	**8,0%**
12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	114.454	118.886	4.433	3,9%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAUDE	5.055.986	5.305.272	249.286	4,9%
308.12 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	4.941	4.961	20	0,4%
309.12 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	27.260	28.487	1.227	4,5%
TOTAL SANIDADE	**5.202.640**	**5.457.606**	**254.966**	**4,9%**
13-CONSELLERIA DE CULTURA LINGUA E XUVENTUDE	120.109	129.767	9.658	8,0%
301-13 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIA CULTURAIS	17.189	16.856	-333	-1,9%
TOTAL CULTURA LINGUA E XUVENTUDE	**137.298**	**146.622**	**9.325**	**6,8%**
14 - CONSELLERÍA DE EMPREGO COMERCIO E EMIGRACIÓN	480.903	480.398	-505	-0,1%
107.14 - INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	7.452	7.736	283	3,8%
110.14 - INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA	7.638	7.846	207	2,7%
411.14 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.460	1.486	27	1,8%
TOTAL EMPREGO COMERCIO E EMIGRACIÓN	**497.454**	**497.466**	**12**	**0,0%**
15 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	521.560	554.103	32.543	6,2%
203.15 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	54.597	49.571	-5.026	-9,2%
408.15 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	63.608	55.143	-8.464	-13,3%
409.15 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	41.397	42.342	945	2,3%
TOTAL MEDIO RURAL	**681.161**	**701.159**	**19.998**	**2,9%**
16 - CONSELLERÍA DO MAR	209.645	215.437	5.792	2,8%
410.16 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	5.135	5.343	207	4,0%
TOTAL MAR	**214.780**	**220.780**	**6.000**	**2,8%**
TOTAL GASTO NO FINANCIERO CONSELLERÍAS	**12.854.853**	**13.476.860**	**622.007**	**4,8%**
01 - PARLAMENTO	22.642	24.990	2.348	10,4%
02 - CONSELLO DE CONTAS	8.642	9.886	1.243	14,4%
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	3.216	3.333	117	3,6%
20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.343	2.400	57	2,4%
21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	158.128	168.057	9.929	6,3%
22 - DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	199.300	214.000	14.700	7,4%
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	350.690	54.376	-296.314	-84,5%
	13.599.815	**13.953.901**	**354.086**	**2,6%**

SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI.1. As novas regras fiscais: o Plan Fiscal Estrutural a medio prazo e a nova senda de gasto neto plurianual.

Este ano resulta especialmente importante, porque trala volta ás regras fiscais no ano 2024, logo de anos aplicando a cláusula xeral de salvagarda para apoiar a loita e recuperación das economías fronte aos efectos da pandemia, Europa aprobou un novo marco fiscal. Un marco chamado a canalizar as finanzas das administracións europeas ata recuperar niveis sostibles de débeda e marxe de manobra fronte a novos eventos desfavorables que poidan aparecer no futuro.

A principal novidade é a necesidade de aprobar por parte de todos os Estados membros un Plan Fiscal Estrutural a 4 (ou a 7) anos, cuxo elemento central é o compromiso de fixar unha senda de gasto plurianual, é dicir, limitar o crecemento do gasto primario financiado a nivel nacional (gasto neto).

Por gasto neto enténdese o gasto público neto dos gastos en xuros, de medidas discrecionais relativas aos ingresos, dos gastos programados financiados con fondos da UE, do gasto nacional en cofinanciamento, dos elementos cíclicos do gasto en prestacións de desemprego e das medidas puntuais e doutras medidas de carácter puntual.

Os Estados membros comprométense a manter o gasto neto por debaixo das taxas de crecemento que se fixen no dito Plan coa finalidade de garantir o cumprimento dos requisitos de sostibilidade da débeda pública. De modo que para cumprir coa senda de gasto neto aprobada os Estados terán que elixir entre restrinxir a evolución do gasto público ou un aumento dos ingresos.

Unha vez aprobada a senda de gasto neto plurianual pola Comisión Europea esta constituirá a referencia operativa única para a supervisión fiscal durante a fase de execución do Plan Fiscal Estrutural. De xeito que a partir do nivel de gasto neto no ano T-1 (último ano con datos de execución dispoñibles) no Plan Fiscal Estrutural se compromete as taxas de crecemento anuais (e, por tanto, acumulativas) do gasto neto para o ano no que se presenta o Plan (T) e para os seguintes 4 anos (T+1, T+2, T+3 e T+4).

As desviacións respecto da senda de gasto se rexistrarán nunha conta de control de modo que a conta rexistrará un débito cando o gasto neto observado sexa superior ao que correspondería e un crédito cando sexa inferior.

Por último, e co obxecto de reforzar o cumprimento dos obxectivos fiscais, a traxectoria de axuste debe cumprir con dúas salvagardas:

- a salvagarda da sustentabilidade de débeda, de modo que garanta unha redución media anual mínima da débeda de 0,5% do PIB mentres o cociente de débeda mantéñase entre o 60% e o 90% do PIB, e de 1% do PIB cando supere o 90%;
- e a salvagarda da resiliencia do déficit, de modo que se alcance un nivel de déficit que proporcione unha marxe común de seguridade (colchón orzamentario) en termos estruturais do 1,5% do PIB, mediante un axuste estrutural anual mínimo de 0,4% do PIB, que se reducirá a 0,25% se o período de axuste esténdese a sete anos.

VI.1.1. Regras fiscais 2025

Para o ano 2025 o Estado no mes de xullo de 2024 aprobou o seu límite de gasto non financeiro aplicando unha regra de gasto do 3,2% (3,3% e 3,4% para os anos 2026 e 2027 respectivamente), e especificando que esta regra de gasto era acorde e compatible coa taxa de crecemento do gasto primario neto que se vai incluír no Plan Fiscal Estrutural.

Polo que dentro do marco de elaboración dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia para aprobar o seu límite de gasto non financeiro para o exercicio 2025 utilizou a dita taxa de crecemento do gasto.

E en canto ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, como xa se comentou anteriormente, a fixación da regra de gasto no 3,2% para determinar o límite de gasto non financeiro impide poder recorrer ao endebedamento para poder financiar políticas de gasto, de xeito que os maiores recursos derivados do déficit non se poderían gastar sen incumprir a dita regra.

VI.1.2. A Regra de gasto 2025

A regra de gasto á que refire o artigo 12 da Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira establece que "a variación do gasto computable do sector público autonómico non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo que informe cada ano o Consello de Política Fiscal e Financeira".

Cando se aproben cambios normativos que supoñan variacións permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos nos que se produzan esas variacións de recadación deberá axustarse na contía equivalente.

A lei orgánica de estabilidade orzamentaria LO 2/2012 entende por gasto computable aos efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en térmos do Sistema Europeo de Contas, agás os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vencelladas aos sistemas de financiamento.

En primeiro lugar, debe entenderse que cando está a falar de variación do gasto computable da Comunidade Autónoma falamos do gasto do subsector público autonómico en termos de contabilidade nacional. Por tanto, a efectos de calcular a variación do gasto deberán terse en conta as unidades que integran o mesmo. A efectos prácticos, as entidades a considerar son as unidades clasificadas como Administración autonómica no rexistro de entes da IGAE (é dicir, incluíndo os entes instrumentais non recollidos dentro do perímetro de consolidación do orzamento e as entidades integrantes do sistema universitarios de Galicia). A regra de gasto calcularase por tanto consolidando eliminando as transferencias dos diferentes suxeitos que integran o sector público administrativo.

A taxa de variación do gasto computable dun exercicio calculase de acordo coa seguinte fórmula:

T.V. Gasto computable (%) = (Gasto computable ano 2020/ Gasto computable ano 2019) -1 x 100

O cálculo do gasto computable de 2024 realízase a partir da estimación da liquidación do orzamento do devandito exercicio.

Para a determinación do gasto computable, partimos dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas, sobre o que se realizan unha serie de axustes para poder chegar ao gasto computable, principalmente se desconta o gasto en xuros e o gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e doutras AAPP.

O seguinte cadro de traballo analiza o cumprimento no ano 2025 da regra de gasto, de xeito que pode comprobarse como a variación do gasto computable cumpre co límite fixado polo Estado en xullo do ano 2024: un 3,2%.

Cadro I. Regra de gasto 2024-2025

CONCEPTOS	2024 previsión peche	2025 Orzamento
GASTO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	**13.193.824**	**13.938.606**
Gasto en Xuros	-233.000	-214.277
Gasto financiado con fondos finalistas doutras AAPP	-2.261.122	-2.421.907
Outros axustes	791.090	558.108
TOTAL GASTO COMPUTABLE	**11.490.792**	**11.860.530**
TAXA DE VARIACIÓN SOBRE O EXERCICIO ANTERIOR		**3,2%**

VI.1.3. O Límite de débeda: a sustentabilidade financeira.

O obxectivo da nova variable de referencia da supervisión fiscal, a senda de gasto neto, é garantir a sostibilidade da débeda pública, de xeito que, como xa se comentou, naqueles Estados membros cuxa débeda pública supere o 60% do PIB ou o déficit público exceda do 3% do PIB a Comisión Europea transmitirá ao Estado en cuestión unha traxectoria de referencia do gasto neto que permita garantir que, ao final do período de axuste, a ratio de débeda pública prevista se sitúe ou se manteña nunha senda descendente verosímil ou se manteña en niveis prudentes por debaixo do 60% do PIB, garantindo ademais que o déficit público se reduza e se manteña por debaixo do 3% do PIB.

A dita traxectoria de referencia garantirá que a previsión da ratio débeda pública-PIB diminúa nun importe medio anual mínimo de 1 punto porcentual sempre que a ratio de débeda supere o 90% ou 0,5 puntos cando a ratio se sitúe entre o 60 e o 90% do PIB.

Non obstante, coa finalidade de garantir unha redución máis gradual da débeda pública, o período de axuste pode ampliarse por un máximo de 3 anos se o Estado membro en cuestión se compromete a realizar un conxunto de reformas e investimentos verificables que favorezan o crecemento e a resiliencia, apoien a sostibilidade fiscal, respondan as prioridades comúns da Unión, as recomendacións específicas de cada país, así como as súas prioridades específicas de investimento, sen dar lugar a unha redución do nivel de investimento público financiado a nivel nacional.

Un dos cadros que segundo as orientacións publicadas pola Comisión Europea dirixidas aos distintos Estados membros sobre os requisitos de información que hai que incluír nos Plan Fiscais Estruturais a medio prazo se refire á evolución da débeda pública durante o período de duración do dito Plan. E no mesmo se distingue a evolución dos distintos compoñentes da débeda pública:

- o saldo primario,
- os axustes stock-fluxo,

- e, en particular, o efecto bola de neve, que a súa vez pode descompoñerse en tres efectos:
  - O efecto dos xuros.
  - O efecto do crecemento real do PIB.
  - E o efecto da inflación.

Xa que a dinámica da evolución da débeda depende da evolución do saldo primario, é dicir, do déficit ou superávit sen ter en conta os xuros, do axuste stock-fluxo, que reflicte a diferenza entre a variable stock (variación da débeda PDE) e a variable fluxo (o déficit público) debido á parte da variación da débeda pública que non afecta ao déficit, entre outros, pola evolución das adquisicións de activos financeiros e de aqueles pasivos que non computan na débeda PDE e, por último, tamén depende do efecto bola de neve, no que os xuros teñen un efecto negativo e o crecemento do PIB real e a inflación teñen un efecto positivo na evolución da débeda.

No seguinte gráfico pode verse a evolución da débeda pública desde a introdución do euro nos seguintes países da UE e no conxunto da zona euro:

Gráfico I. Evolución débeda pública (% PIB) 1999-2023



Fonte: Eurostat

Pode observarse neste gráfico o forte impacto que tiveron as dúas grandes crises ocorridas neste tempo (a grande crise financeira e de débeda pública durante os anos 2008-2012 e a crise provocada pola pandemia durante os anos 2020 e 2021), na evolución da débeda pública, de modo que mentres no ano 2007 a ratio débeda-PIB estaba en España no 36% no ano 2023 a dita ratio xa estaba no 108%, é dicir, un incremento de 72 puntos porcentuais. En cambio no conxunto da zona euro o dito incremento foi moito menor, de soamente 23 puntos porcentuais, pasando de 66% a 89% do PIB.

En marzo de 2024 a Comisión Europea publicou o seu informe anual de sostibilidade da débeda pública do ano 2023, no que se contiña a seguinte previsión para a evolución da débeda pública do Reino de España para a próxima década:

Gráfico II. Previsión evolución débeda pública 2021-2034 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2023 sostibilidade débeda pública.

De modo que a Comisión Europea espera que nos próximos 10 anos a ratio débeda-PIB se incremente de forma continuada ata chegar a unha ratio de 118,4%, case 12 puntos porcentuais máis. Este incremento débese fundamentalmente á evolución prevista para o saldo orzamentario primario:

Gráfico III. Previsión déficit primario 2021-2034 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2023 sostibilidade débeda pública

E en canto ao efecto bola de neve, mentres nos anos 2021-2026 permitiu reducir moito a ratio débeda-PIB ao ser o seu importe superior ao déficit primario (como conse-

cuencia do forte incremento do PIB, tanto en termos nominais como reais) desde o ano 2027 o seu importe non permite seguir compensando os déficits primarios, de modo que desde ese ano espérase un incremento continuado da ratio débeda -PIB. E ademais, estímase para os anos 2033 e 2034 que o efecto bola de neve incremente a débeda pública, en vez de reducila, xa que en ditos anos o importe previsto que teremos que pagar en concepto de xuros é superior ao incremento do PIB nominal.

Gráfico IV. Previsión efecto bola de neve 2021-2034 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2023 sostibilidade débeda pública

Por outra parte, en canto ao saldo orzamentario primario a Comisión Europea distingue tamén entre:

- Saldo cíclico
- Saldo estrutural antes de custes de envellecemento
- Custes de envellecemento
- E outros (impostos e ingresos de propiedades).

A continuación pode verse a desagregación prevista pola Comisión para o saldo orzamentario do Reino de España para a vindeira década:

Gráfico V. Previsión desagregación saldo orzamentario 2021-2034 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2023 sostibilidade débeda pública

Pode comprobarse como a totalidade do incremento do déficit primario nos próximos anos débese ao impacto dos custes esperados do envellecemento, de modo que mestres para o ano 2025 se espera un impacto dun 0,1% do PIB, para os seguintes anos estímase un incremento moi forte chegando a unha previsión para o ano 2034 dun 1,7% do PIB.

Por último, no seguinte gráfico compárase a evolución prevista dos custes de envellecemento, en % do PIB, para varios países da UE:

Gráfico VI. Previsión desagregación saldo orzamentario 2021-2034 España



Fonte: Comisión europea. Informe 2023 sostibilidade débeda pública

Pode observarse, como segundo as estimacións da Comisión Europea, para a próxima década os países da península ibérica son nos que máis impacto vai ter o custe do envellecemento sobre as súas finanzas públicas.

A continuación amósase a previsión da evolución da débeda pública de Galicia para os anos 2024-2028, desagregando os distintos compoñentes que a integran, segundo a información que se debe incluír nos novos Plans Fiscais Estruturais:

Cadro II. Previsión evolución débeda Galicia 2023-2028 (% PIB)

	Débeda	2023 Millóns €	2023 % PIB	2024 % PIB	2025 % PIB	2026 % PIB	2027 % PIB	2028 % PIB
35	Débeda bruta (IV T 2023)	12.170,0	15,7%	14,6%	14,1%	13,7%	13,3%	12,9%
36	Variación da débeda bruta		-1,1%	-1,1%	-0,5%	-0,4%	-0,4%	-0,4%
38	Saldo primario (= -32)		0,0%	-0,2%	-0,3%	-0,3%	-0,3%	-0,5%
39	Efecto bola de neve		-1,3%	-0,6%	-0,3%	-0,2%	-0,1%	-0,1%
40	Gasto en xuros (=14)		0,1%	0,2%	0,3%	0,3%	0,3%	0,3%
41	Crecemento		-0,3%	-0,3%	-0,3%	-0,2%	-0,2%	-0,2%
42	Inflación		-1,1%	-0,5%	-0,4%	-0,3%	-0,3%	-0,2%
43	Axuste stock-fluxo (=36-38-39)		0,1%	-0,3%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%
44	p.m Tipo de interés implícito da débeda (=14/DEUDA(t-1))	0,9%						

A dinámica da débeda pública de Galicia amosa unha evolución descendente de conformidade coas novas esixencias da UE e espérase que se manteña en niveis prudentes, permitindo chegar ao 12,9% no ano 2028, polo que case se cumpriría no dito ano co

obxectivo do 13% do PIB establecido no artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que establece que:

"O límite de débeda pública de cada unha das Comunidades Autónomas non poderá superar o 13 por cento de seu Produto Interior Bruto rexional."

No seguinte gráfico desagrégase o efecto bola de neve previsto para este período, de xeito que pode comprobarse como diminuíu moito a ratio débeda-PIB nos anos 2023 e 2024 como consecuencia do crecemento do PIB nominal e como no resto de anos o efecto bola de neve permite que se siga reducindo a dita ratio.

Gráfico VII. Previsión efecto bola de neve Galicia 2023-2028 (% PIB)



E, a continuación, amósase a senda esperada de evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023-2028:

Gráfica VIII. Proxección Galicia - Débeda Pública/PIB (PDE) 2023-2028



VI.1.4. A sustentabilidade financeira no corto e no medio prazo: liquidez e solvencia financeira.

O goberno galego sempre se comprometeu co cumprimento das regras fiscais, levando a cabo un control rigoroso do déficit público e da débeda pública, que permitiron garantir a sustentabilidade da débeda pública no corto e medio prazo. A liquidez e a solvencia son dous principios moi interiorizados na xestión da facenda galega, non hai que esquecer que fomos a primeira autonomía que estableceu legalmente uns principios reitores encamiñados a garantir a sustentabilidade da débeda mediante a promulgación da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. En efecto, dita norma fundamentouse na necesidade de que a estabilidade orzamentaria constitúe un requisito necesario, pero non suficiente, para garantir a sustentabilidade financeira das administracións públicas, e dando un paso adiante en aspectos esenciais, como era disciplinar a elaboración dos orzamentos xerais co establecemento dun límite de gasto non financeiro autorizado polo Parlamento de Galicia e na que se recollían tres regras de disciplina fiscal que intentaban garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo.

A primeira, mediante a obriga de financiar calquera incremento de gasto corrente con ingreso corrente e así controlar a evolución do aforro bruto impedindo ao mesmo tempo a aparición de déficits estruturais, a segunda, que a débeda pública autonómica manteña un nivel prudente e unha evolución estable ao longo do ciclo, para conseguir esta última, se limitaba o crecemento do gasto na fase expansiva do ciclo a unha taxa equivalente ao do crecemento do PIB nominal, e a terceira, mediante a obriga de dedicar posibles maiores recadacións conxunturais a reducir a débeda xerada nas fases recesivas do ciclo.

No seu conxunto estas medidas permitiron un control sobre a evolución do déficit e do endebedamento autonómico. Así podemos afirmar que dende o ano 2008 somos a cuarta das comunidades autónomas que menos incrementou a súa ratio Débeda/PIB, cun incremento de só 9,3 puntos fronte a un incremento de 15,5 puntos no conxunto de autonomías.

Sendo ademais a Comunidade Autónoma que menos incrementou a súa débeda no período 2008-2023, en termos absolutos.

Gráfica IX. CCAA incremento Absoluto débeda (PDE) M€ 2008-2023



Fonte: Banco de España.

No que respecta a perspectiva da sustentabilidade dende o punto de vista da liquidez, entendida como a capacidade de ter acceso aos mercados e á capacidade de refinanciamento, a Facenda Galega sempre tivo o visto bo dos mercados, neste sentido somos das poucas autonomías que non utilizamos intensivamente os mecanismos de financiación postos a disposición por parte da AGE durante o período 2012-2024 ante os problemas de liquidez e solvencia aos que enfrontábanse as facendas autonómicas, xa que podíamos financiar as nosas necesidades de endebedamento nos mercados. No obstante, dadas as condicións favorables de financiamento en termos de xuros, por criterios de oportunidade, determinaron o uso destes mecanismos como fonte de financiamento complementaria.

O volume total de recursos postos a disposición das autonomías no período 2012-2024 a través destes mecanismos ascenden a 455.960,7 millóns de euros dos cales a Facenda Galega soamente utilizou 9.562,4 millóns, o que representa un 2,1% do total e que en termos do PIB rexional equivalen a un 13,7% do mesmo.

Gráfica X. CCAA Medidas liquidez AGE 2012-2024 (% PIB)



Fonte: Banco de España.

Así mesmo, como indicador indirecto de liquidez da facenda galega pode utilizarse a evolución do período medio de pago aos provedores de xeito que observase que a Facenda Galega sempre estivo pagando as súas obrigas con moita celeridade e por debaixo dos prazos establecidos pola lei de morosidade.

Gráfica XI. CCAA Período medio pago provedores (media de cada ano)



Fonte: IGAE.

No que respecta a perspectiva da sustentabilidade dende o punto de vista da solvencia, refírese á capacidade de obter superávits primarios o suficientemente grandes como para facer fronte ao servizo da débeda, pero dende unha perspectiva do longo prazo. Así a capacidade de xerar superávits primarios, dependerá en gran medida da capacidade de obter ingresos suficientes para o desempeño das nosas competencias.

En efecto un aspecto esencial para garantir a sustentabilidade financeira desta comunidade o constitúe o sistema de financiamento autonómico. Non hai que esquecer que o sistema de financiamento procura arredor do 80% dos recursos desta comunidade. Polo que a esperada reforma do sistema de financiamento, constitúe un aspecto crucial para garantir a sustentabilidade das finanzas públicas no longo prazo, nun contexto no que as administracións enfróntanse a unhas necesidades crecentes, derivadas dunha poboación cada vez máis avellentada, a importantes cambios económicos e sociais, que determinan un significativo aumento del gasto dedicado os servizos públicos fundamentais que deben facernos reflexionar sobre a sustentabilidade do gasto público, e o impacto que distintos factores, entre os que destaca o avellentamento da poboación, poidan ter sobre os mesmos, polo que se deben adoptar medidas que nos preparen ante os retos aos que nos imos a enfrontar, garantindo unha debida equidade interxeracional. Da súa reforma e evolución dependerá en gran medida a capacidade da Facenda galega para xerar superávits primarios e así garantir a sustentabilidade da débeda dende a perspectiva da solvencia.

VI.1.5. Evolución do endebedamento: posición relativa.

A ratio débeda/PIB da Comunidade Autónoma de Galicia, como pode ollarse no seguinte gráfico, segue a mostrar un diferencial positivo en relación coa ratio media das CCAA que se ven mantendo ao longo da serie histórica de modo que nos últimos 22 anos o dito diferencial mellorou en case 9 puntos porcentuais, pasando Galicia de ter no ano 2000 unha ratio de débeda-PIB superior en máis de 3 puntos a estar 5,6 puntos por debaixo cos últimos datos publicados polo Banco de España (xuño de 2024).

Gráfico XII. Evolución débeda PDE. Ratio débeda/PIB. Banco de España



Fonte: Banco de España.

A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non é un fin en si mesmo, constitúe unha garantía para a sostibilidade das finanzas públicas, xa que permitirá, cando sexa preciso, acudir de xeito temporal aos ingresos financeiros para compensar caídas dos ingresos público en fases recesivas do ciclo.

A estes efectos manter unha débeda controlada ata o de agora é unha fortaleza que nos permite soportar menores custes financeiros, pero tamén acudir máis facilmente aos mercados financeiros en caso de ser preciso.

A seguinte gráfica mostra a evolución dos últimos anos do volume de débeda da comunidade autónoma e do custe de mantela, pode verse como o stock de débeda mantívose estable ata o comezo da pandemia, momento no que o endebedamento neto tivo que aumentar co fin apalancar a recuperación; en termos de ratio débeda-PIB o incremento foi moito máis pronunciado como consecuencia da abrupta caída que experimentou o PIB no ano 2020, desde entón a ratio segue unha tendencia a baixa, de modo que cando remate o ano 2025 a ratio reducirase ata o 14,4% do PIB. Acercándonos ata os niveis de débeda previstos na normativa de estabilidade orzamentaria, de modo que no ano 2025 o recurso á débeda soamente se utilizará no importe correspondente ás liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Como tamén pode verse na dita gráfica o control do stock combinado cunha axeitada política de xestión de pasivos aproveitando as favorables condicións de mercado, permitiu xerar importantes aforros de custes en xuros ás finanzas autonómicas, o cal viuse abruptamente interrompido durante o ano 2022 como consecuencias das tensións oco-

rridas nos mercados financeiros, de modo que nos anos 2023, 2024 e 2025 producirase un incremento moi importante dos gastos financeiros.

Gráfico XIII. GALICIA. Evolución Gasto financeiro vs Débeda (PDE)



Fonte: Banco de España.

No seguintes gráficos pode observarse a evolución do endebedamento autonómico dende o ano 2008. As comunidades autónomas tiveron comportamentos heteroxéneos no que atinxe a evolución da débeda pública/PIB, que van dende aumentos de 8,9 puntos no caso de Galicia, ata incrementos de máis de 28,5 puntos no caso da Comunidade Valenciana.

Gráfico XIV. GALICIA. Débeda/PIB (PDE)



Fonte: Banco de España.

Tamén é de interese analizar a débeda per cápita das distintas comunidades autónomas. Desde este punto de vista Galicia amosa a quinta menor débeda per cápita, cun valor case exacto á de Andalucía e moi similar á de Navarra que son cuarta e terceira respectivamente. Pola contra Cataluña e a Comunidade Valenciana teñen una débeda per cápita 2,4 veces superior a de Galicia.

Gráfico XV. Débeda per cápita IV T 2023



Fonte: Banco de España e INE.

Conxugando ambos criterios, Débeda/PIB e Débeda/habitante se configuran as seguintes gráficas que reflicten a situación das comunidades autónomas atendendo aos ditos criterios tanto no 2008 como no 2022 amosando a mellora significativa da posición da comunidade autónoma de Galicia.

Gráfico XVI. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2008



Fonte: Banco de España e INE.

Gráfico XVII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2023



Fonte Banco de España e INE.

Como se manifestou en apartados anteriores deste informe, as políticas fiscais deben ter como obxectivo preservar a sustentabilidade da débeda, polo que é mais necesario que nunca o compromiso con planes fiscais a medio prazo cribles e sostibles, establecendo unha folla de ruta no que o control do déficit, na procura de superávits primarios, que permita que a débeda pública amose unha tendencia sustentable.

Así a elaboración dos orzamentos para 2025 enmárcanse dentro dunha estratexia fiscal a medio prazo que contempla a natureza estrutural ou conxuntural de gastos e ingresos.

A conxunción destas actuacións, control do déficit e o impulso do crecemento determinarán a sustentabilidade da nosa débeda pública, garantindo por outra a debida equidade interxeracional non trasladando a xeración futuras problemas do presente.

VI.2. Evolución da situación orzamentaria.

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado da comunidade autónoma nos últimos exercicios.

VI.2.1. Ingresos

Os ingresos non financeiros superan os 14.000 millóns de euros, ata acadar os 14.024 millóns de euros, 346 millóns máis que no orzamento consolidado de 2024.

Cadro III. GALICIA. Evolución do orzamento de ingresos consolidado. Datos homoxeneizados

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024*	2025
INGRESOS																	
I Impostos directos	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020	2.194	2.335	2.275	2.431	2.616	2.748	2.844	3.356	3.622	4.073
II Impostos indirectos	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118	3.243	3.324	3.456	3.451	3.638	3.337	3.094	3.819	3.959	3.932
III Taxas, prezos e outros ingresos	286	271	174	180	205	166	177	179	169	169	178	187	172	173	172	176	190
IV Transferencias correntes	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168	2.394	2.517	2.815	3.008	2.943	3.703	3.738	3.800	4.565	4.512
V Ingresos patrimoniais	54	20	16	22	23	24	19	16	9	8	9	8	7	23	12	27	36
Total operacións correntes	**9.205**	**8.058**	**7.836**	**7.806**	**7.397**	**7.214**	**7.501**	**8.026**	**8.354**	**8.724**	**9.076**	**9.392**	**9.967**	**9.872**	**11.159**	**12.350**	**12.743**
VI Alleamento de investimentos reais	111	49	27	32	30	13	10	13	7	11	7	7	5	8	9	9	7
VII Transferencias de capital	742	681	613	589	513	480	517	535	561	559	671	702	1.039	1.380	1.331	1.320	1.274
Total ingresos de capital	**853**	**730**	**640**	**621**	**543**	**493**	**527**	**548**	**568**	**570**	**679**	**708**	**1.044**	**1.388**	**1.340**	**1.329**	**1.281**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**10.059**	**8.788**	**8.476**	**8.428**	**7.940**	**7.706**	**8.028**	**8.573**	**8.922**	**9.294**	**9.755**	**10.101**	**11.011**	**11.260**	**12.499**	**13.679**	**14.024**
VIII Activos financeiros	1	1	10	11	20	20	14	32	30	43	21	29	25	95	82	100	101
IX Pasivos financeiros	851	2.048	1.340	1.373	1.476	2.507	1.700	1.657	2.031	1.387	1.768	1.692	2.361	1.763	1.586	1.389	1.615
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**852**	**2.049**	**1.349**	**1.384**	**1.496**	**2.527**	**1.714**	**1.690**	**2.061**	**1.430**	**1.789**	**1.721**	**2.386**	**1.858**	**1.668**	**1.490**	**1.716**
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	***10.910***	***10.837***	***9.826***	***9.812***	***9.436***	***10.233***	***9.743***	***10.263***	***10.982***	***10.724***	***11.544***	***11.822***	***13.397***	***13.118***	***14.167***	***15.168***	***15.740***

Dentro dos ingresos correntes, cómpre salientar a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partires de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema

de financiamento no cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Respecto ao orzamento consolidado do 2024 (axustado cos importes definitivos que se van recibir no ano 2024 procedentes do SFA), os ingresos correntes crecen en 393 millóns de euros debido fundamentalmente ao incremento nun 2,8% dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico polo efecto combinado do incremento nun 9,6% das entregas a conta e dunha caída da liquidación nun 46,4%.

O gráfico seguinte mostra a evolución do ingreso e do gasto corrente, en relación co aforro bruto. Tanto os ingresos correntes como o aforro bruto son variables claves para reforzar as políticas de gasto e o investimento.

Gráfico XVIII. Evolución ingreso e gasto corrente 2009-2025 en millóns de euros.



Esta evolución dos ingresos leva o gasto corrente total ata case os 11.000 millóns de euros, o dato máis alto dos orzamentos da comunidade autónoma.

Respecto aos ingresos non financeiros, o orzamento prevé un gran esforzo investidor para seguir dinamizando a economía, cunha previsión para os ingresos de capital no entorno dos 1.300 millóns de euros por cuarto ano consecutivo.

Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

De seguido, recollese un cadro ilustrativo coa evolución da capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partires dos ingresos non

financeiros e ingresos do capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios neste gráfico, a capacidade completase co endebedamento neto de cada período.

Gráfico XIX. Capacidade de gasto total agás amortización débeda. 2009-2025. Millóns de euros



Dentro da senda mostrada as dispoñibilidades para gasto total agás a amortización de débeda acadan os 14.125 millóns de euros no ano 2025, a maior da serie en consonancia de novo co esforzo financeiro que se está a realizar.

VI.2.2. Gastos

O orzamento consolidado de gastos recolle tamén a evolución dende 2009. Cómpre sinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba no capítulo IV como participación dos concellos nos tributos do Estado pasa a ter nese ano carácter extraorzamentario polo que resulta axustada en toda a serie para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados, así mesmo tamén se eliminan a efectos comparativos os gastos financiados con FEAGA nos que a Xunta actúa de mero intermediario, por ese mesmo motivo e seguindo as recomendacións do Consello de Contas.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro, destácanse claramente tres etapas na evolución do gasto:

- unha crecente, correspondente á fase expansiva ata 2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acada os 10.544 millóns de euros,
- outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no período 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.343 millóns de euros nese último ano,

- e unha ultima de recuperación dende o orzamento de 2014 ata o actual, na que este medra ata os 10.149 millóns de euros no orzamento para 2020, e experimenta un crecemento moi importe nos seguintes anos ata os 13.953,9 millóns de euros, a cifra máis alta da nosa historia.

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partires do 2010, porén dende o 2015 invertese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros, situación que repítese nos exercicios no 2016-2021, e no 2022 consolidase esta tendencia diminuíndo o gasto financeiro en 278 millóns de euros con respecto a 2014, ata chegar a 74 millóns de euros, momento no que comezan a crecer ata os 214,2 millóns de euros previstos para o ano 2025, como consecuencia da subida dos tipos de xuros.

Cadro III. Galicia. Orzamento consolidado de gastos. Datos homoxeneizados

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024*	2025
GASTOS																	
I Gastos de Persoal	3.692	3.773	3.627	3.609	3.391	3.367	3.382	3.567	3.681	3.762	3.889	4.031	4.306	4.327	4.594	4.898	5.147
II Gastos en bens correntes e servicios	1.416	1.381	1.353	1.384	1.376	1.364	1.388	1.483	1.634	1.724	1.783	1.840	2.013	1.984	2.145	2.244	2.321
III Gastos financeiros	148	157	198	295	299	352	336	271	235	170	165	143	100	74	111	200	214
IV Transferencias correntes	2.430	2.471	2.322	2.239	1.970	1.941	1.960	2.015	2.161	2.222	2.320	2.411	2.596	2.642	2.953	3.102	3.277
Total operacións correntes	**7.686**	**7.782**	**7.500**	**7.527**	**7.036**	**7.024**	**7.066**	**7.335**	**7.712**	**7.878**	**8.158**	**8.424**	**9.015**	**9.027**	**9.803**	**10.443**	**10.959**
V Fondo de Continxencia	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45	314	17
Total fondo de continxencia	**99**	**62**	**78**	**76**	**85**	**105**	**125**	**52**	**37**	**39**	**39**	**33**	**45**	**45**	**45**	**314**	**17**
VI Inversións Reais	1.439	1.251	805	782	711	666	700	777	841	881	911	929	1.535	1.442	1.575	1.602	1.684
VII Transferencias de Capital	1.320	1.108	720	704	604	548	496	593	631	688	741	762	968	1.113	1.197	1.241	1.294
Total operacións de capital	**2.759**	**2.359**	**1.525**	**1.486**	**1.315**	**1.214**	**1.196**	**1.370**	**1.473**	**1.570**	**1.652**	**1.691**	**2.503**	**2.554**	**2.772**	**2.843**	**2.978**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**10.544**	**10.203**	**9.102**	**9.089**	**8.436**	**8.343**	**8.388**	**8.757**	**9.222**	**9.487**	**9.850**	**10.149**	**11.563**	**11.627**	**12.620**	**13.600**	**13.954**
VIII Activos Financeiros	120	118	307	176	166	140	147	153	152	161	164	154	244	220	227	240	232
IX Pasivos Financeiros	246	516	417	548	834	1.750	1.208	1.353	1.608	1.076	1.531	1.519	1.590	1.270	1.320	1.329	1.555
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**366**	**634**	**723**	**723**	**1.000**	**1.890**	**1.355**	**1.506**	**1.761**	**1.237**	**1.695**	**1.673**	**1.834**	**1.491**	**1.547**	**1.568**	**1.787**
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	***10.910***	***10.837***	***9.826***	***9.812***	***9.436***	***10.233***	***9.743***	***10.263***	***10.982***	***10.724***	***11.544***	***11.822***	***13.397***	***13.118***	***14.167***	***15.168***	***15.740***

O cadro anterior mostra a evolución das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados desde o ano 2009 ata 2025, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Os capítulos I e II de gasto aumentan co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos, nas contas do ano 2025 suben en 325,8 millóns respecto do orzamento do ano 2024.

As transferencias correntes tamén pasan a acadar o nivel mais alto da serie, acadando a cifra de 3.276,9 millóns de euros, motivado polas medidas de apoio as familias e aos sectores estratéxicos, polo desenvolvemento da Lei de Dependencia e o apoio ás políticas de familia e de inclusión tentando garantir un apoio financeiro aos mais vulnerables.

O resultado é que se no ano 2008 o peso do gasto corrente acadaba un 72,4% do gasto non financeiro do orzamento consolidado, no 2025 este é do 78,5%.

O gasto en capital supera os 2.978 millóns de euros no ano 2025. Se se ten en conta o total gasto de capital orzamentado no período 2021-2025 este ascende a 13.649 millóns de euros, o que reflicte o esforzo realizado nos últimos anos no impulso ás políticas de fomento e aos investimentos produtivos para apoiar a reactivación económica e social.

O resto das partidas do orzamento, veñen condicionadas pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento libre da financiación de activos.

Na seguinte gráfica pódese apreciar o importante esforzo inversor efectuado no período 2021-2025 e a estrutura do seu financiamento. No ano 2025 o financiamento do gasto de capital realízase sen ter que recorrer, por segundo ano consecutivo ao endebedamento, de modo que o 56,9% finánciase con aforro bruto e o 43,1% con ingresos de capital.

Gráfico XX. Evolución do financiamento do gasto de capital 2014-2025



VI.2.3. Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados

realizados correspondentes ao período 2008-2023, última conta xeral da comunidade autónoma liquidada.

Compre salientar que todos os datos son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma, homoxeneizados deducindo as partidas que pasan a ser extraorzamentarias neste período (a participación das corporacións locais nos tributos do estado e o FEAGA).

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2008-2023 é a que segue:

Cadro III. Gastos Consolidados non financeiros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
GASTOS															
I Gastos de Persoal	3.899	3.823	3.725	3.441	3.447	3.451	3.560	3.668	3.749	3.845	4.066	4.278	4.492	4.664	4.920
II Gastos en bens correntes e servicios	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541	1.567	1.646	1.650	1.786	1.831	1.864	2.057	2.170	2.143	2.287
III Gastos financeiros	111	122	214	257	302	365	308	270	224	154	158	141	97	73	111
IV Transferencias correntes	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059	1.993	1.957	2.019	2.105	2.157	2.242	2.478	2.780	2.651	2.953
Total operacións correntes	**8.033**	**7.861**	**7.533**	**7.470**	**7.349**	**7.376**	**7.470**	**7.606**	**7.864**	**7.987**	**8.330**	**8.954**	**9.538**	**9.531**	**10.272**
V Fondo de Continxencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total fondo de continxencia	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**
VI Inversións Reais	1.258	882	681	660	627	526	750	692	681	682	688	810	860	883	1.210
VII Transferencias de Capital	1.036	780	540	581	488	439	528	350	388	439	506	600	627	548	897
Total operacións de capital	**2.294**	**1.663**	**1.221**	**1.241**	**1.115**	**965**	**1.278**	**1.041**	**1.069**	**1.122**	**1.194**	**1.409**	**1.487**	**1.431**	**2.107**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCERAS	**10.327**	**9.524**	**8.754**	**8.711**	**8.465**	**8.340**	**8.748**	**8.648**	**8.933**	**9.109**	**9.524**	**10.364**	**11.025**	**10.962**	**12.378**
VIII Activos Financeiros	134	132	113	196	130	168	141	176	127	130	393	159	257	163	165
IX Pasivos Financeiros	246	520	420	508	1.026	1.461	1.306	1.334	1.756	1.034	2.710	3.423	1.602	1.438	1.611
TOTAL OPERACIÓNS FINANCERAS	**380**	**652**	**532**	**704**	**1.155**	**1.629**	**1.447**	**1.510**	**1.883**	**1.164**	**3.103**	**3.582**	**1.859**	**1.601**	**1.776**
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	***10.707***	***10.175***	***9.286***	***9.415***	***9.620***	***9.969***	***10.195***	***10.158***	***10.816***	***10.273***	***12.628***	***13.946***	***12.884***	***12.562***	***14.155***

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2023 representou o 83% do gasto non financeiro total, case 4 puntos menos que no ano anterior. Esta caída débese ao forte incremento experimentado polos gastos de capital. O gasto financeiro, a pesar do seu aumento debido aos tipos de xuro, destaca o seu mantemento en mínimos cun valor de 111 millóns de euros (o segundo importe máis baixo de toda a serie).

Dende o ano 2008 ata o 2021 o incremento do gasto corrente foi de 2.721 millóns de euros un 36% máis.

En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2022 representou o 17% do gasto non financeiro total, o que supón un forte incremento respecto ao ano anterior, xa que o seu importe superou os 2.107 millóns de euros, un 47,3% máis que no ano anterior. De xeito que desde a pandemia (2020-2023) a Xunta de Galicia investiu un importe total de 6.434 millóns de euros.

Cadro IV. Gastos de capital (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros



No que atinxe ao seu financiamento do gasto de capital o 52,4% procede de fondos propios xerados co aforro corrente, 1.105 millóns de euros (debido ao seu forte incremento experimentado xa que máis que duplicouse respecto ao ano anterior), e un 37,4% dos ingresos de capital e o resto co recurso ao endebedamento.

En canto á composición do financiamento dos investimentos nos últimos 13 anos, pódese apreciar como muda radicalmente e como diminúe de forma continua tanto os fondos finalistas do Estado e o Fondo de Compensación Interritorial nos PGE, tradicional fonte de financiamento para cohesionar a capacidade de investimento dos diferentes territorios cuxa evolución non deixa de baixar dende a grande crise, en cambio pode verse como o financiamento procedente dos fondos europeos crece de forma moi importante desde a pandemia, pasando do 20,2% no ano 2020 ao 34,2% no ano 2023.

Cadro V. Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %

Ratio Investimento por fonte	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
% Financiamento FCI/ Investimento Real	9,9%	6,8%	6,6%	7,0%	5,4%	5,1%	4,5%	4,6%	4,3%	2,4%	3,2%	2,3%
% Financiamento Fondos Propios/ Investimento Real	70,5%	68,9%	69,0%	68,7%	70,8%	72,8%	74,8%	73,5%	72,6%	69,3%	58,1%	61,6%
% Financiamento Finalistas do Estado/ Investimento Real	4,3%	2,3%	1,8%	1,9%	2,1%	1,9%	1,0%	1,6%	1,4%	0,8%	0,9%	1,4%
% Financiamento Fondos Europeos/ Investimento Real	15,1%	21,5%	21,8%	22,4%	21,7%	20,1%	19,6%	19,9%	20,2%	26,8%	37,0%	34,2%
% Outras transferencias finalistas/ Investimento Real	0,2%	0,5%	0,7%	0,1%	0,0%	0,1%	0,1%	0,4%	1,6%	0,7%	0,8%	0,6%
Total	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**	**100,0%**

En canto a evolución do gasto non financeiro total, no ano 2009 o seu importe ascendeu a 10.327 millóns de euros, o que supoñía o máximo histórico ata o dito momento. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volta a producir nos anos

2011 a 2014. No 2015 comeza unha nova etapa do crecemento do gasto non financeiro consolidado que crece de xeito continuado ata os 11.025 millóns de euros no 2021, superando o máximo alcanzado no ano 2009, a causa dos gastos extraordinarios derivados da crise sanitaria da COVID-19, por último, no ano 2023 prodúcese un incremento moi importante do gasto non financeiro, concretamente dun 12,9% respecto ao ano anterior.

No que atinxe aos ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2008-2023 amosa unha evolución aínda mellor, tanto en termos absolutos como no seu contido ao basearse nun crecemento sólido do ingreso corrente, tal e como pode apreciarse no seguinte cadro:

Cadro VI. Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
INGRESOS															
I Impostos directos	1.737	1.385	2.050	2.020	2.023	1.998	2.089	2.262	2.375	2.385	2.491	2.782	2.732	2.884	3.485
II Impostos indirectos	2.119	1.874	2.690	2.733	2.892	3.141	3.151	3.222	3.304	3.468	3.400	3.406	3.351	3.084	3.757
III Taxas, prezos e outros ingresos	262	248	256	166	180	186	204	177	171	181	197	174	191	198	230
IV Transferencias correntes	5.019	4.364	2.460	2.402	2.290	1.935	2.209	2.375	2.537	2.712	2.762	3.613	4.109	3.826	3.857
V Ingresos patrimoniais	29	19	23	25	41	29	14	19	12	11	12	17	12	23	47
Total operacións correntes	**9.165**	**7.890**	**7.479**	**7.346**	**7.425**	**7.288**	**7.668**	**8.055**	**8.400**	**8.757**	**8.863**	**9.992**	**10.395**	**10.015**	**11.376**
VI Alleamento de investimentos reais	66	22	24	16	17	11	8	8	4	4	16	4	5	5	4
VII Transferencias de capital	760	649	558	464	478	396	644	227	286	445	422	343	428	673	784
Total ingresos de capital	**826**	**671**	**582**	**480**	**495**	**407**	**652**	**235**	**290**	**449**	**438**	**346**	**434**	**677**	**788**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	**9.991**	**8.561**	**8.060**	**7.826**	**7.920**	**7.695**	**8.319**	**8.290**	**8.690**	**9.206**	**9.301**	**10.339**	**10.829**	**10.692**	**12.165**
VIII Activos financeiros	16	7	4	33	26	26	33	35	35	44	30	33	24	18	16
IX Pasivos financeiros	936	1.822	1.293	1.624	1.909	2.221	1.752	1.882	2.218	1.194	2.971	3.645	2.304	2.141	1.799
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**953**	**1.830**	**1.298**	**1.657**	**1.935**	**2.247**	**1.785**	**1.916**	**2.253**	**1.239**	**3.002**	**3.679**	**2.328**	**2.159**	**1.815**
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	***10.944***	***10.391***	***9.358***	***9.483***	***9.855***	***9.942***	***10.104***	***10.206***	***10.943***	***10.445***	***12.303***	***14.017***	***13.157***	***12.851***	***13.979***

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2014 respecto ao máximo de 2009 en 1.877 millóns de euros un 20,5% menos. No 2021, supérase o chan acadado no 2014 ata chegar aos 10.395 millóns de euros no ano 2021 (debido en gran parte as transferencias extraordinarias para combater os efectos da pandemia) e no ano 2023 volver a crecer con forza ata chegar aos 11.376 millóns de euros, un 13,6% máis que no ano 2022.

Dende o 2011 esta masa financeira amosaba unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros, tras unha baixa anómala no 2014 (que explica a importante liquidación do sistema de financiamento no 2016), aumentan no 2015, e crecen con forza no 2016-2018, e máis modestamente no 2019, de novo debido a unha liquidación anormalmente baixa do SFA, neste caso debida ao efecto non compensado do SII do IVE. Nos anos 2020-2023 os ingresos correntes crecen de xeito moi importante como consecuencias das transferencias extraordinarias debidas á pandemia e polo forte incremento da recadación tributaria dos últimos anos

No que se refire á evolución dos ingresos non financeiros, logo de sufrir o impacto da grande crise no período entre 2010-2014, no que baixan 1.430 millóns de euros, se recuperan no 2020 ata os 10.339 millóns de euros, volvendo a subir con forza no ano 2023 ata os 12.165 millóns de euros.

No que refire ao aforro corrente, ás abruptas caídas de ingresos da grande crise inhabilitaron a capacidade de xerar aforro corrente, chegando este a ser negativo ata en tres ocasións no período de crise, e non sendo ata 2015 que se inicia unha sólida senda de crecemento de xeito que nos anos 2020, 2021 e 2023 o aforro bruto sitúase no entorno dos 1.000 millóns de euros, debido principalmente ao forte incremento dos ingresos correntes.

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: no ano 2007 conseguiuse pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a 963 millóns de euros.

Despois dun superávit extraordinario no ano 2018, o saldo non financeiro volta a ser lixeiramente deficitario no período 2019-2023, de modo que no ano 2023 pechouse cun déficit orzamentario de -214 millóns de euros.

VI.3. Transparencia

A Lei 2/2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19.5, adicado a instrumentación do principio de transparencia, que "Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario".

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado (2023) e das previsións incluídas no presente orzamento para os anos 2024 e 2025. A ratio da débeda PIB dos anos 2018 a 2023 é a publicada polo Banco de España, para calcular a previsión da ratio dos anos 2024 e 2025 aplícase ao dato de PIB de Galicia publicado polo INE as previsións de incremento do PIB nominal incluídas no cadro económico incorporado neste informe.

Cadro VII. Ratios orzamentario-financeiros (en euros e en %)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024*	2025
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-0,4%	-0,1%	-0,1%	-0,6%	-0,1%	0,0%	0,0%
Capacidade (+)/ Necesidade (-) de Financiamento (M€)	-281	-73	-87	-400	-88	0	0
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	116,8	136,3	193,3	181,7	198,9	143,3	206,6
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	14,8%	17,7%	17,4%	15,7%	16,5%	17,3%	17,0%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	19,7%	23,8%	20,4%	18,0%	18,9%	19,3%	19,1%
Ratio Investimento por habitante	255,0	299,7	319,3	328,2	448,7	594,2	620,6
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.528,2	3.835,9	4.092,2	4.074,2	4.591,1	5.044,1	5.170,2
Débeda Pública (M€)	11.314,8	11.537,9	11.715,2	11.977	12.170	11.937	12.021
Ratio Débeda - PIB (%)	17,5%	19,5%	18,2%	16,8%	15,7%	14,6%	14,1%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	125,6%	113,7%	110,9%	116,0%	108,7%	96,7%	94,4%
Débeda por Habitante	4.191,4	4.270,4	4.348,2	4.451,6	4.513,8	4.427,2	4.458,6
Risco comprometido por avais (M€)	31,5	30,6	16,1	18,3	6,8	2,8	1,5
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado (M€)	2.478,7	2.335,1	2.194,1	2.050,6	1.906,3	1.768,8	1.628,8

Fonte: Consellería de Facenda e Administración pública

En canto á necesidade de financiamento no exercicio 2025 espérase, por segundo ano consecutivo, que as contas públicas pechen en equilibrio orzamentario.

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das CCAA, pódese apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permitiron unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en máis estabilidade na dotación das diferentes políticas de gasto a igual esforzo de redución do déficit da media das CCAA, o que xa permitiu rematar antes a senda de consolidación fiscal e xerar máis marxe de manobra fronte a posibles continxencias, como aconteceu durante a pandemia, no que Galicia mantivo unhas finanzas estables sen ter que facer esforzos de consolidación adicionais.

Gráfico XXI. Senda consolidación fiscal 2009-2023



Fonte: IGAE

E no seguinte gráfico analízase a senda de consolidación de todas as administracións, no que pode verse como xurde con forza un novo actor na determinación das necesidades de financiamento do sector público, os fondos da seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro polo desaxuste financeiro do sistema contributivo, esta situación ven condicionando os repartos de obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende o ano 2013, de xeito que desde o ano 2016 ata o ano 2023 o déficit acumulado pola SS ascende a un 10% do PIB mentres o das CCAA a un 4%.

Gráfico XXII. Senda de consolidación fiscal AAPP 2009-2023



Fonte: IGAE

E sen ter en conta que desde o ano 2020 o Estado incrementou nuns 25.000 millóns de euros a transferencia que realiza todos os anos a Seguridade Social, pasando duns 15.000 millóns a 40.000 millóns de euros.

No que atinxe aos investimentos reais das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma que non forman parte do orzamento administrativo, no ano 2022 estes investimentos ascenderon a 181,7 millóns, no 2023 creceron ata 198,9 millóns, no 2024 diminuíron ata os 143,3 millóns e para o ano 2025 estímase que volvan aumentar ata os 206,6 millóns de euros.

En canto ás diferentes ratios de gasto; a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, mantense no entorno do 19% durante os anos 2023-2025. A ratio relativa ao gasto non financeiro mantense no entorno do 17%, cunha leve diminución desde o 17,3% no ano 2024 ao 17% no ano 2025, debido a que o incremento esperado para o PIB: un 4,4% é superior ao incremento do gasto non financeiro: un 2,5%.

En canto o nivel de Débeda Pública (calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo), a finais do ano 2023, como se ten sinalado na parte de débeda, acadou o importe de 12.170 millóns de euros e prevese que a finais do ano 2024 sexa de 11.936 millóns, esta diminución en 304 millóns de euros é consecuencia fundamentalmente do rescate das autopistas do Salnés, do Barbanza, de Ourense-Celanova e de Santiago-Brión (que como se verá máis adiante tamén ten impacto nos compromisos pendentes por emprego de formulas de pago adiado), e a previsión para 2025, coherente co orzamento que se presenta, é de que remate o dito ano en 12.021 millóns, o que suporá un incremento da mesma de 84,8 millóns que reflicten que por segundo ano consecutivo a Comunidade

Autónoma de Galicia non recorrerá ao endebedamento para financiar as súas políticas de gasto (agás o incremento debido ao importe das liquidación negativas).

A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

En canto a evolución da ratio débeda/PIB, o último dato publicado polo Banco de España correspondente ao segundo semestre do ano 2024, é dun 16,3% e a previsión, dimanante tanto da evolución prevista da débeda pública como do PIB nominal, é que a ratio débeda-PIB se reduza ata o 14,6% a finais do ano 2024 e que peche o ano 2025 no 14,1%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes, no ano 2024 dita relación prevese que remate nun 96,7%, e no ano 2025 a dita ratio reducirase ata o 94,4% debido a que o endebedamento apenas aumento (un 0,7%) en cambio estímase que os ingresos correntes medren máis, concretamente nun 3,2%. De xeito que nos últimos anos debido ao incremento tan importante dos ingresos correntes, moi superior ao incremento da débeda pública a dita ratio diminuíu con moita forza, xa que mentres no ano 2014 a ratio era de 135,5% espérase que diminúa ata o 94,4% no ano 2025, é dicir, 41,2 puntos porcentuais menos.

Gráfico XXIII. Senda Ratio Débeda pública vs ingresos correntes 2014-2025



O mantemento dunha senda en parámetros aceptables, de acordo coas rexións máis solventes da nosa contorna, así como o cumprimento dos obxectivos e regras fiscais non son un fin en si mesmo, senón a vía para aumentar a solvencia dos galegos -como mostra a seguinte gráfica que reflicte a menor débeda per cápita dos galegos respecto a outras

CCAA e, en última instancia a mellor garantía da sostibilidade dos servicios públicos e de reserva de marxe de manobra no caso de ter que afrontar circunstancias adversas.

De seguido referimos ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, respecto do límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano, remitindo a respectiva Lei de Orzamentos.

Neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2025 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o dito exercicio será de 30 millóns de euros, de seguido establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2025, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros e, por último o IGVS tamén pode conceder avais por un importe máximo de 5 millóns de euros, con destino a compra da primeira vivenda para menores de 36 anos ou para a compra de vivenda protexida sen límite de idade, cun límite máximo do 20% por cento do prezo da compravenda.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase por enriba do límite autorizado na Lei de orzamentos (535 millóns de €) e ao risco vivo por avais estimado a peche de 2024: 2,8 millóns de euros. Para o ano 2025 estímase que as operacións de concesión de novos avais e amortización de vencementos rebaixen substancialmente o risco comprometido por avais polo IGAPE situándose en torno aos 1,5 millóns de euros.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información tamén figura na Memoria I.

No mes de outubro de 2024 a Xunta de Galicia e as concesionarias das autopistas do Salnés, do Barbanza, de Ourense-Celanova e de Santiago-Brión, chegaron a acordo mediante o cal se procederá ao rescate da concesión. Esta operación que se valora nun importe de 297 millóns de euros suporá que a Xunta deixará de pagar, polo canon comprometido ata o final das concesións, un importe de 641,1 millóns de euros, o que supón un aforro para a Xunta de 344,1 millóns de euros nos orzamentos dos vindeiros anos.

A táboa seguinte mostra que, tras a realización do rescate, os importes pendentes por compromisos derivados das colaboracións público-privadas a partir do 2025 serían de 1.127,7 millóns de euros:

Cadro VIII. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública (miles euros)			
PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL	SERGAS	
	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	199.413	315.228	
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS			
ANO	Investimento	Canons	Investimento
2025	27.452	26.563	38.945
2026	28.138	26.650	38.848
2027	28.842	31.230	33.811
2028	29.563	31.333	33.697
2029	30.302	29.235	36.005
2030	31.059	29.332	35.898
2031	31.836	29.429	35.792
2032	32.632	29.526	35.684
2033	33.448	24.596	41.108
2034	34.284	23.582	42.223
2035	35.141	17.309	30.884
2036	36.019		
2037	36.920		
2038	10.368		
2039			
2040			
Total	426.003	298.784	402.895

No caso de non ter realizado o rescate destas autopistas os compromisos que estaban pendentes de pagamento coas concesionarias e o que se detalla no seguinte cadro

Cadro IX. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública (sen rescate)

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública (miles euros)							
PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS	
	AG-56 Santiago-Brión - As Galanas(N-550)-Pardiñas (AG-56)	Vía rápida VRG-4.1 O Salnés	Vía Rápida do Barbanza. VRG-1.1	A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	103.340	43.960	93.830	95.920	199.413	315.228	
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS							
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento
2025	15.543	7.456	13.183	10.918	27.452	26.563	38.945
2026	16.126	7.747	13.855	11.165	28.138	26.650	38.848
2027	16.777	8.045	14.551	11.409	28.842	31.230	33.811
2028	17.452	8.383	15.299	11.685	29.563	31.333	33.697
2029	18.206	8.683	16.072	11.892	30.302	29.235	36.005
2030	18.885	9.025	16.899	12.112	31.059	29.332	35.898
2031	19.643	9.375	17.756	12.331	31.836	29.429	35.792
2032	20.430	9.760	18.638	12.585	32.632	29.526	35.684
2033	21.313	10.110	19.584	6.707	33.448	24.596	41.108
2034	21.959	10.497	20.560	6.826	34.284	23.582	42.223
2035	15.987	7.708	21.600	6.941	35.141	17.309	30.884
2036			8.213	7.080	36.019		
2037				7.182	36.920		
2038				7.303	10.368		
2039				7.429			
2040				2.256			
Total	202.321	96.791	196.209	145.821	426.003	298.784	402.895

No ano 2025 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do devandito ano será de 1.034,7 millóns de euros.

Cadro X. ANEXO: Investimentos reais das empresas públicas. Miles de €

	ENTIDADES	INVERSIÓNS REAIS 2025 (Miles de euros)
406	Portos de Galicia	14.604
412	Augas de Galicia	92.865
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.163
502	Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	300
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	16
515	Consorcio extensión universitaria e divulgación ambiental	23
516	Consorcio de abastecemento de auga en Cervo e Buerela	0
517	Consorcio Casco Vello de Vigo	1.634
519	Consorcio Local dos Peares	2
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	0
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	4.250
417	Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	0
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	1.723
604	Fundación Galicia Europa	5
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	4
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0
608	Fundación Pública Artesanía de Galicia	2
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	48.614
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	46
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	21
615	Instituto Feiral de A Coruña	0
616	Instituto Feiral de Vigo	60
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	256
652	Fundación Deporte Galego	10
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0
656	Fundación Galega de Formación para o Traballo	3
660	Fundación Camilo José Cela	0
662	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC	627
663	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1.200
664	Fundación Museo do Mar	0
665	Fundación Biomédica Galicia Sur	850
667	Fundación Centro Tecnolóxico do Granito	0
702	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	406
706	Sociedad Pública de Investimentos de Galicia	1.520
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	0
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	25
709	Galicia Calidade, S.A.U.	0
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	570
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	0
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	960
717	Xenética Fontao, S.A.	334
718	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios	3.214
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	20.840
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	20
729	Corporación Radio Televisión , S.A.	10.450
	TOTAL	206.616